UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MÁSTER OFICIAL EN MIGRACIONES INTERNACIONALES

TRABAJO FIN DE MÁSTER DEL CURSO ACADÉMICO 2012/2013

.

BERNARDO MATO, UN MESTRE SILENCIADO

DA EMIGRACIÓN GALEGA Á II REPÚBLICA: ANÁLISE DUN PROCESO MOBILIZADOR

IRIA MORGADE VALCÁRCEL

Tutor académico: José María Cardesín Díaz

Convocatoria de septiembre de 2013

ÍNDICE

Resumo 4
PRIMEIRA PARTE 6
1.Introdución 6
2.Obxectivos e hipóteses 7
3.Marco teórico 9
4.Material e método 12

SEGUNDA PARTE 16
Resultado 16
Capítulo 1: O nacemento de Bernardo Mato na Galiza da Restauración 16
1.1.Galiza no cambio de século: unha economía entre dous mundos 17
1.2. O réxime da Restauración: a Galiza dos caciques 19

Capítulo 2: De seminarista a emigrado en Cuba 23
2.1. Funxindo cara América 23
2.2. A emigración galega a América 25
2.3. Cuba: a desexada panacea do labrego galego 26
2.4. Bernardo Mato en Cuba: entre os estudos e as novas políticas 28

Capítulo 3: O regreso á Estrada 30
3.1. A vida na Estrada, traballo e estudos 30
3.2. O asociacionismo galego en América: as sociedades de instrución 31
3.3.O agrarismo: unha aproximación 39
3.4. A Estrada: entre o caciquismo e o espertar agrario. 41
3.5. Agrarismo e emigrados: viaxes de ida e volta 46

Capítulo 4: De volta á Habana (1920/21-1922) 48
4.1. O seu labor alén do mar 48
4.2. El Emigrado: xornal independente. Os seus primeiros artigos 51

Capítulo 5: O retornado, o dirixente agrario (1922-1923) 53
5.1. Na política estradense 53
5.2. O seu labor educativo á volta da emigración 59
5.3. Camiño da utopía: análise do seu pensamento político 60

Capítulo 6: Un terrible golpe. Primo de Rivera no poder 63
6.1. Contexto xeral 63
6.2. O mestre 64
6.3. Xaneiro do 27: a familia de Bernardo Mato 65
6.4. O escritor 65

Capítulo 7:Fin da ditadura. Unha nova oportunidade 66
Capítulo 8: A Segunda República: aquel fermoso soño 69
8.1. O reto da utopía 69
8.2. O seu labor educativo: as Misións Pedagóxicas 71
8.3. A escola de Teo: o seu templo de Minerva 72
8.4. O seu labor sindical. ATE 74
8.5. O seu labor político: USG 75

Capítulo 9: Morte 80
9.1. A limpeza política: o asasinato 80
9.2. A depuración do Maxisterio 83

Capítulo 10:Unha longa noite de pedra 85
10.1.A vida despois daquela morte 85
10.2. A vida nos seus fillos 86
10.3. Bernardo Mato nos seus fillos 86
10.4. A represión franquista: silencio ou esquecemento 87
10.5. “As lembrazas do meu avó” 91
10.6. A modo de conclusión 94

CONCLUSIÓNS 95

BIBLIOGRAFÍA 101

ANEXOS 104

RESUMO

Bernardo Mato Castro mestre represaliado tralo golpe de estado do 36, morto a causa das feridas internas que lle causa a malleira recibida por un grupo de falanxistas. Bernardo Mato Castro, figura silenciada e escurecida durante décadas. Neste traballo tentamos reconstruír a súa historia.

Nado no medio da crise finesecular que atravesa Galiza en 1887 emigra a Cuba fuxindo da chamada a listas do exército, o que implicaría a participación na sanguiñolenta Guerra de Marrocos.

Bernardo Mato forma parte da dirección da colectividade estradense na Habana, participando no movemento de renovación pedagóxica iniciado dende a emigración. Implicado na modernización do sistema educativo a través das sociedades de instrución.

Bernardo, emigrado retornado, regresa á Estrada (o seu municipio natal) como parte daquela elite intelectual que se revela como cúpula do movemento agrario. Un movemento agrario que consolida o proceso de mobilización política do primeiro terzo do século XX en Galiza.

Bernardo, baluarte do anticaciquismo e antiforismo característico da época, evoluciona ao republicanismo que antecede a proclamación da Segunda República.

Da dirección da Federación Agraria da Estrada á fundación do Partido Progresista Anticaciquil, dende Unión Socialista Gallega e tamén dende a Asociación de Trabajadores de la Enseñanza Bernardo participa moi activamente nas diferentes fases do momento de efervescencia social que caracteriza ao seu período histórico.

Culto, intelectual, escritor e innovador pedagóxico serán algúns dos adxectivos cos que os seus contemporáneos o describan

Bernardo Mato, un mestre que dende as páxinas dos xornais pero tamén dende a súa propia escola, avogaba pola consecución dunha educación diferente. Afastada daquela memorística e precaria do seu presente, defendendo a educación de calidade nos lugares máis remotos da xeografía galega. Reivindicándoa como instrumento fundamental de transformación social.

Bernardo Mato Castro, morto no 36. As causas da súa morte serán reprimidas durante décadas. Fillos e netos descoñecerán a verdadeira razón da súa morte. O silencio reinará na familia, cunha escuridade case total, no que o activismo político de Bernardo suprímese no recordo compartido.

A represión exercida polo réxime franquista neutraliza a mobilización política anterior á ditadura pero non consegue que a nivel familiar non perduren certas ideas

ou valores. Deste xeito fillos e netos representan unha continuación das metas que perseguía o seu devanceiro.

A memoria histórica adoeceu durante décadas, co baleiro que deixou historias como a de Bernardo.

Con este pequeno traballo, reconstruímos unha parte da identidade colectiva perdida. Reescribindo a historia con maiúsculas...

A historia da represión coa morte de Bernardo.

A historia da acción colectiva coa súa vida.

Unha historia, unha pequena gran historia que nos fala de educación, sempre.

Bernardo sobreviviu ao tempo e a represión como mestre, sempre.

PRIMEIRA PARTE

1. INTRODUCCIÓN

"Historias sobre mi abuelo fueron enriqueciendo mi infancia y rodeándolo de aura heroica y misteriosa a la vez. Junto con esas historias también apareció el franquismo y la guerra civil. Los soldados llegando a cualquier hora de la noche, el obligatorio y humillante saludo que todos debían hacerles, "viva Franco arriba España" so pena de pasar a engrosar la lista de los desaparecidos. Los disparos que se oían en el monte a la noche, y la certeza de que al otro día alguien no estaría en el pueblo. El hambre como un fantasma, la solidaridad de los vecinos para con mi abuela viuda y con cuatro hijos. Los recuerdos van surgiendo desordenados, un primo que llegó a la casa de la guerra, sus cuentos de ríos llevando cuerpos, el agua roja, los piojos que lo atormentaban y que costó sacarle. Y los falangistas siempre, falangistas en el pueblo, el miedo a que los denunciaran."

Neto de Bernardo Mato

"A avoa ás veces, moi poucas, a propósito dalgún tema,agora imposible de recordar, mencionábao e dicía:" Bernardo…" Lembro que esas palabras na súa boca, polo extraordinario que era oírllas pronunciar, producían en min un efecto semellante ao que consegue un mago cando ante os ollos aglaiados duns nenos saca un coello da súa chistera: "Bernardo…", non podo lembrar o que viña despois, o que si lembro con absoluta claridade é como me gustaba oírlle dicir o seu nome. Era o nome do meu avó, un ser do que case nada sabía, pero que na miña mente infantil era unha especie de avó ideal, moi intelixente e elegante. A imaxe que tiña del estaba baseada nas poucas fotos que conservabamos, pero sobre todo naquela na que vestía traxe de indiano en Cuba e naqueloutra na que co rostro afable e cercano posaba ao lado da miña avoa no seu retrato de voda. Ese era o meu avó."

Neta de Bernardo Mato

Bernardo Mato, avó das testemuñas que acabamos de ler, foi un mestre represaliado durante o golpe de estado de 1936 que derivou nunha ditadura de corenta anos.

A súa figura saíu a luz durante os anos 2006 e 2007 cando a través de diferentes estudos e grazas o traballo de investigadores como Xoan Carlos Garrido coñecéronse públicamente as causas reais da súa morte: unha malleira a mans dos falanxistas.

A familia de Bernardo acudiu a unha homenaxe realizada en Teo, onde exercera de mestre Nacional ata a súa morte. Alí comprobaron a relevancia da súa figura. Unha relevancia agochada durante décadas. Como mestre, como innovador pedagóxico e tamén como activista político.

Ante a aínda escasa información que actualmente se coñece sobre Mato, neste traballo tentaremos achegarnos a súa vida a través dunha intensa investigación realizada nos meses anteriores.

Partíamos de varios datos xa pescudados (ademais dos xa mencionados): emigrara a Cuba, onde traballara no Centro Gallego, estivera inmerso na política local da Estrada (fundación dalgún partido, as fontes orais falaban do PSOE ou do Partido Republicano), para X.C. Garrido tiña que ter un papel de peso como representante do

republicanismo xa que fora o presentador dun importante mitin republicano na Estrada con grandes figuras do momento no ano 30.

2. OBXECTIVOS E HIPÓTESES

Esa nebulosa na que estivo a figura de Bernardo Mato durante tanto tempo abriunos o campo a formular os nosos obxectivos e as nosas hipóteses, seguindo as pistas que deixaba o escaso coñecemento sobre o mesmo, así xurdía a súa emigración a Cuba como cuestión a ter en conta á hora de analizar o seu traballo no campo educativo e o máis relevante: os camiños e avatares polos que nos levaría a investigación, camiños que aínda descoñecíamos...

1ºOBXECTIVO: indagar e profundizar no coñecemento de Bernardo Mato Castro. Poñerlle nome aos seus avances pedagóxicos, desentrañar as súas accións vitais e interesarnos polas causas destas.

2ºOBXECTIVO: a través desta investigación podernos achegar ao momento histórico vivido por Bernardo Mato. O por qué das súas accións mergullándonos no seu contexto vital.

3ºOBXECTIVO: a través da nosa investigación sobre unha das persoas que interactuou neste momento histórico podernos achegar a ese contexto e así aportar co noso traballo algo máis de luz e información sobre o mesmo.

Xa que, pensamos, a través dunha persoa podemos aportar información relevante para o estudo do conxunto. Dende o nivel micro (Mato) ao macro (dinámicas en Galiza do primeiro terzo do século XX).

4º OBXECTIVO: Deste xeito tentaríamos dende o nivel *micro* darlle voz aos esquecidos. As familias que non saben dos seus familiares. A nivel *macro* tentamos que a través do coñecemento destes poidamos profundizar no contexto xeral: na mobilización política dese momento.

Así dende a perspectiva das ciencias sociais nos aproximaríamos ás dinámicas da sociedade pasada que é, sen lugar a dúbidas, relevante para poder entender a sociedade presente.

Somos conscientes da relevancia de numerosos estudos sobre a época. Pero aínda así a labor dos investigadores queda sobrepasada pola cantidade de información que queda por investigar. Que non se pode tocar, simplemente porque é demasiada. Deste xeito tentaríamos cubrir un oco de información. Un pequeno oco que como xa dixemos axudaría a entender o global. O cal cremos relevante estudar debido a relevancia como movemento social e político innovador e progresista, que non ten aínda o papel histórico que merece.

Deste xeito teríamos o noso derradeiro obxectivo.

5ºOBXECTIVO: indagar sobre as causas deste descoñecemento. O cal, xa nun primeiro momento, indúcenos a pensar na represión que viu da man da ditadura militar franquista e que non se arranxou dunha forma satisfactoria durante a transición española.

Deste xeito, segundo o obxectivo teríamos diferentes preguntas de investigación, que xa albergan unhas hipóteses que irán madurando durante a investigación ata o punto final que comprenden as conclusións deste traballo.

Preguntas de investigación

-¿Quen foi Bernardo Mato?

-¿Como influíu a época na que viviu a Bernardo Mato e como el puido influír nesa época?

-¿Cales foron as condicións para que se producise a mobilización social e política nese momento e non noutro? Cal foi, polo tanto, o clima que fixo posible que homes coma el quixeran cambiar o país?

-¿Cal foi a influencia da emigración no desenvolvemento do movemento político e social en Galiza neste período?

-¿Existen agora posibilidades de que se produza algo semellante?

-¿Cal foi a dinámica da represión franquista e cales os seus efectos na sociedade actual?

-¿Que foi o que sobreviviu de Bernardo Mato nos seus descendentes?¿Que filtro deixou a represión? ¿ Como os ideais políticos e os valores traspásanse de pais a fillos aínda con procesos de represión polo medio? (caso da familia estudada).

Bernardo Mato será pois o noso exemplo. O noso sendeiro para internarnos no coñecemento da época, das reflexións do presente, da represión permanente...

E o noso obxectivo primordial, polo tanto,non será engrandecer ou demostrar o protagonismo de Mato Castro senón facer palpable o silencio que aínda hoxe en día reina sobre moita xente daquela época. Tentando coñecer as causas deste silencio (nesta democracia post aquela reconciliación ficticia) e combaténdoo, Combaténdoo mediante toda a información que aquí queremos amosar.

Polo tanto queremos con este traballo romper a represión que viviron familias como a de Bernardo Mato durante décadas.

Activando a memoria. E non só a do momento represivo senón a da outra represión. A que levou ao “esquecemento”do que fixeron agraristas, mestres, republicanos, emigrados...

Loitando así contra a peor das represións: a da memoria colectiva.

Loitando porque nela volvan entrar uns movementos sociais que foron suprimidos con sangue e violencia dela.

E así como di Ana Cabana: a memoria colectiva, esa tolleita e gris que temos agora, anonimizou ás vítimas. De aí a relevancia deste traballo: a de por nome. Aínda que só sexa un nome. Aínda que existan aínda mil nomes máis por descubrir. (Cabana, 2006)

E polo tanto urxe formular unha pregunta, ao aire, que sobrevoe todo o traballo: ¿Como se le a súa loita no contexto actual, no que existe outro tipo de sistema corrupto e no que a sociedade está practicamente desmobilizada?

Polo tanto, e para rematar. Este traballo confórmase de dúas liñas de estudo que se fiarán dunha forma conxunta: Por un lado análise e reflexión sobre a actuación de Bernardo Mato e a súa época e por outro análise e reflexión do efecto da represión e da desmemoria colectiva.

Por último sinalar que a formulación destas preguntas de investigación e non doutras (quizais que fosen máis atinadas) ten que ver co escaso coñecemento sobre o tema co que contamos de partida. (non eramos expertos nesta temática).

3. MARCO TEÓRICO

Parte relevante da investigación realizada compúxoa a revisión bibliográfica e a conformación dun marco teórico sobre o que movernos, unha base o máis sólida posible de coñecementos, hipóteses e teorías sobre a que poder comezar a camiñar por nós mesmos.

O marco teórico no que nos moveremos comprende varias temáticas.

En primeiro lugar a análise e teorización sobre a papel da emigración galega en América. O debate sobre a súa influencia política e social.

Cómpre a análise do asociacionismo galego alén do mar. V. Peña Saavedra (1999) (2002) e X.M. Malheiro (2004) (2006) estudan as sociedades de instrución nadas en América e as súas consecuencias no desenvolvemento das escolas de americanos en Galiza. Este tema será de vital importancia na nosa investigación xa que ampliándoo ao asunto educativo no seu sentido xeral revelará as partes máis relevantes da implicación política e profesional de Bernardo Mato. Comezamos pois coas escolas de indianos e a súa influencia no conxunto para rematar coa reforma educativa levada a cabo durante a II República e que será estudada seguindo as obras de S. Porto Ucha (2008).

Proseguimos coa análise de X.M. Núñez Seixas (1998) que atende a influencia real da emigración na conformación dun modelo autóctono de desenvolvemento económico e dinámica social presente en Galiza entre os anos 1890 e 1930, a través do estudo do asociacionismo americano e galego nunha perspectiva comparada.

Sobre estes temas (emigración, educación) é relevante atender á labor investigadora do Arquivo da Emigración a través da publicación Estudos Migratorios, no que publicarán os autores coma Costa Rico e Narciso de Gabriel ademais dos xa mencionados anteriormente.

Deste xeito analizamos a confluencia entre os movementos políticos a un e outro lado do atlántico, indagando sobre as súas causas, cal será a súa orixe e como de relevante será a influencia dun sobre outro.

Neste senso axudaranos tamén a exposición sobre este tema de M. Cabo (1998) e (2001) que estuda as relacións entre o movemento agrarista en Galiza e os indianos. Realizando un pormenorizado estudo da relevancia da estrutura de oportunidades políticas para ambos.

En segundo lugar debemos atender á teorización sobre os movementos políticos que operan en Galiza neste período. Farémolo da man de M. Cabo (1998) (2001) e E. Herves (1991) para o movemento agrario, X.G. Beramendi (2007)(1991), X.M. Núñez Seixas e X.G. Beramendi (1995) para o galeguismo e posterior nacionalismo galego e M. Valcárcel (1991) para o conxunto dos movementos políticos e as súas materializacións nos partidos políticos durante a II República. Estes autores porán en relación tanto a emigración, como a situación económica galega co xurdimento dos determinados movementos políticos. Debatindo sobre as causas do seu nacemento.

En terceiro lugar abrímonos á compresión do fenómeno do caciquismo en Galiza atendendo as diferentes visións sobre o mesmo a través da teorización de J.M. Cardesín e P. Lago (1992) sobre o funcionamento do caciquismo en Galiza.

Debemos deternos agora na nosa segunda liña temática do traballo: a represión franquista e os efectos na sociedade.

Para a teorización de represión franquista dentro dun proceso de limpeza política atendemos a R. Cruz (2007).

Na represión do maxisterio será de vital relevancia a obra de S. Porto (2008) sobre a represión dos mestres na provincia de Pontevedra. Na devandita obra aparece referenciado o caso de Bernardo Mato. A súa lectura ofrecerános un bo cadro xa non só da represión e depuración do maxisterio senón tamén da actividade educativa durante a República (como xa indicamos anteriormente).

E a través do estudo da represión chegamos a un campo máis amplo e abstracto: a represión da memoria colectiva.

Análise desta represión en A. Cabana (2006) a nosa primeira introdución baseada xa na memoria desa guerra civil. Pero para chegar a este estudo debemos poder enmarcar teóricamente a propia memoria colectiva. Obra fundamental para a nosa compresión da temática será a de Cuesta Bustillo (1998) (2007) no que fai unha análise exhaustiva da memoria como obxecto de estudo da historia realizando un detallado estado da cuestión. O que será polo tanto o noso marco teórico fundamental sobre a memoria colectiva. Tamén a través desta autora coñeceremos a conceptualización e análise da memoria como obxecto da historia. Análise dos lugares de memoria,etc.

Cuesta Bustillo conceptualiza e analiza ás tres xeracións que protagonizan a historia de España dende os anos 30, atendendo as súas dinámicas e características básicas,e en relación co proceso de memoria histórica.

Para rematar gustaríanos incidir nunha serie de ideas: a selección da bibliografía e os debates axeitados foi parte da labor consultiva dos propios investigadores da materia (no caso da emigración galega, as sociedades de instrución e o agrarismo, en maior medida) o que aínda así fíxonos imposible acadar un coñecemento total e absoluto de todos os estudos que existen xa sobre estes asuntos.

A través da nosa selección tentamos abranguir a totalidade do debate arredor dos temas de interese. Aínda que sexa unha tarefa moi complicada debido a intensa labor dos investigadores e do inmenso campo de estudo ao que estamos facendo referencia.

Un tema apaixoante ao que só chegamos dunha forma incipiente e introdutoria. Por todo o anterior pedimos desculpas ante as posibles eivas que poida conter este traballo.

Pola outra banda temos sinalado diferentes estudos nos que aparece Bernardo Mato referenciado. Son na súa meirande parte pequenas referencias que se basean en datos recollidos a través da investigación dos diferentes autores. Aparece así como firmante nalgúns manifestos, e fálase del en relación con algún artigo que se tiña recuperado. En todo caso son datos moi parciais que deberán ser postos en contexto, traballo que realizaremos a continuación.

A parte debemos sinalar a labor de X.C. Garrido o cal a través do seu estudo sobre A Estrada logrou realizar as pinceladas dunha pequena biografía na obra que radica na represión franquista. Deste xeito súa será a labor máis pormenorizada no caso das situacións e condicionantes que rodean a morte de Bernardo Mato.

4. MATERIAL E MÉTODO

A nosa labor investigadora debemos dividila en dous campos de acción:

Por unha banda realizamos unha **revisión bibliográfica** sobre a época na que desenvolve a súa vida Bernardo Mato. Deste xeito, como xa profundizamos no apartado anterior consultamos a principal bibliografía nos diferentes temas relevantes da época, dende o encadre histórico xeral, á emigración galega a América e ao desenvolvemento asociativo alén do Atlántico e na propia terra galega, ás características da represión franquista e o influxo posterior na memoria colectiva, etc. Realizando esta tarefa atopámonos con diferentes obras nas que aparecía a figura de Bernardo Mato Castro, nestes casos optamos por pornos en contacto cos propios autores das obras. Deste xeito entramos na outra liña de acción seguida para a realización desta monografía: o traballo de campo.

O **traballo de campo** abrangue unha serie de accións, que aínda hoxe en día, non podemos dar por rematada, debido á extensión e a fragmentación que caracteriza a busca de información sobre esta época histórica. As diferentes accións realizadas podemos clasificalas do seguinte modo:

- **Consulta e axuda de investigadores**: comezamos a nosa pescuda grazas a colaboración de Xoán Carlos Garrido, investigador no concello da Estrada, e primeiro en comezar a desvelar a historia de Bernardo Mato, como xa indicamos. Deste xeito acudimos a el como fonte de información e atopamos a un colaborador de excepción que nos guiará e axudará no proceso de busca de información. Por outra banda, como xa dixemos, poñémonos en contacto con aqueles investigadores de Galiza que teñen analizado e estudado en profundidade tanto a emigración e o asociacionismo galego do primeiro terzo do século XX, como aqueles que trataron a represión franquista. En moitos dos casos con pequenas referencias nas súas obras a Bernardo Mato. Mantemos pois contacto con : Raul Soutelo, Xosé M. Núñez Seixas, Narciso de Gabriel e Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez. Todos eles con gran afán cooperativo e con consellos que ofrecer para desentrañar os pasos de Bernardo dende o presente. A través dos consellos de todos eles e dos ofrecidos polo noso titor, José María Cardesín, realizamos o propio traballo de campo:

- **Consulta de Arquivos**: consultamos o Arquivo Histórico Diocesano en busca de información referida á xenealoxía do biografado. Deste xeito consultamos os libros de bautismo e defuncións da parroquia de Santa Cristina de Vinseiro e os de San Verísimo de Lamas dende o ano 1840 ao 1914. Esta busca daranos como

resultado unha case completa árbore xenealóxica de Bernardo Mato e da súa muller Avelina Sanmartín.

Por outra banda, para completar datos referidos á xenealoxía consultamos o Rexistro Civil da Estrada. Onde tamén consultamos sobre a existencia do Padrón de Habitantes levando a triste nova de que só se conserva padrón dende o ano 1950 polo que non poderíamos investigar a través deste documento a emigración de Bernardo Mato.

Volvendo ao Arquivo Histórico Diocesano; nel consultamos o Arquivo do Seminario Conciliar en busca de información sobre o paso de Bernardo polo seminario. Indagamos no Rexisto de Matrículas Xerais entre 1897 e 1915 sen atopar información sobre el.

Seguindo a nosa enumeración dos Arquivos consultados facemos agora referencia ao Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela. O noso obxectivo é buscar información sobre o seu título universitario en Maxisterio, as oposicións realizadas e información sobre a súa depuración. Aquí encontramos datos sobre a súa matricula en Maxisterio entre os anos 1915 e 1918.Por outra banda a través do recurso electrónico do Arquivo Xeral da Administración atopamos o expediente de depuración de Bernardo Mato. Tramitamos unha copia dixital do mesmo.Facémonos con múltiples causas xudiciais abertas na época franquista contra persoeiros do noso interese e recuperadas anos antes por X.C.Garrido no Arquivo Intermedio Militar de Ferrol.Tamén acudimos ao Concello da Estrada en busca de posibles arquivos históricos (sen atopar ningún) pero facémonos cun mapa das parroquias e lugares da Estrada e ampliacións para a zona que máis nos interesa: Vinseiro, parroquia de orixe de Bernardo.

- **Revisión dos fondos de publicacións periódicas**. Coa información

de antemán do traballo de Bernardo na prensa escrita comezamos un proceso de revisión da mesma. Deste xeito comezamos co periódico “El Emigrado” da Estrada. Temos constancia xa nun primeiro momento, debido as investigacións anteriores realizadas, da súa colaboración no mesmo. Por iso recompilamos (coa inestimable axuda de X.C. Garrido) a publicación case ao completo (1920-1936). Grazas a diferentes programas informáticos facemos unha pescuda en todos os números. Ás veces tamén a man. Deste traballo optemos valiosísima información que guiará en boa parte o noso traballo.Por outra banda facemos indagacións noutras publicacións da época. Para iso optamos por Galiciana Dixital: Biblioteca de Galicia. Dela recuperamos tamén información de diferentes xornais galegos.Para proseguir coas nosas pescudas e grazas as orientacións dos especialistas así como dos resultados que íamos tendo coa nosa propia investigación tentamos obter información das publicacións dos

colectivos galegos en América (con especial atención a Cuba). Deste xeito acudimos ao Arquivo da Biblioteca Xeral nos seus fondos históricos. Tamén con resultados positivos.

- Noutro plano de acción temos as **pescudas internas**. Denominamos así a busca de información e documentación dentro da propia familia de Bernardo Mato. Por unha banda as fotografías que nos axudarán e orientarán na vida de Mato, así como postais fotográficas que inclúen mensaxes de amigos e familiares. Mensaxes que ata este momento pasaron desapercibidos para a familia, sen un marco de contextualización, e que agora ofrécensenos como cruciais para desenvolver o entramado vital de Mato.Unha pescuda máis interesante e complicada foi a recompilación de documentos espallados en diferentes departamentos da casa da familia. Casa onde viviu a familia Mato Sanmartín trala morte de Bernardo. Deste xeito puidemos recuperar documentación sobre os seus estudos, postos de traballo na Habana, en Vinseiro, etc. A dita documentación faremos referencia durante o traballo. Pero adiantamos que a súa análise pormenorizada e contextualizada foi de vital relevancia no conxunto da investigación.Tamén debemos sinalar aquí a relevancia da conservación na casa familiar da biblioteca persoal de Mato. Un estudo pormenorizado dos seus exemplares axudaría tamén a poder coñecer as súas influencias e o seu pensamento.

- Outra das nosas liñas fundamentais foron as **Fontes Orais.** Nelas poderíamos incluír as xa ditas referidas a investigadores e contactos que nos puideron facilitar información. Pero faremos especial énfase nas fontes orais dos familiares. O achegamento a estas fontes orais obtivéronse de dúas formas. Por un lado a través de entrevistas semiestruturadas e por outro a través de conversas que foron xurdindo durante toda a investigación.En primeiro lugar falaremos da entrevista ao fillo maior de Bernardo Mato. Como indicaremos polo miúdo durante o desenvolvemento do traballo, este será o irmán que máis se acorde de Bernardo Mato e o que comezará unha investigación sobre o mesmo hai corenta anos, descubrindo a causa da tráxica morte do seu pai. Daquela fala con coa muller do irmán de Mato , hoxe falecida. Será a través da súa testemuña coa que comece a tirar do fío. Esta conversa será o comezo da nosa investigación (xa que xa sabíamos de antemán que tiña esa información). A través del marcamos os primeiros puntos sobre os que tamén nós, tirar do fío.En segundo lugar falamos coa filla máis nova de Bernardo Mato. As entrevistas e charlas con ela serán constantes e numerosas durante toda a investigación sendo ela tamén parte da mesma. Será de vital importancia este contacto continuado xa que cada vez que obteñamos información nova, acudir a ela, aos seus posibles recordos ou información resultan vitais. Xa que como sosteñen numerosos expertos no tema existe

información e recordos que se non se rememoran ou se indican a través dunha pregunta ou dunha imaxe pode que non chegaran a saír a luz nunca.Mantemos conversas tamén coas sobriñas de Mato. As fontes orais rematan coas entrevistas aos netos de Bernardo Mato. As súas entrevistas serán vitais para indagar sobre a represión familiar e as influencias de Bernardo nos seus descendentes, análise que pertence ao derradeiro capítulo desta investigación.

- Tamén mantemos contacto con outras entidades e persoeiros

relevantes no campo que estudamos como é o caso da Asociación da Memoria Histórica de Pontevedra "Anos do Medo" e a Asociación para a recuperación da Memoria Histórica e Defensa do Patrimonio Inmaterial de Teo "A Oliveira". Debemos sinalar a inestimable labor desta Asociación, unhas das primeiras en rescatar a figura de Bernardo Mato do seu esquecemento a través dunha Homenaxe o 8 de xullo de 2006. Será a través deste último do que tentaremos o contacto cos antigos alumnos de Mato. Debido a súa avanzada idade e a ser épocas complicadas (verán) estamos aínda a espera dunha cita.En último lugar sinalar o emprego de diferentes programas informáticos para o procesamento da información: Xeno Pro (para realizar árbores xenealóxicas), e un programa OCR (para poder ler electronicamente os PDF e buscar información axeitadamente)

Sobre a autora

Debemos sinalar neste apartado a vinculación familiar coa figura estudada. Bernardo Mato Castro é a bisneta da que escribe.Pretendimos realizar a investigación da forma máis obxectiva posible. Tomando unha precisa distancia co noso obxecto de estudo: Bernardo Mato.De todos os xeitos o feito de ser familiar influíu notablemente no xeito de achegarnos á información , tanto ás fontes documentais familiares como á realización das entrevistas con fillos, netos e outros familiares de Bernardo Mato.

Un inciso

Debemos ter en conta tamén a provisionalidade da investigación. E o sesgo que se produce ao contar con certas fontes documentais e non con outras.

Resultado

O resultado e análise da nosa investigación dividirémolo en capítulos, emulando así un libro máis, como aqueles que formaban e forman a librería[1] de Bernardo Mato...Esta librería, que se atopa aínda hoxe en pé no domicilio familiar, recolle moitos dos libros que tiña Mato, algúns chegados de América, outros dos derradeiros anos da República. Unha librería con moitos hocos, todos aqueles que deixaron os libros que arderon na guerra civil...

Capítulo 1: O NACEMENTO DE BERNARDO MATO NA GALIZA DA RESTAURACIÓN

Cando o século XIX daba as súas derradeiras badaladas e con el remataba un tempo histórico e comezaba outro, outro que agora indica, nos libros de historia, o agromar dun tempo novo, cheo de esperanzas, nacía Bernardo Mato Castro, un deses homes, que coas súas esperanzas e soños, encheu o mundo de infinidade de posibilidades...

> *"En la siempre verde, eternamente verde campiña del Nordeste de la provincia de Pontevedra, amenísimo valle en forma de abierta taza poligonal por cuyas suaves pendientes corren en manso murmullo innumerables arroyos, tributarios del río Ulla, acomódase la modernísima villa de La Estrada".*[2]

Así describía a Estrada o propio Bernardo Mato corenta anos despois. Pero Mato non nace na propia vila, senón nunha das súas parroquias: Santa Cristina de Vinseiro, no lugar de Godoi, onde vivía a súa familia. Foi un 3 de maio de 1887.[3]El, o segundo de cinco irmáns. A primeira nacería tres anos antes, María. Os seguintes serían Eleuterio (1889), José María (1892) e Manuel (1895). Completábase así a súa familia. O seu pai, José Mato Sanmartín, posuía un serradoiro. Na propia fábrica instalou unha oficina de Correos, sendo, polo tanto o carteiro do lugar. Posto que ocuparían en diferentes momentos algúns dos seus fillos, entre eles o propio Bernardo. A súa nai de nome Francisca Castro Mancebo e provinte da veciña

[1] Con librería referímonos a un moble de madeira onde se almacenan libros. No domicilio familiar aínda se conserva a librería co moitos dos libros de Bernardo.
[2] En El emigrado, 07/11/1927
[3] Para axudarnos na nosa explicación atender ao anexo 19, que da conta dunha cronoloxía sinxela e moi gráfica da biografía de Bernardo

parroquia de Lamas, era labrega.[4]A parroquia de Vinseiro tiña en 1842 unha poboación de 405 persoas.[5]

Posiblemente o seu nome provise do do seu padriño: Bernardo Pena Porto que supoñemos tratábase dun amigo da familia ao igual que a súa muller Maria Dolores Canabal Ferro e madriña de Bernardo.[6]

A economía campesiña galega vive entre finais do século XIX e comezos dos XX entre dous mundos e dúas lóxicas diferentes: a do Antigo Réxime e a do modo de produción capitalista. Dando como froito, unha nova e complexa situación.Debemos comprender as características principais desta situación, deste contexto histórico como paso fundamental para poder estudar os movementos sociais e políticos que se desenvolven nel. Con especial atención ao movemento agrario e ao asociacionismo galego en América. Estes movementos, como xa dixemos, son a base fundamental do noso estudo, entender o seu xurdimento está directamente relacionado coa comprensión do contexto social, económico e político.

1.1. Galiza no cambio de século: unha economía entre dous mundos

¿Por qué mantemos que o mundo labrego (e polo tanto a meirande parte da economía galega) vivía ou sobrevivía entre os dous mundos, Antigo Réxime e novo sistema capitalista? Por un lado a “casa”, unidade económico-familiar sobre o que descansa a produción campesiña estaba orientada á subsistencia e non a xerar excedentes. (Garrido, 1998). O que a fai máis susceptible ás crises. Pero aínda que recaía sobre o labrego esa nova esixencia (adaptarse ao mundo capitalista) seguíase mantendo o pagamento dunhas rendas mediante as cales entre un 20 e un 25% da súa produción recaía en mans alleas (Igrexa ou señores). O mundo agrario sofre entón unha serie de cambios lexislativos e administrativos que condicionarán a súa evolución e ao do conxunto da economía galega:

- Transformación das relacións de propiedade da terra: no estado español prodúcese durante todo o século XIX un proceso de abolición de señoríos e desamortizacións co obxectivo de liberar a terra e no marco da fin do Antigo Réxime e a construción do Estado Liberal. Pero sería “un cambio xurídico na forma de propiedade que non no cambio de propiedade”. (Garrido, 1995: 11). Polo tanto pásase dunha terra explotada seguindo o modo de produción feudal cara un modo de produción capitalista. Un cambio xurídico que no caso de Galicia non se produce,

[4] Xenealoxía completa de Bernardo en Anexo (1.1.) (fontes: Arquivo do Arzobispado de Santiago de Compostela, Rexistro Civil)
[5] Fonte: IGE
[6] Fonte: libro bautismo parroquia de Santa Cristina de Vinseiro

manténdose as relacións de produción feudal ata o século XX. (Garrido, 1995). ¿Cal é o motivo desta permanencia de lóxicas máis propias do Antigo Réxime? Noutras zonas do estado español, como dixemos, a desaparición dos señoríos supoñía converter aos antigos señores en propietarios. Pero en Galiza isto non se produce, ¿por que? En primeiro lugar moitos dos señores eran eclesiásticos, polo que (segundo a reforma da Igrexa realizada polo liberalismo) non podía proseguir no usufruto da riqueza agraria. En segundo lugar, no caso de señores laicos a disociaciación entre xurisdición e dominio territorial, así como o xeneralizado do sistema foral bloqueou esta vía.

> *"En Galiza a riqueza das institucións afectas estaba constituída fundamentalmente por foros e censos é dicir: o dereito a percibir unha parte do que se producía anualmente nas labranzas galegas" (Villares, 2004:261)*

Polo tanto coas desamortizacións e abolicións realizadas esas rendas forais véndense. Non se venden terras de libre disposición. Véndense rendas, polo que os que compran convértense en acomodados rendistas non propietarios territoriais (Villares, 2004). Como sinala Ramón Villares máis das tres cuartas partes da riqueza desamortizada consistía en dereitos a percibir unha renda, e non en terras (Villares, 2004). E eses novos rendistas serán fidalgos, nobres, funcionarios urbáns e, sobre todo, comerciantes: a denominada burguesía galega urbana. Unha burguesía que vivirá de rendas, polo que non se verá inducida a acometer unha revolución industrial. (Garrido, 1995).Factor que explica en boa medida, a escasa industrialización galega.

Polo tanto, mediante este proceso prodúcese unha permanencia da estrutura da propiedade da terra do Antigo Réxime:

> *"Os foros dos mosteiros agora son dos comerciantes vilegos, mentres que os foros que tiñan os fidalgos seguen na mesma situación que antes" (Villares,2004 :263)*

A compresión deste feito será de vital relevancia para entender os procesos reivindicativos que trataremos neste traballo e nos que se involucra Bernardo Mato. Movementos sociais, en especial o agrario, que terá como un dos seus principais obxectivos a redención desta carga foral fóra de tempo. E que axudaba ao mantemento dun campesiñado explotado e empobrecido e unha caste dominante rendista e inactiva. Pero como xa comentamos con anterioridade, o campesiñado galego opta por novas estratexias familiares para a subsistencia da casa. Neste senso encóntrase a emigración. A través das remesas provintes dos galegos emigrantes o campo galego comeza un proceso de inmersión na lóxica capitalista. Falicitándose así a transición dunha agricultura de subsistencia a unha agricultura de especialización gandeira.Pero este proceso estará limitado por unha serie de factores externos e internos. Factores que son á súa vez explicativos da crise económica coa que comeza

o século XX o agro galego e que será unha das causas principais da emigración masiva a América dos galegos neste período. Aos inconvenientes das rendas forais súmase a conformación do minifundio: as remesas migratorias foron en boa parte dirixidas a pagar ao foreiro e facerse donos da terra: de pequenas parcelas de terreo que darán lugar á excesiva fragmentación e atomización da terra.Por outro lado teríamos unha serie de factores externos que influirían no devir do intento de especialización gandeira (malas vías de comunicación, falta de tecido agro-industrial, periniciosa política arancelaria, etc)

1.2. O réxime da Restauración: a Galiza dos caciques

Para a compresión da situación do campesiñado galego, e polo tanto, da familia de Bernardo Mato e nun plano xeral, para poder entender as súas accións, envoltas nos halos de rexeneracionismo que enchían as expectativas desa época, debemos atender ao plano político que o envolvía.

Tras a crise do Antigo Réxime vaise configurando o estado liberal (1833-1868). Tralos períodos máis revolucionarios (coa I República- 1873-1874) e tras un golpe de estado nese mesmo ano (1874) prodúcese a restauración borbónica. Iniciarase tralo pronunciamento do xeneral Martínez Campos en decembro do ano 1874 volvendo así a monarquía borbónica na persoa de Afonso XII. O novo sistema político foi configurado por Antonio Cánovas del Castillo. Tiña un carácter netamente conservador e asentábase nun sistema parlamentario liberal. O golpe de Estado foi recibido con satisfacción polos grupos conservadores, atemorizados pola radicalización do Sexenio e pola irrupción do socialismo. As bases do sistema quedaron fixadas na Constitución moderada de 1876 inspirada na de 1845. Defendía os valores tradicionais e incluía algúns principios democráticos do ano 1868. Os piares básicos sobre os que se apoiaba o sistema canovista era a Coroa, os partidos dinásticos e o exército. Os partidos dinásticos (tanto conservador como liberal) nutríanse das elites económicas e da clase media acomodada. As diferenzas entre os partidos eran mínimas e o exercicio do poder establecíase mediante a quenda pacífica: *o turnismo.* Este proceso aseguraría a estabilidade institucional mediante a participación no poder das dúas familias do liberalismo. A quenda no poder establecíase do seguinte modo: cando o partido do goberno sufría desgaste político e perdía a confianza das Cortes, o monarca chamaba ao xefe do partido da oposición a formar goberno. O novo xefe de gabinete convocaba entón eleccións co obxectivo de construír unha maioría parlamentaria. Para que estas eleccións fosen favorables ao goberno empregábanse, xa que logo, o fraude nas eleccións e os mecanismos caciquís.O control do proceso electoral exercíase a partir de dúas institucións: o ministro da Gobernación e os

caciques locais. Este ministro era, de feito, quen elaboraba a relación dos candidatos que deberían ser elixidos e quen nomeaba os deputados alleos ás circunscripcións (*cuneiros*). Os gobernadores civís transmitíanlles a lista dos candidatos "ministeriais" aos alcaldes e caciques. Os cales garantía coas súas prácticas dita elección.

A división administrativa: ao marxe das colectividades naturais

Con especial énfase no caso galego debemos ter en conta que a construción do novo réxime liberal (xa dende mediados do s. XIX) no que consideraba suxeito político ao individuo e non a colectividade (Garrido, 1995) desembocou na creación de entidades administrativas que non se correspondían coas comunidades socialmente existentes. Deste xeito as novas entidades (municipios, provincia) dotábanse de competencias de xestión de recursos pero non hai conciencia colectiva desas estruturas (ademais dos intereses partidistas e clasistas das mesmas). Este proceso, segundo X.C.Garrido (1995) está detrás de todo o entramado de fórmulas de concertación entre as propias colectividades en defensa do que consideran os intereses do ben común materializados no movemento agrario, movemento nacionalista, etc.

As elites no poder e o caciquismo

Como xa vimos comentado realmente permanecen no sistema liberal demasiadas reminiscencias do Antigo Réxime. Entre elas, e como determinante, a configuración das elites no poder político e económico. Xa atendemos ás económicas, as políticas estarán directamente relacionadas. "Categorías sociolóxicas tan definitorias (do Antigo Réxime) como a fidalguía (...) atópase integrada pacificamente na estrutura política do estado liberal" (Villares,2004 :283) e así "moitos dos vellos fidalgos galegos puideron acceder ao desempeño de cometidos políticos en diversas estancias, tanto locais como centrais" (Villares, 2004 :283)

O caciquismo resulta un fenómeno complexo no que debemos ter en conta diferentes dimensións. En primeiro lugar o caciquismo como modalidade de clientelismo político convértese nun mecanismo preciso no sistema político da restauración: para preservar a alternancia pactada no poder (como explicamos) e para que esta se realizase a través dun sistema electoral que chega a ser de tipo universal (masculino). É vital controlar, polo tanto, que as eleccións tiveran o resultado esperado. Para iso o caciquismo opera dende o nivel local para garantilo.En segundo lugar o caciquismo actúa nunhas estruturas de poder locais fortes nas que o municipio ostenta funcións determinantes en canto a servizos básicos, etc. Pero este poder local forte está entretecido nun sistema centralista. Deste xeito o poder provincial, e en último termo o poder central, terán a chave do que se fai nos diferentes concellos. En

terceiro lugar, como vimos nun nivel xeral, a restauración opera mediante a convivencia no poder das dúas familias políticas do liberalismo, e xunto e, sobre todo, dentro delas, as grandes familias oligárquicas (e nobres en moitos dos casos) do país. Deste xeito o pacto que opera no nivel superior (con esa alternancia consensuada no poder entre o rei e os partidos) opera tamén no reparto do poder provincial. Deste xeito cada provincia terá pactado o dominio dun partido, e sobre todo dunha familia ou personaxe "relevante".

O mesmo acontecerá co caso dos diferentes concellos, así como tamén dos deputados provinciais e a cortes que deberán saír por cada distrito electoral.O cacique será aquel que dende o medio local actúe como enlace, mediador "broker" cos poderes "superiores", será aquel que garanta o triunfo do partido pactado.E non só iso, senón, e sobre todo, será o que decida a nivel local, será pois o que teña o poder real. Un poder que empregará seguindo unha mecánica clientelar. Un poder real que poucas veces se corresponde cun cargo político.Por iso o cacique tece unha rede familiar e clientelar repartida entre os postos de relevancia social do concello así como os propios postos políticos. El non será alcalde, ese posto corresponderá a un persoeiro de menor nivel de influencia e en todo caso supeditado a el.

O caciquismo, como sinala Ramón Villares, foi unha modalidade de clientelismo político moi frecuente na Europa da Época (Villares,2004). Puidendo incluso plantexalo como práctica indispensable do sistema liberal. Deste xeito o voto xa non estaba pensado como decisión última do cidadán, senón como ese entramado de relacións intermedias. Este modo de velo conformouse sobre todo na historiografía recente (aínda que xa observadores da época daban conta de que non se trataba dun fenómeno unicamente presente en España).

Tiñamos expresado que a Galiza do século XIX (e parte do XX) continuaba presa das dinámicas propias do Antigo Réxime. Nesta liña teríamos a definición de B. De Riquer que analiza o caciquismo como o desaxuste entre a nova estrutura moderna e as estruturas de poder previas que seguen dominando a vida local (Cardesín e Lago,1992).Algo que poñen en cuestión Cardesín e Lago (1992) no seu artigo "Repensando el caciquismo". Nel expoñen que os caciques (notables locais chamados a pactar co goberno) son en todo caso produto das transformacións económicas e políticas da España do S. XIX que por forza modifican de forma substancial a sociedade local e as relacións de poder dentro dela. Os caciques deberían a estas transformacións a súa preeminencia e non a supostas persistencias de situacións pasadas (Cardesín e Lago,1992).

Xa para rematar deberíamos incidir no que nos apuntan Cardesín e Lago no seu artigo e que será vital para a comprensión do caciquismo, e polo tanto daquela

estrutura de poder contra a que quererán loitar os movementos políticos que estudaremos:Parte da teoría histórica e antropolóxica considerou ao cacique coma un *broker* ou *empresario electoral*. Esta conceptualización non podería ser correcta dende o momento que o cacique non é un suxeito illado do seu entorno que actúe racional e individualmente. O cacique xestiona un gran fluxo de bens e servizos que comunica a súa rede de relacións. Así o intercambio de voto-favor non é un acto puntual senón que é un aspecto da xestión xeral dos asuntos locais, é unha das contraprestacións máis decisivas que dita oligarquía ofrece a cambio da licencia para xestionar con independencia eses asuntos locais (Cardesín e Lago,1992 :224).

Vicente Risco dicía que "o caciquismo era un resultado da influencia centralista" mentres Castelao afirmaba "os caciques non son os representantes do Goberno, é o goberno o representante dos caciques". (Villares,2004) Moito se ten escrito sobre o caciquismo, moitas son as súas teorías. Pero que o caciquismo foi razón e causa de moitos dos males que corroían Galiza constituíu unha constante na análise crítica da situación. Así o verá a élite intelectual e política, e tamén a poboación que se mobiliza durante o primeiro terzo do século XX.O carácter anticaciquil será o seu signo de identificación, e tamén un dos seus mitos fundacionais (Cabo,2001).E nesa Galiza da Restauración, esa Galiza do estado liberal, esa Galiza na que seguían a dominar os de sempre, pero quizais con estratexias que só puideron nacer neste contexto específico, nace Bernardo Mato. Nace no concello da Estrada, provincia de Pontevedra. E loitará contra o caciquismo estradense, dende Cuba e dende a propia Estrada, pero sen esquecer o contexto global.Unha loita que fai volver á nosa boca a frase "entre dous mundos". Agora para referirnos a este e ao outro alén do mar. Que configurarán unha forma de facer resistencia propia e específica da época. Contra nomes propios que teremos, xa que logo, ben presentes neste traballo. Marques de Riestra e Marqués de Ulloa. Vellos título para un tempo novo.

Será o primeiro terzo do século XX un momento no que a emigración (como xa comezamos a ver) e os movementos agrarios, ante o escenario que tentamos describir, actuaran como axentes de cambio e modernización no mundo rural e de transformación das estruturas políticas e administrativas. A emigración e os seus condicionantes serán un factor fundamental para comprender estes movementos e aquela transformación. Ante o cambio e mantemento de estruturas que non obedecen a lóxicas sociais, produtivas, etc. desencaixados da dinámica e do progreso real da sociedade galega, xorden estes movementos nos que Bernardo Mato, dende a súa xuventude, viviu e loitou. Atender ás súas dinámicas, a busca das súas causas,

atender as hipóteses sobre elas, será o noso obxectivo, no que nos axudará a experiencia vital de Bernardo Mato Castro.[7]

Capítulo 2: DE SEMINARISTA A EMIGRADO EN CUBA

Comezamos neste apartado a historia viva que coñecemos de Bernardo, baseada nos documentos orixinais encontrados así como as referencias na prensa da época que nos axudan a debuxar a liña das súas accións.

Bernardo Mato, irmán varón maior, estuda no seminario pero non chega a ordenarse sacerdote. Iso é o que sosteñen as fontes orais. Sen embargo, tras a busca no Arquivo do Seminario de Santiago non atopamos pegadas do seu paso polo mesmo. Aínda así manteremos a hipótese de que si estivo no Seminario, unha estratexia familiar comunmente realizada polas familias labregas. Que no seu pulo pola supervivencia enviaban ao irmán maior facerse sacerdote, o que posibilitaría unha axuda económica para a familia de por vida. O seguinte feito que coñecemos da súa vida é a emigración a Habana.

2.1. Fuxindo cara América

Debemos sinalar aquí un documento que serviu como base para a nosa hipótese sobre as causas e as datas da súa emigración. Trátase do recibo do pago dunha multa de 50 pts "impuesta al prófugo Bernardo Mato Castro nº115 del reemplazo de 1908 por el Ayuntamiento de La Estrada, presentado voluntariamente ante la Comisión Mixta y declarado inútil total el día 5 del corriente."Este documento está firmado o día 27 de xuño de 1915. Xunto a este documento encontramos no periódico El Estradense a listaxe de soldados recrutados para o ano anteiror (1907) no que sae Bernardo Mato. [8]Esas listaxes configuraban as chamadas Quintas. As cales eran o mecanismo de recrutamento do Exército Español.

En 1704 os borbóns, seguindo o modelo francés, instauran o sistema de quintas polo cal un quinto dos mozos en idade militar e aptos serían recrutados mediante sorteo.Houbo diferentes lexislacións ao respecto pero mantívose case constante ata o período que nos interesa.En 1907 e 1908 rixe a lexislación de 1896. Primábase o alistamento voluntario pero ao non ser suficiente optábase polas quintas.O seu funcionamento baseábase en primeiro lugar pola fixación do número de homes para cada quinta (anuais) polo propio goberno que as distribuía entre as provincias. En segundo lugar as deputacións provinciais repartían entre os concellos o

[7] No anexo 15 incluímos unha Cronoloxía Comparada de historia universal, de España, de Galiza, da Estrada e os momentos recuperados da vida de Bernardo Mato.
Tamén incluímos unha cronoloxía máis específica de aproximación á vida de Bernardo indicando a fonte de extracción da información referenciada (anexo 16)
[8]En El Estradense, nº 11, do 23 de febreiro de 1907.

cupo que correspondía a cada provincia segundo o volume de poboación. Despois os concellos realizaban un padrón de habitantes e a partir del establecían o alistamento dos mozos.Entre estes mozos (en idade militar) realizábase un sorteo que declaraba aos soldados e aos suplentes. O sorteo realizábase a portas abertas, diante do concello e en presenza dos interesados.Seguindo as datas que marcaba a lei, no caso de Mato o sorteo realizouse o segundo domingo de febreiro de 1907, cando contaba con 19 anos. Os documentos que manexamos (a multa e a lista do exército) son de dous anos diferentes. No 1907, cando sae nas listas por primeira vez Bernardo Mato tiña a idade reglamentaria para o sorteo. Mantemos a teoría pois de que en 1908, como non acude no ano 1907, volve ser chamado e por iso figura como o ano de recrutamento no pago da multa.

Con respecto ao pago da multa por prófugo en 1915, tamén nese momento declarárono inútil. Isto podería facer referencia á posibilidade de realizarse algún tipo de suborno. Aos posibles subornos e fraudes á Comisión Mixta, alude Molina no seu estudo sobre o servizo militar, como unha práctica común, feito potenciado pola baixa remuneración dos integrantes da Comisión. Alude tamén ao suborno dos médicos para a declaración de inútil (Molina, 2001).Isto puido ser o que lle ocorreu a Mato, cando no ano 1915 paga a multa. Ven de América, supoñemos con cartos. Por outra banda en 1912 tiña cambiado a lexislación como xa dixemos, polo que puido favorecerlle neste aspecto.

Bernardo Mato é declarado prófugo polo tanto fuxiu ou antes de ser elixido no sorteo (por se acaso) ou, e máis posiblemente fíxoo dende que soubo que fora seleccionado para o recrutamento.. E polo tanto manteríase oculto o día da votación enviando a alguén que fose testemuña do sorteo. En ambos casos Bernardo emigraría sobre o ano 1907 (antes ou inmediatamente despois), tendo 19 anos ou 20 recén cumpridos.

Como nos indica Molina tería a axuda de familiares e amigos xa que o estado para evitar o fenómeno dos prófugos tomaba medidas tales como a presión sobre a familia e os veciños con multas, e incluso con penas de cárcere. A fuxida tornaba en emigración. Como nos indica Molina unha das posibilidades era a emigración cara América " algúns prófugos xa tiñan tomada a decisión de emigrar, polo que aproveitaban o feito de quintas para poder levar a cabo dito proxecto, aínda que realmente, era unha fuxida para non realizar o servizo militar" (Molina, 2001: 62)[9]

Como tamén nos indican diversos estudos sobre o tema da emigración galega o recrutamento será unha das causas habituais para emigrar a América, sobre todo

[9]Traducción nosa. Molina estuda o caso de Lleida no que outros destinos serán máis predilectos (Francia) caso diferente ocorre en Galiza.

durante o período da Guerra de Marrocos. Tendo que facelo de forma clandestina (o goberno tomaba medidas para evitala fuxida).

Despois das súas perdas colonias (co desastre de 1898) España comeza a súa penetración en África no momento en que as grandes potencias imperialistas repartíanse o continente. Ademais dos intereses económicos no Norte de África o exército español tiña interese por restituír con esta acción o prestixio perdido. España entra na repartición de terras e establece un protectorado franco-español en Marrocos. España tería un enclave na costa atlántica e a franxe norte, o Rif co tratado do Fez (1912). Pero a presenza española foi contestada polos rifeños. Unha rebelión que se intensificou no ano 1909.Deste xeito incrementouse o número de soldados españois. Este feito dará lugar a xa citada Semana Tráxica de Barcelona, que comeza coa oposición ao embarque de tropas a Marrocos e deriva nunha protesta baseada nas tensións sociais acumulados ao longo de décadas. Á guerra do Rif dátase entre os anos 1911 e 1927 coa colonización de Marrocos que durou ata 1956, ano no que consegue a súa independencia. Á oposición á guerra de Marrocos, xunto coa oposición ao sistema de quintas estará tamén na base das reivindicacións dos movementos que agromaron neste período e xogará un papel relevante.

E é que o peso do exército solía recaer sobre o campesiñado, aquel que non podía comprar a súa ausencia do exército. Unha compra lexislada, mediante diferentes mecanismos como o caso do “substituto”. O servizo militar, así, era visto como “un duro imposto que ameazaba o equilibrio familiar e o comunitario” (Molina, 2001:40) “Un elemento estraño ás comunidades rurais”

A experiencia de Bernardo Mato constituíra unha causa máis daquelas que expliquen a emigración de galegos a América, e que como vemos, non depende dun só factor, posiblemente xa tivera decidido emigrar, e esta situación foi o punto decisivo. Polo tanto debemos abordar as outras causas da emigración presentes na época. E sería Mato un daqueles milleiros de galegos que emigraban cara as costas americanas. Outra estratexia familiar, unha experiencia, en todo caso e como acabamos de ver, de supervivencia.

2.2. A emigración galega a América

Galiza tivo con anterioridade unha tradición migratoria que levaba a súa poboación a busca de traballo no exterior. Dende o século XVII eran migracións estacionais de xornaleiros con destinos principais en Castela, Andalucía e Portugal. Pero a emigración a América constituirá un fenómeno novo condicionado por diferentes factores. Por un lado a crise estrutural da agricultura tradicional galega (como explicamos no capítulo anterior) na que haberá un excedente de poboación que

optará pola saída transoceánica. Unha saída que se abrirá paso grazas tamén á decisión do estado español de permitir a emigración ás súas colonias (debido en parte tamén a esa situación de crise e fame no estado) en 1853. E posterior lei migratoria en 1906. Tamén debemos ter en conta as posibilidades que tiña o galego (en comparación con outras partes do estado español) para posuír os medios da emigración. Ao ser en moitos casos labregos propietarios (de minifundios como explicamos) poderán vender o seu anaco de terra e así comprar o billete.

Estes serían os denominalos factores push (é dicir factores de expulsión). Pero para definir cal é o destino desa emigración debemos ter en conta os factores push(de atracción). Dentro destes estará a demanda de man de obra dende América, causada polas crecentes producións agrarias e o desenvolvemento das cidades que crean demanda laboral tanto no traballo agrícola como en actividades de tipo urbano. Estas demandas diríxense a Europa ante a crise do tráfico de escravos africanos debido á abolición da escravitude que ía extendéndose polos diferentes países (Vázquez, 2008).

A partir de 1870, xa que logo, masifícase o fluxo americano, inducido tamén pola irrupción das grandes compañías navieiras, impulsadas polo salto tecnolóxico que trouxo consigo o vapor. Polo tanto, regularízase o fluxo masivo a América grazas a diferentes causas, entre as que destacan os baixos niveis de benestar en orixe, as demandas laborais nas cidades americanas, e por último e non menos importante a acción das cadeas migratorias. Algo que tamén puido estar entre as causas da emigración de Mato . Puidendo xa estar en Cuba o seu irmán Eleuterio, o que sen dúbida tería facilitado esa emigración-fuxida.[10]O período de emigración masiva a América constitúese entre o ano 1880 e 1930. Coa chamada “Era da emigración masiva”.

2.3. Cuba: a desexada panacea do labrego galego

Cuba e Arxentina constitúen os destinos predilectos da emigración galega a América no período estudado. En Cuba as grandes producións principalmente de azucre e tabaco e a abolición da escravitude por parte de España crean unha demanda de man de obra que se dirixe a Europa e a determinadas zonas de España. Milleiros de galegos emigran para traballar na zafra. E é que durante o século XIX Cuba intensifica as súas relacións comerciais con EEUU o que non agrada a España que ve perigar o seu dominio sobre a illa. Deste xeito afianza a protección arancelaria,

[10] Os irmáns de Bernardo tamén emigran a Cuba. Non podemos indicar cales son as datas exactas. Indicaremos durante o traballo os datos dos que dispoñemos. Sabemos que na segunda emigración de Bernardo (1920 aprox.) coincidirán os catro na Habana. Polo que sería lóxico pensar que tamén nesta primeira emigración foron xuntos ou uns axudaron a chegar a outros.

o que por un lado sustenta a Banca da Coroa (moi enfraquecida naquel momento) e polo outro repercute negativamente nese mercado incipiente con EEUU. As tensións non fan máis que crecer, e desembocan na independencia de Cuba en 1898, coa apoio e ate ocupación militar por parte de EEUU. A partir deste momento Cuba queda baixa a "protección" de EEUU que desemboca, de novo, nunha relación de dependencia materializada nunha enmenda á Constitución cubana. Bautizada como enmenda Platt poñía en cuestión a soberanía da illa cunha serie de privilexios na actuación de EEUU dentro da mesma (entre outras "cesión ao Estado norteamericano de porcións do territorio nacional para a construción de bases navais e carboneiras, (...) incapacidade da Illa para establecer acordos internacionais ou solicitar préstamos de forma autónoma, o cal na práctica concedía á banca norteamericana o monopoloio sobre o financiamento externo do Estado cubano (...)e como colofón o dereito de Estados Unidos a intervir militarmente na Illa, xustificado polo deber de protexer as propiedades e intereses norteamericanos na illa (...)" (García, 2012:191, 192).

Esta enmenda, e as actuacións que derivarán dela (entre elas a intervención e ocupación militar de Cuba entre 1906 e 1913 debido a desavenenzas entre a oposición e o goberno) serán contestadas dende certos sectores cubanos, que non entendía o paso dunha situación colonial a unha que non se diferenciaba moito daquela.Neste contexto, o dunha república que está comezando a construírse e que lidia con serias dificultades para a súa consolidación, chega Bernardo Mato a Cuba. Anos máis tarde, argumentado a conveniencia do federalismo pon o exemplo do sistema político estadounidense e engade:

> *"no acercándose por eso ni con mucho a la confederación ideal, pues que allí es muy grande el sentimiento imperialista que heredaron de sus abuelos los ingleses, y donde hay imperialismo o deseo de engrandecerse a costa del más débil no hay justicia, y donde no hay justicia no hay paz, y donde no hay paz es la vida una serie de sufrimientos ante el temor de la venganza y el desquite"*[11].

Non sabemos en canta medida lle influíu a Mato o que ve na Habana. Tanto os intentos por construír unha democracia como tamén as resistencias e as corruptelas. Pero de seguro influíron na construción do seu pensamento nestes primeiros anos de idade adulta. E é aquí onde debemos encaixar a súa acción. Cando un home de sotana negra ata os pés ven dende Galiza falarlle dos dereitos que el non tiña, Basilio Álvarez. Unha visita que se produce en 1913 cando Bernardo xa levaba varios anos en Cuba. Pero tamén son xusto dese mesmo ano 1913 de onde temos as primeiras informacións sobre a súa vida na illa.

[11] Conferencia de Bernardo Mato en Vinseiro publicado en EE. (24-02-1923 a 16-09-1923).

2.4.Bernardo Mato en Cuba: entre os estudos e as novas políticas

Unha vez en Cuba os primeiros datos que temos de Bernardo Mato datan do ano 1913. Trataríanse de dous tipos de documentos que nos ofrecerán información relevante en dous sentidos.

Os primeiros, recuperados na casa familiar, correspóndensecoas calificacións obtidas por Benardo Mato no Instituto de Segunda Enseñanza de La Habana.

Calificacións datadas, polo tanto, no ano 1913. Por unha banda as referidas a diferentes materias aprobadas entre o 23 de maio e o 14 de xuño. Materias de Gramática e Literatura Castellanas, Historia Universal e Geografía Universal. E por outra o documento que constata a aprobación dos exames de ingreso nese Instituto de Segunda Enseñanza. Polo que poderíamos pensar que Bernardo realiza os exames das materias que enumeramos (e posiblemente doutras non recuperadas) o que conforma á súa vez esa proba de ingreso ao Instituto.

Polo tanto nese ano ingresa no Instituto de Segunda Enseñanza de la Habana. Nos Institutos de Segunda Ensinanza de Cuba durante a época da República Cubana (que inclué o noso período de estudo) estiveron ao cargo da educación secundaria pública. Estes Institutos xa foran establecidos durante a época da colonia e constituíron a base da educación avanzada durante a época republicana. Tratábase de institucións pre-universitarias, aínda que tamén tiñan algunha ensinanza técnica, que preparaban aos estudantes para a realización de estudos universitarios.

O instituto da Habana foi fundado en 1863. E entre 1894 e 1896 publicou Anuais nos que escribiron reputados científicos da época. Neste centro, punteiro na nova educación que se implantou durante a República (o Plan Varona) formouse Bernardo Mato. Podemos intuír a influencia que tivo sobre el realizar os seus estudos nun contexto de avance educativo como aquel.

Información recabada a través do seu fillo falaría dunha licenciatura en Economía realizada na Habana. Algo que non podemos contrastar.

O que fixo antes dese ano na Habana (1913) e despois son unha incógnita. Pero poderíamos pensar que rematou os estudos pre-universitarios. Mato pois, non escatimou en esforzos para instruírse. E recollería o que nestes anos sementaba.

O segundo tipo de documentos son de orde familiar dúas postais de familiares da Estrada[12]. En primeiro lugar de José María Mato, o seu irmán, que lle escribe en Outubro de 1913, desculpándose pola súa tardanza na escrita. Cóntalle que está realizando a instrución na Estrada. José María tiña 21 anos. Polo que estaríamos falando posiblemente da preparación (ou similar) ao bacharelato. A familia de José

[12] A partir deste momento comezarán a aparecer os nomes das persoas que tiveron unha relación relevante con Bernardo, están gráficamente recollidas en anexos)

María non ten constancia dos seus estudos. Tamén fala na postal do regreso de Eleuterio. Non especificando de onde ven poderíamos pensar que tamén estivo emigrado na Habana o que abalaría a nosa teoría sobre a estancia dos dous irmáns na Habana nesta primeira emigración. Un feito que, como sinalamos, será recorrente nos seguintes anos, cando os irmáns coincidian na capital cubana. Este feito enmárcase no fenómeno das cadeas migratorias. Denominamos cadeas migratorias ás redes sociais de apoio dos emigrantes na sociedade de destino. Deste xeito o emigrante viaxa con garantías de aloxamento, apoio en destino e incluso traballo. Conformadas por membros dun mesmo lugar de orixe (veciños) e familiares constitúen a estrutura vital da emigración en xeral e da galega en particular.

Por outro lado temos a postal de José Brea. Tras a nosa investigación sostemos que se trata do seu curmán, fillo da irmá da súa nai (na xenealoxía, en anexo 1.1.) José Brea Castro, do lugar de Sequeros (Lamas) levará en anos posteriores o comercio familiar no mesmo lugar. José Brea desenvolverá tamén unha labor sindical agraria en anos posteriores actuando na mesma órbita que Bernardo Mato. Unha pista que queda patente xa nesta carta, de ben mozos na que José confírmalle que ten recibido a súa postal e os periódicos “con los detalles de grandioso recibimiento de Basilio, ¡VIVA GALICIA!”. Basilio Álvarez era por aquel entón un líder agrario de gran popularidade en Galiza. Encabezando, co seu discurso incendiario, as mobilizacións que comezaban a coller forza en Galiza, e que reivindicaban unha situación digna para o agro galego (na liña da oposición ás condicións deste que comentábamos no apartado anterior). Basilio Álvarez visita as colonias galegas en América no ano 1913 coa intención de mobilizar politicamente a estas cun propósito unitario: a loita agraria. Coma veremos a colectividade galega organizábase sobre todo nun grande número de pequenas asociacións de ámbito microterritorial cun alto compoñente rexeneracionista aínda que heteroxéneas, que pretendían maioritariamente coa súa acción colectiva incidir no desenvolvemento da súa sociedade de orixe. Sobre todo no campo educativo. Deste xeito a visita de Basilio Álvarez é un fito nas relacións dos movementos sociais e políticos a ambos lados do Atlántico. E debémola ter presente cando analicemos este feito polo miúdo.Tamén José confírmalle o envío adxunto dun album “de las bellezas que atesora nuestra querida Patria Chica”. Album fotográfico recuperado na biblioteca familiar. Estes albumes serán comúns entre os emigrantes, sendo unha forma de mantelos vinculados á terra o que constituirá parte do seu ideario. Idealización e engrandecemento de Galiza que constituíu o primeiro paso para loitar polo seu desenvolvemento.

Estes dous feitos, como dicimos, son de vital importancia, xa que constatan a actividade de Bernardo Mato na Habana, xa polo menos sensible ao asociacionismo galego e ao movemento agrario. E por outra banda, o seu intento (aínda que só sexa a nivel familiar) de espertar o interese polo mesmo na propia Galiza. Xa este primeiro contacto remítenos a hipótese base do noso traballo. ¿Como se realizan as dinámicas a un e a outro lado do atlántico? ¿Son unidireccionais? Esta postal, na que un entusiasta José Brea recibe as novas da Habana e ao mesmo tempo parece que ten unha actitude activa na terra, sinalan xa cara a reprocidade nas accións (tese que manteremos ao longo do traballo). Esta acción constitúe o interesante preámbulo de todo o que virá. Polo tanto, a partir de aquí será constante a presenza do movemento agrario e do asociacionismo galego en Cuba na vida de Mato. O que nos conduce aos seguintes pasos coñecidos, xa de volta en Galiza, cando temos a primeira proba do seu mergullamento nas accións en Galiza das sociedades de galegos emigrados.

Capítulo 3: O REGRESO Á ESTRADA (1915-1920)

O pago da multa por prófugo é unha das constatacións de que Bernardo Mato regresa á Galiza, como moito no ano 1915. Anos, como xa dixemos, nos que a I Guerra Mundial paraliza o tránsito transoceánico. Esa paralización non ocorrerá xustamente co comezo da guerra (1914) o que explica a viaxe de Bernardo Mato que se puido realizar, polo tanto, ata ben entrado o ano 1915. As consecuencias da contenda notaranse en todo o mundo con efectos dispares. Nas terras que nos ocupan a I Guerra Mundial contribuirá a un repunte das súas economías. Como países alleos ao conflito, beneficiaranse, polo tanto, en termos económicos.

3.1.A vida na Estrada, traballo e estudos.

Bernardo Mato regresa a Galiza con vinte oito anos. Tendo realizado na Habana os seus estudos secundarios e sen constancia de a que adicou laboralmente eses anos.E volve, volve a casa, volve a súa pequena aldea entre os montes dunha Galiza que recordaba e imaxinaba na Habana con aquel libriño de fotografías da terra galega, dos seus montes, ríos e xentes... E pode que xa alí, envolto nas ideas e accións dos galegos emigrados, estivese xa presente nel a crenza da educación como o instrumento de adianto e desenvolvemento para unha sociedade enteira, a través dos seus nenos, dos mozos e tamén dos vellos.Estivese xa xerminando, no interior de Mato, cando en 1915 comeza os seus estudos en Maxisterio en Santiago, sen poder evitar, pola nosa parte, entender esta decisión xa non só como unha decisión laboral, senón como unha aposta por uns ideais de futuro. Faino en Santiago de Compostela,

na Escola Normal. Estuda o primeiro e o segundo curso en 1915-1916, e o derradeiro en 1917-1918. Realízao a través da Ensinanza Non Oficial, o que indica que o fixo a distancia, acudindo só aos exames. Mentres tanto, Bernardo traballa como carteiro de Vinseiro, dende polo menos novembro de 1916 como indica o título de carteiro que temos recuperado da casa familiar. Neste posto perdurará ao menos ata o ano 1918. O caso é que Mato, cun traballo estable, decide estudar Maxisterio, xa ben maior. Algo que pensamos ten moita relevancia para entender tanto as súas accións como o seu pensamento: unha loita constante por facer ver o valor da educación no desenvolvemento persoal. E é tamén nesta curta etapa na Estrada (que o levará de volta a emigración no ano 1920-21) cando temos constancia por primeira vez da súa acción dentro dunha sociedade de instrución.

3.2.O asociacionismo galego en América: as sociedades de instrución e Bernardo Mato

Mato forma parte dunha asociación de emigrados galegos en Cuba chamada: Sociedade de Instrucción "Unión de Vinseiro y Cereijo" (de Cuba) no ano 1918. Aínda que é nese ano cando teñamos unha evidencia clara da súa vinculación co movemento que a continuación estudaremos, debemos ter presente que moi posiblemente a súa relación con elas veña da etapa anterior; da súa primeira emigración á Habana o que explicaría moitos dos feitos que vimos de relatar.

Polo tanto Mato posiblemente adherírase esta sociedade cando estivo emigrado na Habana (entre 1907 e 1915).Pero, ¿que eran as sociedades de instrución? ¿De que fenómeno falamos exactamente cando nos referimos ao asociacionismo galego en América? Os galegos emigrados en América organízanse en sociedades co obxectivo de axudar aos seus coterráneos en Galiza. Como apunta Nuñez Seixas non foi un fenómeno espontáneo e estivo ligado aos procesos nos que se envolvían os emigrantes cando chegaban a América, normalmente a unha grande urbe, lonxe do seu mundo coñecido. (Núñez, 1998)

O galego sufre un choque cultural de considerables dimensións ao ter abandonado unha zona rural e verse inmerso nas dinámicas dunha grande urbe como A Habana.Este contraste levábaos á solidariedade étnica cos galegos que chegaban, tentado facer máis sinxela a adaptación (a través da axuda mutua). Pero ademais este contraste ía inducindo neles mesmos, lenta e progresivamente, un proceso de cambio das súas coordenadas mentais e de percepción do mundo (Núñez, 1998).

Existe ou existiu un debate acerca de se eran os emigrados "uns espíritos inquedos" xa en orixe, que os fixera desenvolver todo aquilo, ou se simplemente a experiencia da emigración transformounos abríndoos a posibilidades que antes simplemente, non podían contemplar. Esta parece a hipótese máis axeitada xa que,

como dicíamos, cando o emigrado chega a América descobre unhas sociedades ben diferentes á galega e con elas novas formas de interactuación social e sobre todo de emprender a acción colectiva: a través da corporación mutua, da axitación política e social, da participación no movemento obreiro, en asociacións de empregados, en ligas de comerciantes, en asociacións culturais...etc. (Núñez, 1998)

Cambian, como xa dixemos, as súas coordenadas mentais, a acción ábrese a unhas posibilidades que antes non se podía sequera plantexar: como é o caso de asociarse. Tamén a finalidade desta asociación terá moito que ver coas novas realidades e sobre todo as novas reflexións as que se enfronta o emigrado:

> *"O labrego que emprendía o camiño da emigración descubriría un mundo urbano e de servizos, no que a mobilidade social ascendente deviña unha opción real e accesible" (Núñez, 1998: 72).*

E para que esta se producise fanse conscientes da importancia da instrución. Ante o contraste entre os que conseguían os que a tiñan e os que non. Polo tanto a toma de conciencia da importancia da educación prodúcese como consecuencia da súa propia experiencia vital.

Como nos indica Núñez Seixas non debemos pasar por alto a incidencia dunha elite dentro dos emigrados que os fixo decatarse da utilidade da súa posible aportación ao país natal. (Núñez, 1998). Así con estes ingredientes os emigrados fundan asociacións, sociedades de ámbito galego, comarcal e local. Aínda que as súas fins ían dende a beneficiencia, a axuda mutua ou o recreo, un obxectivo máis delimitado vai tomando consistencia e poderíamos dicir que conformará o motor dun gran número de asociacións: a educación. Neste proceso temos que ter ben presente a Mato, que chega a Habana xa cando as sociedades de galegos nutrían aos novos emigrados dunha estrutura de recollida e apoio mutuo. Tamén temos que telo presente no eido da educación, Bernardo Mato, que emigra e realiza estudos secundarios na Habana, como moitos outros emigrantes galegos. Moitos deles analfabetos, que comprenden que a súa formación será o instrumento que os poderá levar ao éxito ou ao fracaso da súa experiencia migratoria. Farano a través das propias sociedades, que sosteñen a educación destes a través dos centros rexionais. E que activan no recén chegado, o amor pola súa patria (vexamos o album de fotografías de Bernardo Mato neste contexto): idealización da terra. Estes centros será o primeiro paso que realizará o asociacionismo en América. Cunhas características específicas: protección mutua e asistencia benéfica entre os emigrados como centro da súa acción.

Así, aínda que existan certos precedentes do mutualismo galego en América, a eclosión das sociedades galegas coincide no tempo co comezo da emigración transoceánica masiva –as dúas últimas décadas do século XIX- (Núñez,, 1998).

A primeira sociedade galega da América nesta fase foi a Sociedad de Beneficiencia de Naturales de Galicia da Habana, fundada en decembro de 1871. Sucesivamente xorden os Centros Galegos da Habana, Montevideo e Bos Aires (1879) e nos seguintes anos moitos outros noutras cidades. (Núñez, 1998). Nestes centros, polo tanto o relevante é o traballo que se fai na propia sociedade de destino.

> *"Na fundación destas grandes sociedades (...) interviñeron tanto as elites do ascenso económico da colectividade galega emigrada, que no medio prazo tenderon a monopolizar os postos directivos das institucións, como tamén os axitadores intelectuais e políticos que xogaron un importante papel de liderato a través de periódicos e revistas, e protagonizaron así mesmo iniciativas políticas e culturais dirixidas cara ó país de orixe durante a derradeira década do século XIX." (Núñez, 1998:75)*

Estas elites intelectuais que continuaron facendo esa labor nas seguintes décadas parece un bo punto de vista dende onde enfocar a acción de Bernardo nos anos seguintes, cando xa instruído comeza a súa participación nos xornais, tanto dende Cuba como dende Galiza. Bernardo traballou no Centro Galego durante a súa estancia en Cuba (non sabemos se na primeira ou na segunda) polo que entender as súas dinámicas será de vital relevancia, para comprender tamén as posibles influencias que tiveron nas ideas educativas de Bernardo.O Centro Galego ofertaba servizos asistencias dende unha perspectiva apolítica. Chegou a ter 50.000 asociados no ano 1919. E creou o Plantel de Enseñanza "Concepción Arenal" no que estudaron 28.920 alumnos (Peña, 2000). A oferta educativa ía dende as disciplinas instrumentais ás clases prescolares, de instrución primaria, así como clases de inglés, caligrafía, etc. Por outro lado impartía clases nocturnas a adultos, cursos preparatorios de ingreso a bacharelato e a escolas superiores así como ensinanzas artísticas. (Peña, 2000).

As características que temos descrito (educación adultos, disciplinas instrumentais) estarán moi presentes entre as reivindicacións pedagóxicas para o sistema educativo en Galiza, e conformarán parte do que fai na práctica Bernardo (xa como mestre). Pero xunto a estas asociacións de tipo rexional configúranse outras sociedades, as chamadas sociedades de instrución,que operaban dende os lugares de destino cara os lugares de orixe, nun marco territorial moito máis pequeno. A súa relevancia defínese pola tipo de accións que realizaba, poderíamos afirmar que mentres as sociedades de ámbito rexional centraban a súa acción cara o grupo emigrado no lugar de destino as sociedades de instrución centrarán o seu ámbito de acción no lugar de orixe. (Peña, 2000). As sociedades microterritoriais terán como obxectivo a educación dos seus conveciños nos lugares de orixe.

Esta microterritorialidade estará baseada na reprodución na América do marco de referencia e interacción social dos emigrantes: a parroquia, a bisbarra ou o concello, feito que se poderá producir debido ao gran número de emigrados nas grandes urbes americanas(Núñez, 1998). Reproducirán, xa que logo, os esquemas e vencellos de identidade colectiva, que como dixemos no primeiro apartado do traballo será tamén parte da reivindicación: a exaltación e protagonismo destas unidades sociais ninguneadas polo centralismo da restauración.

A pervivencia destas solidariedades locais ao outro lado do mar xunto co curto período de estadía dos emigrantes alén do mar así como o alto promedio de retornos serán os factores que expliquen a multiplicación destas sociedades microterritorias que materializaban coas súas accións o vencello dos emigrantes coas súas comunidades de orixe. (Núñez, 1998).

As sociedades de instrución iniciábanse con frecuencia vencelladas a un chamado das parroquias ou lugares para que os emigrantes axudasen nunha fin concreto (normalmente unha obra pública). Deste xeito un ou varios emigrados de prestixio profesional creaban unha comisión provisional para recadar os cartos. A través desta acción ponse en marcha unha dinámica de acción colectiva que usualmente continuaba máis alá daquela concreta constituíndose en sociedades. Tamén serán comúns os chamamentos por parte das sociedades de agricultores para axudar economicamente ao labor político e redencionista (a través por exemplo, de xornalistas).

“Unión de Vinseiro y Cereijo”, sociedade na que actúa Bernardo Mato en 1918, será unha das centos de sociedades de instrución que desenvolven a súa acción nestes anos. Con sociedade de instrución denomínase xenericamente a aquelas sociedades microterritoriais nas que tamén están incluídas as de recreo ou as mutualistas pero en sentido estrito serían aquelas nas que a súa finalidade principal era a de dotar de establecementos escolares aos seus lugares de orixe. O período de maior fundación de sociedades será entre 1907 e 1925. Saber o seu número exacto constitúe aínda hoxe unha tarefa dificultosa.

Peña Saavedra fai a última actualización do reconto. Segundo a súa investigación obtén o número de 525 asociacións, dos cales o 90% terá súa sede central en Arxentina ou Cuba. Nesta nova revisión Coruña tería 187, Pontevedra 147, Lugo 139 e Ourense 52. (Peña, 2000: 9). Segundo a natureza do seu ámbito territorial teríamos que o 34,37% relaciónanse coa parroquia, o 46,96 % co concello, o 15,92 % coa bisbarra e só un 2,09% co nivel provincial atendendo aos datos de Núñez Seixas. (Núñez, 1998) A provincia de Coruña, Lugo, o Norte de Pontevedra e o Noroeste de Ourense serán sociedades de maioría instauradas en Cuba mentres que en Ourense e

Pontevedra na súa meirande parte orientaranse cara Río de la Plata. (Núñez, 1998)

É tamén relevante realizar un apuntamento sobre a distribución territorial das sociedades comprobando a grande densidade de sociedades de instrución en determinados puntos da xeografía (o que tamén está relacionado cos lugares de maior densidade migratoria), entre eles atoparanse as terras do Ulla (arredores da Estrada). Como podemos observar no mapa (anexo 2.2) A Estrada será unha das áreas con maior actividade das sociedades de instrucción. (Núñez, 1998)

Como vemos é un campo aínda en estudo.

O pulo pola modernización educativa en Galiza

Nesta curta frase poderíamos resumir os obxectivos das sociedades de instrución, e sobre todo con ela poderíamos resumir tamén os resultados das súas accións. Os emigrados galegos, polo tanto, enfocan a súa acción na educación. As razóns deste impulso poderíamolas dividir en dúas fontes de impulso:

Por un lado o emigrante analfabeto ou pouco estudado dase conta na América da importancia que ten a educación para desenvolverse na vida e poder ascender socialmente. Por outra banda na América vaise configurando un sentimento patriótico. Deste xeito loitará por evitar que a situación, que el mesmo viviu ao chegar sen instrución a terras americanas, lle ocorra aos seus veciños cando emigren, polos que sentirá ese nexo de amor, xa non familiar senón patriótico.

Por outra banda, e paralelamente vaise desenvolvendo un sentimento de necesidade de que a situación cambie na propia terra. A nocividade do influxo dos caciques e da Igrexa percíbense máis nitidamente dende lonxe (e no contraste coas sociedades nas que viven agora), perfilándose a educación como instrumento para desenvolver xa non ao emigrante potencial, senón ao pobo galego.

Estas serán, as dúas finalidades que camiñarán parellas e á vez enfrontadas, no desenvolvemento das accións educativas das sociedades de instrución: por un lado o incentivo a emigrar (educalos para emigrar) e polo outro educalos para poder desenvolver a propia terra. Polo tanto aquí están algunhas das motivacións que guiarán ás sociedades de instrución.Isto tradúcese, segundo datos de Peña Saavedra, que son, en todo caso, aproximados, en:

> *"Creación dun total de 235 colexios nas súas localidades de referencia. Tales centros escolares estaban provistos de 336 aulas que se instalaron nuns 184 edificios de nova construción ou remozados expresamente para desenvolver nas súas dependencias actividades académicas."*[13] *(Peña, 2000:17).*[14]

[13] En fragmentos Peña Saavedra (2000): tradución propia.

Ademais realizaban diferentes accións de apoio aos centros xa en funcionamento a través de colectas destinadas a "adquisición de menaxe escolar, dotación de premios para alumnos, gratificación por servizos docentes, financiación de edificios, subvención de actividades circunescolares e institucións complementarias" (Peña, 2000:17). A acción das sociedades de instrución centrouse na educación primaria pero tamén realizaron accións na secundaria e mesmo no nivel universitario.

Polo tanto as sociedades de instrución foron fortalecendo Galiza cunha rede de escolas primarias. Serían as chamadas "escolas de americanos". A súa implantación non foi unitaria, deste xeito podemos distinguir tres formas de implantalas segundo sexan xestionadas polo estado, polos emigrados ou cun procedemento "mixto".

Deste xeito "os ausentes de forma corporativa tratarán de actuar desempeñando unha función subsidiaria, complementario ou de reforzo da acción executada polo Estado" (Peña, 2000:21) Pero "esa labor supletoria ou completiva non se limitaba a promover a creación de establecementos de instrución primaria a imaxe e semellanza das escolas públicas entón existentes, xa que nelas os emigrantes percibían multitude de lacras e de rémoras que era preciso erradicar" (Peña, 2000:21).

Polo tanto as sociedades de instrución o que pretenden é a modernización da educación, unha modernización precisa para acadar os seus obxectivos primordiais.

Entre eles aquel no que os cidadáns do mañá fosen "axentes catalizadores da rexeneración social no seu propio entorno" (Peña, 2000:22). Así a escola debería dotarse dunha ensinanza máis utilitaria e funcional, adecuándose aos modernas correntes pedagóxicas entre elas o Rexeneracionismo, a Escuela Nueva, a Institución Libre de Enseñanza e os movementos anarco-racionalistas. (Peña, 2000).

Esta modernización, con estes obxectivos e influencias concrétase en:

1.Modernización das instalacións: para ter dignas condicións hixiénicas, pedagóxicas e arquitectónicas. Inclúense novos espazos non provistos nas escolas públicas. Biblioteca, gardarroupa, servizos (incluso con duchas), laboratorios ou xardíns e parcelas para prácticas de experimentación agrícola. E casa vivenda para o mestre, entre outras. Moitos destes espazos eran empregados pola veciñanza.

2.Modernización no propio equipamento: mobles máis axeitados (pupitres bipersoais fronte as antigas mesas-banco) e unha intensa variabilidade de material didáctico (dende máquinas de escribir a colecciónns de láminas, gabinetes de físca, química e ciencias naturais ata outros máis comúns como os libros), bibliotecas abertas ao vecindario,

[14] Información extraída tendo en conta o traballo de Benito Castrillo, contemporáneo do fenómeno, no ano 1924 (Peña, 2000).

3.Modernización do plano de estudos: como di Peña Saavedra “as variantes alternativas de implantación dos colexios americanos e a incapacidade de consensuar un proxecto de intervención unificado por parte das súas corporación promotoras fixeron inviable a elaboración dun plan de estudos común e universal para estes centros, se ben son abundantes as coincidencias entre as ofertas curriculares de todos eles” (Peña, 2000: 24).

Dentro destas similitudes debemos xa atender a influencia que estas características terá xa non só nesas escolas de americanos senón nas reivindicacións de modernización da escola pública, que avanzará con gran pulo durante o período republicano. Características que estarán moi presentes tanto na teoría pedagóxica que defenda Bernardo Mato como tamén nas experiencias que leve a cabo como mestre.

Ás materias ordinarias (das que normalmente se excluía a Doutrina cristiana) sumábanselle outras materias de corte máis práctico e preprofesional como Contabilidade, Cálculos Mercantiles, Tenerduría de libros, Idioma estranxeiros, Nocións de Agricultura ou Educación Social. As materias que se realizaban variaban segundo o centro, pero estas eran das máis comunmente encontradas.

Por outra banda desexaban fuxir das técnicas habituais da escola tradicional como o memorismo, a abusiva teorización e abstracción ou a ausencia de estímulos motivacionais no proceso educativo. Deste xeito pretendían empregar unha “metodoloxía cíclica”, apoiándose en procedementos práctico-intuitivos que “favorecesen a participación activa e directa do alumno na construción tutelada dos seus aprendizaxes” (Peña , 2000: 24). Terán especial interese pola preparación efectiva do profesorado(esixencia da titulación oficial, algo que non se realizaba normalmente) e se lle exhortaba para que “actuasen como asesores pedagóxicos, promotores de novas iniciativas na área educacional e dinamizadores socioculturais da comunidade onde se encontraba anclada a escola” (Peña, 200; 25). Estas esixencias e orientacións serán parte fundamental da teoría pedagóxica de Bernardo, que desenvolverá nos seus artigos na prensa. En canto ao alumnado aínda que dábanlle prioridade ao varón, evoluciona e acrecéntase o interese pola educación da muller (o que tamén veremos en Bernardo).

Ademais as escolas de americanos desenvolveron actividades paralelas novidosas e enriquecedoras da vida local como paseos e excursións, festas do árbore, conferencias de extensión educativa, etc. (Peña, 2000).Nestas actividades veremos tamén moi activo a Mato xa antes de ser mestre. E será xa base da acción de 1918 na Unión de Vinseiro y Cereijo á que facíamos referencia en liñas anteriores.

Así a través dun artigo de El Emigrado de 1929 [15] temos constancia da actuación de Bernardo coma un dos organizadores da primeira festa escolar celebrada pola Sociedade de Instrucción "Unión de Vinseiro y Cereijo".Nas primeiras referencias na prensa "Unión de Vinseiro y Cereijo" defínese como Sindicato Agrícola, solicitando diñeiro aos emigrados residentes en Cuba (en 1921). Esta dualidade no seu nome "sindicato agrícola" e "sociedade de instrucción"[16]podería ser paradigmático da relación bidireccional entre agrarismo e emigrados.

Polo que todo apunta ao nacemento dunha influenciado pola outra. Sen saber cal foi a primeira, ou se xurdiron ambas á vez.As festas escolares eran certames que organizaban e financiaban as sociedades de instrucción. Normalmente consistían na entrega de premios para os alumnos que máis tiveran traballado no curso escolar, tamén solían recitarse poemas e incluían discursos de mestres e personalidades importantes do lugar. O certame dos Pereiriños foi un dos máis relevantes e estables e realizábase a conta do Sindicato de Pardemarín (parroquia limítrofe á de Vinseiro-ver mapa en anexo 2).Duraban todo o día, con xantar popular, xogos, etc. Debemos entender os certames como instrumentos de concienciación da relevancia da educación dos nenos. Deste xeito poñíase en alza a importancia do esforzo e do traballo a través dos premios e aproveitábase a ocasión para falarlle aos pais sobre o vital que era que mandasen aos seus fillos á escola. Así o certame tentaba ser un lugar de encontro, un lugar de concienciación. Debemos entendelo dentro dunhas dinámicas sociais que non sempre eran favorables e xustas co esforzo dos emigrados, que en múltiples ocasións eran recriminados. Así mediante estas festas os emigrados tentaban facer calar entre a xente a súa mensaxe: a educación sacaríaos da miseria.

Mato, xa que logo é parte organizativa da Sociedade de Instrución. ¿Como podemos entender este feito? Como nos din os estudosos das sociedades de instrución, estas funcionaban na orixe grazas ao traballo dos propios emigrados retornados (no que sería o seu caso) e de sociedades agrarias que eran en moitos casos tamén as encargadas de supervisar as accións que levaban dende a distancia as sociedades de instrución.[17] Así vemos un dos nexos de unión dos dous movementos. Un dos nexos, que só é a punta do iceberg dunha relación vital para a compresión do contexto. Esta relación de cooperación entre ambos, será unha das

[15] En El Emigrado 16/03/1929

[16] "Unión de Vinseiro y Cereijo" aparece no listado de sociedades de instrucción realizado polo Consello da Cultura Galega.

[17]Coma acabamos de comentar no caso de "Unión de Vinseiro y Cereijo" poderíamos falar dunha sociedade de instrución que en orixe conformábase como sindicato agrícola polo que a relación entre ambas sociedades é aínda máis palpable. Para facer afirmacións e reflexións máis profundas debe realizarse unha investigación máis exhaustiva desta Sociedade, algo que queda fóra das marxes do noso traballo.

materializacións que terá o seu contacto. Contacto que, pensamos, baséase na súa finalidade conxunta. Que, aínda que difusa e heteroxénea, dependendo da sociedade á que nos refiramos, poderíamos esbozar como aquela finalidade na que a instrución estaba pensada para facer fronte ao clientelismo político no medio rural.

Debemos centrarnos no contexto estradense (que é exemplo paradigmático do que acontecía a nivel galego) e que nos achegará á vida de Mato. Atenderemos pois a análise do movemento agrario e como vai confluíndo co dos emigrados. Estes últimos con papel protagonista dende 1920, o que coincidirá coa etapa máis activa do biografado (primeiro dende Cuba e logo como emigrado retornado na Estrada).

Descoñecemos en que magnitude estivo inmerso nos acontecementos que imos relatar. Pero debemos ser conscientes de que Bernardo Mato, non puido ser alleo a todo isto, e a súa actividade posterior estará de seguro influenciada polo que ocorre nestas dúas primeiras décadas do século XX. Algo que o collerá a cabalo entre o seminario, a emigración e os estudos, pero que como podemos intuír non o collerá alleo, xa que mantén uns vínculos claros co seu lugar de orixe e cos asuntos sociais e políticos.

O século XX comeza na Estrada con dous sucesos, por un lado a implantación masiva do agrarismo (como ocorre tamén a nivel galego) e as pugnas entre faccións polo poder do concello. Xogo no que se inxire o sindicalismo agrario pasando de pactar coas faccións á proclamar a loita anticaciquil e polo tanto antiriestrista.

Levamos boa parte do traballo facéndonos eco do movemento agrarista que se desenvolve en Galiza neste primeiro terzo do século XX. Un movemento de grandes magnitudes e efectos que constituíu o primeiro movemento político de masas en Galiza. A súa propia existencia foi silenciada e esquecida durante décadas o que aínda ten hoxe efectos na historiografía, que tenta recuperarse deste baleiro a través de diferentes estudos dende os anos 70. Pero centrarémonos nesta posthistoria do agrarismo e dos seus efectos xa non só en termos teóricos senón tamén na acción colectiva do mundo rural posteriormente. Agora cómpre, antes de analizar a situación concreta da Estrada achegarnos a este fenómeno.

3.3. O agrarismo; unha aproximación

Seguindo o estudo de Cabo Villaverde (1998) por “agrarismo” designaremos a “un movemento social que, atopando a súa base de masas no campesiñado parcelario (o que non exclúe nin moito menos a participación doutros grupos sociais), desenvólvese en Galicia a partir da última década do século pasado (XIX) e atopa o seu drástico punto final, como tantas outras cousas, na guerra civil” (Cabo, 1998:11).

O agrarismo tenta pois mobilizar ao campesiñado “que ata aquela non atopara unha expresión propia dos seus intereses, con vistas á consecución dun amplo abano de metas” (Cabo, 1998:11). Cabo Villaverde sintentízaas en dúas: por un lado a obtención dunhas condicións básicas para a supervivencia da pequena explotación familiar no marco dunha economía capitalista cada vez máis invasiva (e que explicamos na contextualización da economía labrega) e por outro conseguir a articulación política dos intereses do campesiñado parcelario galego, igualando a súa situación á de outros complexo agrarios existentes no Estado español e a doutros grupos sociais. (Cabo, 1998).

Aínda que con estas fins comúns, como veremos na propia historia da Estrada, o agrarismo é un fenómeno complexo e ata contraditorio, que persegue diferentes metas segundo o momento, o espazo no que se desenvolva e segundo a súa perspectiva ideolóxica. Polo tanto non constituíu un fenómeno unitario e tampouco contou con teorizacións “de altura” (Cabo, 1998:13).

O agrarismo responde como tratamos no primeiro apartado á situación que vive o campesiñado galego a finais do século XIX. Este movemento articularase a través das sociedades agrarias. Estas serán na súa maioría de base parroquial, como tamén ocorría coas sociedades de instrución e supón o recoñecemento tamén, neste caso, da parroquia como marco inmediato de interacción social (Cabo, 1998). Ao fío da estrutura social campesiña na que viamos a casa como célula básica, as sociedades non contemplan ao individuo illado, senón como compoñente desa unidade económica. En canto a súa composición profesional Cabo sostén que as agrarias reproducían o microcosmos social da parroquia (Cabo, 1998:49). Aínda así o liderato estaba copado normalmente por elementos non campesiños da sociedade rural (propietarios, mestres, párrocos...) e campesiños retornados (atender xa que logo a importancia da emigración na propia composición do agrarismo) que Cabo denomina “semicampesiños”. Pero aínda así varios autores sosteñen que durante os anos 20 e a II República producirase unha “campesinización” nas directivas agrarias (Cabo, 1998:49).

Poderíamos falar de diferentes etapas dentro do agrarismo: a primeira de formación (ata 1906), a segunda entre 1907 e a IGM cando se realizan os primeiros intentos organizativos a grande escala, a terceira entre 1914/18 e a ditadura de Primo de Rivera, a cuarta durante este réxime e a última no período republicano. (Cabo, 1998:13, 14).

Interesámonos por dúas das funcións das sociedades agrarias: serán as funcións no ámbito educativo e no político-reivindicativo (Cabo, 1998). En ambas farase patente aquela relación á que vimos facendo referencia durante boa parte do

presente traballo: a relación cos emigrados. Deste modo as sociedades agrarias amosan unha importante preocupación polo ensino. O que se materializa tanto na educación de adultos a través da subscrición á prensa agrícola, a creación de bibliotecas para os socios, etc (Cabo, 1998). Como na educación primaria, colaborando como vimos (Peña Saavedra, 2000) coas sociedades de instrución na creación e instalación de escolas (Cabo, 1998:55).

O principal obxectivo político dos agrarios será, pese as diferenzas entre sociedades, exercer a maior influencia posible no concello. Deste xeito segundo o contexto as evolucións nesta relación de toma de poder municipal evolucionará dende o pactismo co grupo poderoso á confrontación co mesmo.

Como aspecto reivindicativo fundamental, e que xa vimos recalcando ao longo do traballo atoparase o antiforismo .(Cabo, 1998) Da redención á abolición segundo a etapa.

3.4. A Estrada: entre o caciquismo e o espertar agrario (1900-1920). Un exemplo paradigmático.

> *"O xogo de interinfluencias entre América e Galicia, e ó mesmo tempo o cruce de ambiguedades políticas, pode apreciarse claramente no caso da Estrada" (Núñez, 1998:213)*
>
> *"O partido xudicial da Estrada é probablemente un dos distritos electorais galegos máis interesantes e conflictivos desde o punto de vista sociopolítico durante o período da Restauración" (Núñez, 1998:216)*

A Estrada constitúe un termo municipal o cal agrupaba a 51 parroquias nunha extensión de 282 km cadrados. En 1911 contaba con 23.916 habitantes (Cardesín e Lago, 1992).(Ver mapa en anexo 2).Nos primeiros anos do século o poder municipal era fonte de duros enfrontamentos a nivel local froito do gran número de funcións que dependían do concello, aínda que como xa vimos o poder estaba fortemente centralizado, algo que poderemos comprobar coa análise dos feitos acontecidos nestes anos na Estrada.

As funcións do concello era tan vitais como a redacción do padrón, a organización da recadación dos impostos, as levas para o servizo militar e as eleccións, a supervisión dos servizos de interese público (como o sistema sanitario, o de instrución pública, etc) e a supervisión directa das actividades produtivas e comerciais. Pero como xa dixemos o goberno provincial, como supervisor a súa vez dos concellos e con competencias para sancionalos era o espazo de poder político determinante. Como nos indica Garrido debemos ter en conta que os partidos políticos eran "organizacións de notables, de familias que ocupaban a elite social, e a través de relacións informais de amizade ou parentesco, establecían alianzas para lanzarse ao

asalto do poder." (Garrido, 1995:48). A provincia de Pontevedra, en mans do partido liberal, combinaba no poder ao Marqués Vega de Armijo que participaba no poder estatal e ao Marqués de Riestra que se adicaba principalmente ao poder provincial.

Deste xeito as eleccións locais estaban marcadas pola necesidade tanto de gañarse o favor político do xefe provincial como gañar o maior número de adhesións posibles na súa localidade o cal lle facilitaría a súa aprobación (Garrido, 1995).

Polo tanto parecía que todo, á fin, pasaba polas mans de Riestra na provincia de Pontevedra e as loitas que comentaremos, quedan por debaixo del. Ambos bandos son riestristas.

A comezos do século XX a política e a administración municipal na Estrada estaba dominada pola figura do Marqués de Ulloa, que como non podía ser doutro modo, estaba vencellado ao Marqués de Riestra (Núñez, 1998).Faustino Ulloa desempeñaba o papel de cacique na Estrada.[18] Faustino, coa colocación estratéxica dunha rede familiar e de amigos nos cargos tanto políticos como sociais máis relevantes na Estrada, ocupaba o posto de recadador de contribucións do concello (como xa dixemos o cacique non soe ocupar cargos lectivos e deixa esa función a persoas de menor peso). Tece pois unha rede de relacións co obxectivo de asegurarse o control dos mecanismos do poder local (Cardesín e Lago, 1992).

Segundo Cardesín e Lago " o caciquismo implica o establecemento de acordos entre o barón provincial (Riestra neste caso) e o cacique local. O acordo prodúcese mediante a articulación de dúas redes de relación".[19] Polo que resulta inestable: "depende da capacidade da oligarquía local para ofrecer garantías de liderádego sobre un sector maioritario da poboación". E tal así que na Estrada a loita polo poder local poralizarase en torno a dúas bandas. Por un lado a de Gumersindo Otero que conta co apoio dos Losada e dos Espinosa, forte a nivel provincial coa presidencia da deputación e que pretende controlar o sindicalismo agrario da zona orientándoo cara o tradicionalismo católico (Garrido, 1995). E por outro a de Ulloa(encabezada por Miguel Nine) que despraza á banda anterior do poder local situando na alcaldía ao xenro de Ulloa en 1904.

A oposición a banda de Ulloa polarízase polo tanto en torno a banda anterior, a de Gumersindo Otero. Estes crean o 15 de decembro de 1906 o semanario El Estradense, en mans da familia Espinosa Valladares (emparentada á súa vez coa familia Losada).

---

[18]A súa rede clientelar e familiar foi investigada por José María Cardesín e Pedro Lago no seu estudo sobre o caciquismo (1992).

[19] Tradución propia das citas do estudo Cardesín e Lago (1992)

O director do xornal será Manuel García Barros o que inicia a crítica aberta ao caciquismo de Nine-Ulloa (mantendose polo tanto fiel ao poder provincial). García Barros é empregando por este outro bando (que non esquezamos, segue tendo natureza caciquil) como cabeza de turco, xa que as persecucións por ir en contra do poder municipal recaerán sobre el.

En anos anteriores o agrarismo viña implantándose dunha forma masiva na Estrada (etapa de formación e nacemento). A partir do ano 1907 Antón Losada e Torres Agrelo introdúcense no sindicalismo agrario pasando a "liderar a contraofensiva agraria a través do periódico El Estradense" (Núñez, 1998).

Despois da morte do marqués de Armijo (1909 aproximadamente) o poder provincial cópase exclusivamente pola familia Riestra e no poder local "imponse a unidade" (Garrido, 1995). Queda pois bloqueada a vía da transformación a través do marco xuridico-legal, o que encauza aos opositores no concello a outras vías de acción, maioritariamente a acción agraria. Abandonando en parte e paulatinamente aquela polarización ao bando de Gumersindo Otero. Radicalizando as súas posturas anticaciquís que non deixaría oco ao pacto cos caciques.

A implantación masiva dos sindicatos agrarios realízase a partir do ano 1903 nas parroquias da Estrada seguindo as etapas xerais do agrarismo no seu conxunto. As sociedades estradenses adhírense ao directorio de Teis que en 1908 pide a redención dos foros e aglutina a 100 entidades. Tamén neste ano, concretamente en decembro constitúese a Federación Sindical Agraria del Ayuntamiento de la Estrada. García Barros será o seu presidente e vicepresidente Torres Agrelo, a cal será unha potente federación que estende anos máis tarde a súa acción a Silleda, Forcarei e Cerdedo (en 1913). Será unha federación que "nace por iniciativa galega, e que logo distribúe na Habana e Bos Aires o manifesto impreso dirixido aos estradenses emigrados alentándoos a asociaren e coadxuvaren no labor dos agrarios" (Núñez, 1998).

Recordemos que estamos en pleno proceso de intento de aglutinar ao agrarismo en plataformas (o directorio antiforista de Teis, Solidaridad Gallega e Unión Campesina serán os exemplos principais).Tamén é preciso nomear as tres asembleas agrarias de Monforte (1908, 1910 e 1911) nun intento por crear un programa común para o campo galego (Herves,1991).

Tras a morte do Marqués de la Vega dicíamos que o poder provincial quedaba copado exclusivamente pola familia Riestra. O posto nas Cortes polo distrito da Estrada recaerá entón en Raimundo (fillo do marqués). O movemento agrario na Estrada daralle o seu apoio electoral a cambio da promesa de levar ás Cortes Xerais a redención foral. O movemento agrario polo tanto, actúa con certa inxenuidade nestes

primeiros anos de vida. Pero trala traizón demostrada de Raimundo o movemento agrario vai collendo forzas dende a perspectiva antiforal e co apoio de Chinto Crespo (líder agrario de Teis). De realizar peticións evolucionan a proclamar esixencias. Os seus combates principais serán tanto a redención foral como a loita anticaciquil.

1913 será de vital relevancia tanto para o movemento agrario a nivel galego como a nivel local. Será, pois, o ano da reorganización do mesmo a través do liderato de Basilio Álvarez. Basilio chega de Madrid e reorganiza o movemento grazas por un lado ao seu discurso incendiario e por outro aos contactos que realiza entre un grupo de galegos en Madrid (Portela Valladares, Alfredo Vicenti, etc) e un grupo de mozos intelectuais galegos (entre eles Ramón Fernández, Ramón Cabanillas, Eugenio López) o directorio de Teis e os estradenses entre outros. A nivel local o punto de inflexión constituirao o mitin de Basilio realizado o 20 de outubro. (Esta reorganización como xa dixemos, inclúe a xira por América).

Así o seguinte feito a suliñar na vida política na Estrada sería o chamado "cerco á vila", confrontación que se desenvolve xustamente nos anos en que Bernardo Mato regresa a Galiza. Nestes anos o agrarismo quere redifinir a súa estratexia de cara a toma do poder a través dunha serie de demandas populares e posibles mobilizacións para conseguilas. En decembro de 1914 os agrarios acordan, polo tanto, a reivindicación dunha serie de medidas entre as que destaca a oposición a seguir pagando un imposto, chamado "deficit" que financiaba a construción do novo edificio do concello e que xa pasaba de longo o que estaba presupostado nun principio. Fanllas chegar ao goberno municipal denunciando o abandono do ensino público e os abusos caciquís entre outros asuntos. Pero ante a negativa de estes a entrar nunha negociación os agrarios deciden desenvolver unha folga baseada no impedimento de calquera tipo de comercio do rural coa vila. A situación é tensa e desemboca na detención durante unha festa en Lagartóns dalgúns dos lideres agrarios entre eles Señarís, o presidente da Federación. A xente que se atopaba na festa camiña en manifestación á vila. Cada vez agrávase máis a tensión social. Os manifestantes cercan o concello, ante tal situación (na que houbo algúns enfrontamentos coa Garda Civil) o Marqués de Riestra decide cederlle o concello aos agrarios en virtude do artigo 29.[20]

Os agrarios festexan a súa vitoria pero realmente Riestra non cedera a exercer e manter o seu poder sobre a Estrada. Como vimos o concello posuía algunha das función principais para o desenvolvemento da vida municipal pero en realidade estaba supeditada ao poder provincial. Riestra exérceo afogando ao goberno municipal dende

[20] Polo artigo 29 se non hai indicios de loita electoral non se precisan celebrar eleccións.

a deputación provincial. O movemento agrario aínda se aglutina en 1916 na defensa dos agrarios no concello e manifféstanse en contra das Deputacións. Pero realmente xa moitos agrarios vían que aquela non era asolución e que o poder seguía nas mesmas mans.

E continuarán os duros golpes xa que a Federación veráse totalmente fragmentada entre aqueles que seguen a ver no pacto con Riestra unha posibilidade de articularse no poder (con motivo das eleccións) e aqueles que teñen como base fundamental o anticaciquismo. Escíndese pois da Federación aqueles que "non pasan polo aro". O agrarismo divídese entre aqueles que optan por seguir no pacto con Riestra e Ulloa, os que se posicionan en alianza con Gumersindo Otero e os anticaciquís de Lalín (os disidentes).

Por outra banda a Federación adhírese en 1918 á Asamblea Nacionalista de Monforte pero non apoia ao candidato nacionalista (por ir en contra de Riestra). O grupo de Antón Losada crea a irmandade nazonalista da Estrada onde participa tamén o grupo de disidentes. A situación na Estrada defínese como a dun agrarismo dividido, derrotado.. incluso para os que apoiaran a facción Ulloa, que ven de novo como as promesas eran incumpridas.Neste contexto é cando se produce a intervención exterior dos emigrados. Seguindo a idea de reconducir os movementos sociais, fase visible a relevancia do papel entón das sociedades de emigrados e exemigrados. (Garrido, 1995)

"Produciuse a intervención exterior tanto dos emigrados estradenses como dos emigrantes retornados organizados colectivamente na procura da reunificación do agrarismo e da creba do monopolio do poder local" (Núñez Seixas, 1998:)

Esta intervención farase visible a través da fundación do xornal "El Emigrado". No que Bernardo Mato escribirá xa dende os seus primeiros números no papel de emigrado estradense na Habana nun primeiro momento e de emigrante retornado despois.

3.5. Agrarismo e emigrados: viaxes de ida e volta

Realizado este debuxo da escena contextual na que se move Bernardo, e sobre todo tendo en conta a análise xeral tanto das asociacións de emigrados como do agrarismo en Galiza debemos agora facernos unha pregunta que estivo presente na historiografía e na historia económica de Galiza ata datas recentes.

¿Cal foi o papel da emigración no proceso de mobilización social e política que acontece en Galiza neste primeiro terzo de século?

Poderíamos falar de dúas correntes de pensamento ben diferenciado. Por un lado aquela que sinala a emigración como factor clave de desmobilización social. Ante a situación crítica dos galegos no período estes optan pola emigración e non pola revolución. Así a emigración constitúe unha válvula de escape ás tensións sociais que anula as posibilidades dunha verdadeira revolta en Galiza que puidera supoñer un movemento o suficientemente forte como facer tornar o rumbo. Esta corrente constituíu a explicación clásica da situación en Galiza durante décadas dende sobre todo o sector nacionalista. Xa visible en Castelao e que continúa en Beiras.

Pero por outro lado temos a corrente que sinala na emigración un factor de empurre dos procesos mobilizadores en Galiza.

Seguindo esta corrente teríamos varios supostos que corroborarían tal versión:

- as parroquias de orixe fan chamados aos emigrados para recadar fondos: e acaba desembocando nunha sociedade de instrución (o que puidemos ver co caso da "Unión de Vinseiro y Cereijo").

- o agrarismo no 1913 comeza un proceso de concienciación cara as colectividades americanas para que se uniran en federacións (co exemplo da visita de Basilio Álvarez ás colonias galegas en América).

- e ao mesmo tempo as sociedades de instrucción (sobre todo posteriormente) métense na loita anticaciquil, sendo moi activas no seu involucramento co agrarismo (a través de diñeiro, xornais, etc) e sobre todo co anticaciquismo mediante emigrados pero tamén, e con moita relevancia con retornados.

Para ser máis exactos, e seguindo a argumentación de Núñez Seixas, non podemos facer un exercicio de adivinación para saber se no caso de que non se emigrara, que tivera ocorrido en Galiza. Constitúe polo tanto unha afirmación difícil de constatar xa que baséase en supostos que non podemos analizar. O que si podemos evidenciar mediante o estudo e a investigación do período é cal foi a influencia real da emigración na mobilización social.(Núñez, 1998)

Así, ante as situacións que acabamos de relatar abriríanse tamén varias afirmacións diferentes:

-Por un lado poderíamos soster que a emigración constituíu un proceso clave na mobilización na medida en que foron as ideas e as formas de organización que se ven e se crean en América aquelas que se exportaron logo a Galiza.

-Por outro lado (tamén bebendo dos feitos que xa explicamos e seguiremos tratando) diríamos que o asociacionismo que se crea en América ten a súa orixe nas chamadas á mobilización que veñen da propia Galiza. Exemplo clave na Estrada (e que trataremos) onde a Federación Agrícola insta a través dun manifesto á asociación

dos emigrados estradenses o cal se materializa no auxe fundacional de sociedades de instrución na outra beira do Atlántico (1915).

-E por último, seguindo a Núñez Seixas (1998), e coa convicción propia de que se trata da aproximación máis achegada á realidade, manteremos que o influxo mobilizador non foi un proceso unidireccional (dun lado do Atlántico cara o outro) senón que constituíu un proceso bidireccional, no que segundo o momento, o lugar etc, a iniciativa ou o impulso viu dun ou doutro lado.

Así teríamos que os emigrantes, mediante a súa concienciación en América aportan ideas novidosas, e sobre todo a idea da educación como primordial para o desenvolvemento da sociedade. Aportan remesas inmateriais pero tamén materiais, mediante o envío de colectas tanto para obras públicas como para axudar ás propias organizacións da terra.

Pero por outro lado dende Galiza o movemento agrario purrou para que en América as sociedades galegas se orientaran cara un obxectivo común: aquel antiforista e anticaciquil. Polo que o máis acaínte sería falar dun proceso en ambas direccións, que se retroalimentou. A cuestión paradigmática para entender este influír mutuo entre movementos aos dous lados do mar sería aquela que atende ás fins políticas e sociais que se ían perfilando.Un esbozo no que estivo ben presente esa correlación e que é vital ter presente para comprender ambos procesos:

Por iso as sociedades de instrución, nun principio cuns propósitos (expresados nos seus estatutos) interclasistas, incluso ambiguos (nos que a educación constituía iso si, unha aposta por unha rexeneración e dinamización social) vai evolucionando no tempo, producíndose xa nos anos 20 unha viraxe a esquerda: as sociedades politízanse co apoio concreto do movemento agrario. A dificultade viría en afirmar se nesta evolución viu antes ás influencias das elites emigradas (máis concienciadas políticamente) ou se pola contra tiveron máis influencia os movementos galegos. Esta dificultade para poñer orde as influencias obedece, polo tanto, tamén a ese influxo bidireccional. Influxo que polo tanto estivo na orixe da politización consciente do pensamento rexeneracionista (máis difuso ata ese momento): entran en xogo as ideas e estímulos que chegan dende América e o fomento dende Galiza da necesaria de unificación de esforzos das sociedades galegas de América para conseguir operatividade política. (Núñez, 1998)Estas dinámicas estarán moi presentes no relato que comezamos agora, cando Bernardo Mato regresa a América, escribe en xornais, e á volta conforma ese grupo de emigrados retornados que tiñan un papel sinalado dentro das diferentes organizacións na terra.

Capítulo 4: DE VOLTA Á HABANA (1920/21- 1922)

Bernardo Mato emigra de novo a Cuba no momento de reactivación dos fluxos migratorios mundiais trala fin da Primeira Guerra Mundial.

Faino moi posiblemente en 1919, cando está datada unha fotografía de Bernardo coa súa familia en Vinseiro.A nosa hipótese de que a emigración realizouse en 1919 obedece aos documentos que abalan os traballos que realizou na capital cubana durante eses anos.

Como no caso da súa primeira emigración puidemos sinalar unhas causas bastante nítidas para a súa partida (fuxida do Exército) nesta segunda emigración as causas non poderán ser expostas con seguridade. Mato traballa na Habana como tenedor de libros e corresponsal en varias empresas. Corroboramos os datos con varios documentos. En primeiro lugar unha carta de recomendación do National Bank of New York na Habana cara outra empresa: o Havana Electric Railway no que definen a Mato como tenedor de libros (contable) e corresponsal para os señores Pérez y Fernández. Esta carta está datada en marzo de 1922. Tamén contamos coa certificación expedida por J. Menendez y CIA (Importadores de Tejidos) do traballo realizado, tamén nos mesmos postos, de Bernardo Mato durante tres anos. Sendo datada esta certificación en xaneiro de 1922 e no que se indica que segue traballando nese momento. Deste xeito podemos extraer o dato da súa labor na mesma dende o ano 1919.

Polo tanto, Bernardo Mato traballa na Habana como tenedor de libros[21] e corresponsal en diferentes empresas entre os anos 1919 e 1922. Unha vez temos definido a súa andaina laboral na Habana, que podería ser completada co seu traballo no Centro Gallego (do que non posuímos documentos pero si testemuñas orais), atenderemos a súa labor no eido asociativo.

4.1. O seu labor alén do mar

Mato é colaborador e redactor de El Emigrado, xornal que coma dixemos nace en 1920 co impulso dos emigrados en Cuba e Arxentina. Dirixido por Manuel García Barros e Xosé Otero Abelleira contaba coa contribución financeira e apoio directo das sociedades Hijos del Ayuntamiento de La Estrada da Habana e a Federación Agraria de La Estrada en Bos Aires. O seu nacemento provén do contexto que explicamos anteriormente, nos que a intervención exterior dos emigrados buscaba a reunificación do agrarismo tras un período de alta tensión.

[21] Tenedor de libros é unha denominación que alude ao traballo como contable.

E aínda que a intervención na política local dos emigrados tiña xa orixe en principios de século (coa creación de diferentes sociedades na Habana e Bos Aires) foi a intervención dos agrarios a que estimulou a constitución das principais sociedades estradenses na emigración (Núñez, 1998). En concreto a intervención agraria realizouse a través da Federación Agrícola da Estrada, Silleda Forcarey y Cerdedo. Esta federación constituída como xa se sinalou en 1913 expandiu por América un manifesto no que instaba aos emigrados estradenses a asociarse e coadxuvaren na labor dos agrarios do distrito. Esta chamada enseguida recibiu respostas coa constitución das máis relevantes sociedades de instrución estradenses. Sociedades nas que participará notablemente Bernardo Mato Castro durante esta segunda emigración, e nas que como veremos posteriormente, continúa participando tralo seu regreso a Galiza (en 1922).

-**Hijos de La Estrada**

Mato é socio desta Sociedade[22] que naceu co impulso da chamada dos agrarios da Estrada en 1915 e que se converteu nunha das más activas sociedades galegas de instrución de Cuba. Contaba en 1927 con 522 asociados. (Núñez, 1998)

Á sociedades de tipo municipal como esta ,e outras fundadas en cidades como Bos Aires, seguiu a fundación de sociedades de instrución de radio parroquial. Nalgunhas delas será membro activo Bernardo Mato.

-**Sindicato Agrícola "Unión de Vinseiro y Cereijo"**

Como xa dixemos no apartado anterior esta será a primeira asociación na que se fará patente a participación de Mato. Na Estrada participara na organización dunha festa escolar (en 1918) e dende Cuba firma como Comisión Organizadora do Sindicato Agrícola "Unión de Vinseiro y Cereijo" para a recadación en Cuba do diñeiro preciso para terminar as obras da casa escola e do local social das parroquias de Vinseiro e Cereixo. A nova foi publicada no xornal El Emigrado o 16 de maio de 1921.[23]

Debemos ter en conta o papel de Mato como organizador desta colecta. Como dixemos ao referirnos á organización e funcionamento das sociedades de instrución, as recolectas (que normalmente están na orixe da súa constitución como sociedade) estaban dirixidas por personaxes de renome intelectual ou social entre os propios emigrados. Polo que se podería apuntar xa a relevancia de Mato neste momento

[22] En EE, 16-02-1922, Nº 46
[23] En EE, 16-05-1921, Nº19

dentro do movemento como impulsor destas experiencias.[24] Esta participación no asociacionismo galego en América é compartido tamén polos seus irmáns, que nese ano 1921 tamén se atopan en Cuba. Eleuterio, José María e Manuel participan na recolecta de cartos para a obra sinalada. [25]

-Sociedad de instrucción "Hijos de Tabeirós"

Esta sociedade, dos emigrados de Tabeirós, parroquia que linda con Vinseiro, foi fundada en 1921(Núñez, 1998:220). Mato participa nesta sociedade sendo nomeado como delegado para a Federación de Sociedades Gallegas de Instrucción xunto con Manuel Villar[26]. Designados en xuño de 1921 volven ser nomeados para este cargo na designación dunha nova directiva en 1922.[27]

Puidemos recuperar unha polémica que esta sociedade tivo cos caciques locais, algo habitual naqueles momentos. Ocorreu pola creación dunha escola para nenas na parroquia, era algo bastante usual que as autoridades locais puxeran atranco para a fundación destas. Algo que aconteceu nesta ocasión. Así a comezos de 1922 Bernardo Mato firma dende Cuba un manifesto no que se insta aos veciños a unha acción conxunta para evitar que os deixen sen escola. Piden tamén o apoio dos sindicatos agrarios e obreiros, e en especial do Sindicato Federal Agrícola.

Polo tanto este manifesto é un máis dos exemplos da concienciación de emigrados (en en concreto de Bernardo Mato) na utilidade e necesidade da actuación común de agrarios e emigrados contra os abusos caciquís e para conseguir un pobo educado.[28]

-Federación de sociedades gallegas de instrución

Esta federación, na que participa Mato como delegado de Hijos de Tabeirós, tamén se denomina Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción da Habana. Foi creada en 1910 ao abeiro dos esforzos e estímulos que dende Galiza chegaban para a reorganización federativa das sociedades de instrución.

---

[24]A súa relevancia pública faise patente xa non polos postos nos que o vemos envolto, senón tamén con pequenos actos como o seguinte: no certame escolar do sindicato de Pardemarín (parroquia tamén limítrofe con Vinseiro) os premios que se lle dan aos cativos levan nomes como "Hijos de Tabeirós" ou "Hijos de la Estrada", entre eles tamén outros denominados "estuches dos señores Mato Castro y Arca Castro". En El Emigrado, 07-07-1921 nº

[25] Durante a nosa investigación recadamos información sobre a participación dos irmáns de Bernardo en asociacións tanto de emigrados como de agrarios.

[26] En EE, 30-06-1921, Nº 23

[27] En EE, 16-03-1922, Nº49

[28] En EE, 31-01-1922, Nº44

Estes esforzos poderían sintetizarse (como xa se explicou) na acción de diferentes intermediarios coma intelectuais e con visitas concretas as capitais americanas en xira de propaganda dos lideres agrarios.

Así en 1909 o Directorio de Teis visita Cuba creándose o Comité Redencionista de Cuba. E en 1913 acude Basilio Álvarez (fundador e lider de Acción Gallega) fortalecendo a politización das comunidades galegas coas súas intervencións incendiarias (acontecemento que relata o propio Bernardo Mato ao seu curmá José Brea, como xa se tratou).As sociedades de instrución, segundo nos apunta Núñez Seixas (1988) van consolidando como adversarios fundamentais o centralismo, o caciquismo, as cargas forais e os impostos abusivos atisbando a solución na autonomía administrativa e municipal. Unha actuación crecentemente anticaciquil como veremos co seu apoio ao Comité Progresista Anticaciquil do Distrito da Estrada creado en 1922, e que analizaremos no seguinte apartado, xa no regreso a casa de Mato.

Podemos comezar a intuír nitidamente xa os posicionamentos políticos de Bernardo Mato neste período guiados polos obxectivos e loitas das organizacións nas que estaba envolto. Algo que completaremos directamente da man das súas verbas, a través dos primeiros artigos que firma, os dous no xornal El Emigrado.

4.2. El Emigrado: xornal independente. Os seus primeiros artigos

O primeiro artigo o cal se postula nesta investigación tamén como o primeiro artigo na prensa de Bernardo Mato, é colectivo. Firmado xunto a Albino Matalobos e José Arca. Estes dous nomes non nos son alleos, e constitúen dúas das amizades e compañeiros na loita política nestes primeiros anos de mobilizacións. Aparecerán xunto a el nas sociedades de instrución, nos discursos e inclusive nas fotografías.[29]

Este artigo colectivo ten cun alto contido político no que se perfilan as ideas claves neste período. Destinado aos agrarios da Estrada, preséntase ante nós como paradigma do que foron as relacións entre agrarios e emigrados.

Bernardo Mato e compañía seguen atentos a loita que se produce nas terras estradenses a prol dun cambio:

> *"Hemos seguido, paso a paso, las alternativas de lucha que habéis iniciado contra el abominable caciquismo imperial, ejecutor de la negación de los derechos que, como a hombres libres, nos corresponden".*

Polo tanto confírmase a idea que vimos desenvolvendo durante este traballo. A mobilización social destes anos non ven de Galiza ou de América exclusivamente. Foi

[29] Falamos de Albino Matalobos que aparece con Bernardo nas fotografías de 1922 tomadas na Habana e que conservaba a familia.

conformando un magma bidireccional no que ambos movementos retroalimentábanse. No caso que nos ocupa: a loita anticaciquil, e no lugar no que centramos a nosa investigación: A Estrada: será a loita en orixe a que de o primeiro paso. E, coma explicamos, serán os agrarios os que tenten impulsar ese mesmo movemento anticaciquil ao outro lado do Atlántico.

Bernardo Mato e compañía brindan neste artigo o seu apoio aos agrarios na Estrada, que sufriran un duro revés naquel momento tras unha derrota electoral, que denuncian como fraude nestas liñas.Polo tanto tendo ben presentes as diferenzas que caracterizan tanto ao movemento agrario como aos obxectivos e finalidades políticas das sociedades de instrución, debemos encadrar a Bernardo como un pensador que tiña xa unhas ideas claras sobre como conducir os movementos de oposición a un réxime caduco.

-Defensa da federación agraria: nun momento no que os movementos agrarios constituían unha ampla e diversa amalgama de tendencias, no que os intentos de agrupación e federación eran aínda endebles, e non alcanzaran unhas metas políticas para avanzar xuntos. Mato sostén que a unión dos agrarios era paso indispensable para acadar os seus fins.

-Recalca tamén o apoio dos emigrados na loita agraria. Algo solicitado, como vimos, dende Galiza neses anos.

Polo tanto a unión constitúe idea clave e primordial. Para unha loita clara e xa ferventemente anticaciquil.

> *"El cacique está familiarizado con las artes infernales y se os presentará bajo la forma que convenga al momento de la tentación. Y si triunfa ¡ah, desgraciados de nosotros! Volverán los pleitos con su cadena de odios y persecuciones, desaparecerán las Escuelas y el reparto de las cargas públicas quedará a merced de su capricho."*[30]

Intúesenos Bernardo Mato coma un home cunha visión ampla da problemática coxuntural do momento. Sendo quen de analizar o problema máis alá do conflito puntual. Unha perspectiva que, coma vimos cando relatabamos os conflitos na seo do agrarismo na Estrada, se perdeu por sectores dos agrarios en máis dunha ocasión (atendamos aos pactos co riestrismo que provocaron a escisión no seo da federación agraria en 1917).En conclusión, Mato recalcaba xa o que serían as ideas claves para a organización do movemento agrario a longo prazo: unión e anticaciquismo decidido. Mentres que este primeiro artigo amosa a postura de Mato neste contexto específico,

[30] En EE, 09-03-1921 "A los agrarios del Distrito de La Estrada"

o segundo, xa individual atenderá ao que será a columna vertebral do seu pensamento: a educación.[31]

O valor da educación como motor de cambio social faise palpable xa dende as primeiras liñas:

> *"¿Es posible que no sintamos los aguijonazos de la conciencia al recuerdo o presencia de un ignorante, cuando estuvo en nuestra mano el hacerlo un hombre útil para si mismo y hasta necesario a la sociedad, llevando a su cerebro la semilla de la educación?"*

Unha educación que xa recalca é obxectivo das sociedades na Habana "nuestro objeto nunha ha sido, por lo general, otro que el de velar por la educación de la infancia en nuestros respectivos pueblos".

Neste artigo temos varias das súas ideas pedagóxicas máis importantes:

1º Aínda que critica a situación do sistema educativo Bernardo Mato defende a labor dos mestres. E de agora en diante non cargará nunca as tintas contra eles, vendos, xa que logo, como aliados e non como inimigos.

2º Defensa dunha educación práctica: espertando no alumno o amor á escola, e concienciando tanto a mestre como a pais da relevancia da instrución do neno.

Neste artigo despréndese xa ese carácter transixente e dialogante que distinguirá a Bernardo Mato . Unha actitude pedagóxica presente en cada artigo, pois Mato non proclamará ideas, as exporá sempre dende unha argumentación detallada e exhaustiva. Na que destilamos esa intención de facer que o lector reflexione por el mesmo. Así fai coas ideas no propio eido educativo. Propón mediante a educación. E así os seus artigos terán máis de lecciónns que de propaganda.

E esas ideas que aquí esboza as repetirá sen cesar, incidindo unha e outra vez na importancia da educación para facer cidadáns. Será unha loita incansable, que o levará a ser nomeado, para a posteridade como Bernardo Mato "o innovador pedagóxico".

[31] En EE, 31-12-1921 "A los hijos de La Estrada" Una idea.

Capítulo 5: O RETORNADO, O DIRIXENTE AGRARIO (1922-1923)

5.1.Na política estradense

Bernardo Mato regresa á Estrada, provinte de Cuba, en maio de 1922. É recibido cunha comida de benvida á que acoden algunhas das personalidades máis destacadas da vida política e social da Estrada entre eles Benito Vigo (que sería alcalde da Estrada entre 1924 e 1930), Erundigo Bergueiro[32] e García Barros.

Este recibimento ten eco no xornal El Emigrado, que adica un artigo á volta de Mato "culto escritor y maestro nacional, y esforzado luchador por la redención y prosperidad de nuestra Galicia idolatrada"[33].

Bernardo Mato ten xa un papel sinalado dentro da intelectualidade e das elites agrarias e emigradas, respondendo ás características que sinala Núñez Seixas (1998) en canto aos dirixentes das sociedades de instrución e, polo tanto das elites intelectuais emigradas. Normalmente nunha posición folgada economicamente (era contable) terán un amplo capital relacional, con prestixio en canto as súas capacidades intelectuais e de formación. A presenza nunha sociedade de instrución constituía xa un inmediato recoñecemento simbólico amosado este na entrega de diplomas para socios fundadores.[34] As sociedades de instrución contaban habitualmente nos seus lugares de orixe con delegados, normalmente ex-socios retornados. Este será tamén o caso de Mato, que participará como asesor dos emigrados na constitución de grupos locais que analizaremos a continuación.

Estes homes serán pois "líderes étnicos" que actúan como catalizadores do asociacionismo galego en América, forxando un imaxinario colectivo a través dos xornais e revistas tentando establecer un proxecto común para os emigrantes. Céntranse na identidade galega e nos símbolos da colectividade denunciando a situación de atraso de Galiza. E perfilando ao caciquismo como o verdadeiro opresor dos galegos. Esbozan a solución na autonomía rexional e municipal co primeiro paso da instrución, que creará galegos coñecedores dos seus dereitos. Do ideal anticaciquista coa dimensión interclasista e de crenza na razón e na técnica, estes líderes, emigrados en América e moitos deles retornados en Galiza van evolucionando cara unha politización cada vez maior. E forxados intelectualmente en América, terán, como veremos, un papel crucial na súa volta a casa dentro do movemento agrario. (

[32] Home que terá grande relevancia na súa vida a partir dese momento, compartindo con el moitas das súas aventuras políticas. Ver capítulo 10 no que se detallan as súas relación.
[33] En EE, 24-05-1922, Nº 55
[34]Bernardo Mato será socio mérito de "Hijos de Tabeirós". En EE, 16-12-1922, e 24-11-1922 . Consérvase o diploma na casa da familia.

Núñez, 1998). Pero debemos ter moi en conta que este emigrante que retorna e toma un papel activo na transformación da sociedade non é o único perfil de indiano existente. Unha perspectiva analítica e científica da emigración de retorno ponnos en sobreaviso apuntando a existencia de diferentes emigrantes de retorno. O que aquí sintetizaremos nos catro tipos propostos polo sociólogo F. Cesare: o fracasado, o conservador, o xubilado e o innovador.[35] Polo tanto non podemos esquecer a presenza duns retornados conservadores "de posición acomodada que ó voltaren se integraron no sistema de poder político-social da Restauración ou da Ditadura de Primo de Rivera", por exemplo. (Núñez, 1998:40).

Pero temos neste colectivo unha característica curiosa. Aínda que existan emigrantes retornados conservadores, os que son innovadores e críticos co réxime conformarán o sector máis radical desa oposición.

Dende os anos 20 nas cúpulas dirixentes das sociedades agrarias, obreiras ou nacionalistas de Galiza, "os elementos máis radicais no social adoitaban ser emigrantes retornados, que adquiriran en América novas ideas" (Núñez, 1998:40).

Como pode ser o caso de Mato, que retorna á Estrada, como parte dese liderato étnico máis radical, impregnado da lexitimidade que lle deu a súa posición de elite intelectual. E actuará dentro da vida política da Estrada acometendo unha evolución notable nos seus posicionamentos. Dende aquel interclasismo habitual na América, camiñando na toma de partido, dentro do complexo e confuso escenario estradense.

Bernardo Mato chega a Estrada nun momento de máxima tensión política. A unha federación agraria non recuperada da escisión de anos anteriores sumábaselle a aínda feble posición anticaciquil do periódico El Emigrado. A situación deu unha viraxe tras a fraude acontecido nas eleccións municipais de 1922 onde o bando riestrista anulou os resultados obtidos por candidaturas agrarias en varios concellos do distrito. Deste xeito emigrados e agrarios agudizan a súa posición anticaciquil, mediante mitins e asembleas tanto en América, en especial na Habana, como na Estrada, Silleda, Cerdedo e Forcarei. A fervorosa mobilización desemboca na creación en maio de 1922 na Habana do Comité Progresista Anticaciquil do distrito da Estrada.

Recordemos que Bernardo Mato regresa a Estrada días anteriores ao 24 de maio [36]. O comité Progresista Anticaciquil en xunta celebrada o 10 de maio decide nomear representante no distrito da Estrada a Carlos Cajide Ciorraga, axudado polos señores Bernardo Mato Castro, Erundino Bergueiro Brea e Antonio Fernández. Mato

[35] Sobre a emigración de retorno e a súa análise teórico Núñez Seixas realiza un percorrido pola socioloxía recente en: Núñez Seixas, 1998:23.
[36] En EE, 24-05-1922, "Bernardo Mato Castro"

será, pois, un dos representantes na Estrada dos emigrados que crearan o devandito Comité Progresista Anticaciquil.

O seu obxectivo sería levar a cabo unha intensa labor de concienciación entre os veciños para que estes votaran polo candidato anticaciquil nas próximas eleccións. (Núñez, 1998: 225).Tratábase de Alfredo Pérez Viondi. Dende 1920 os emigrados e os agrarios na súa loita anticaciquil contra o Marqués de Riestra decidiran apoiar a Pérez Viondi, pertencente ao Partido Conservador e con boa reputación na Estrada. Despois dalgunhas dúbidas Viondi aceptou defender o programa electoral que lle fixeron chegar os residentes da Estrada en Bos Aires (autonomía municipal e rexional,creación dunha escola práctica, do ferrocarril, etc) (Núñez, 1998).

Este será pois o candidato que defenda tamén o Comité Progresista Anticaciquil. Este Comité no seu manifesto de xuño publicado en El Emigrado denuncia o caciquismo salvaxe de Riestra e propón a solución: apoiar a Pérez Viondi nas eleccións a Cortes. Xa que para chegar á fin última de reforma dos municipios precísase ter un representante nas Cortes que reclame as súas liberdades municipais.

Pero debemos puntualizar que a súa máxima só é desbancar a Riestra, sen ter ben claro que é o que ven despois disto, máis alá da mellora das infraestruturas e das escolas, e da liberdade municipal.Este Comité contaba co apoio do Comité Representativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción. Ambos estaban interesados en facerlle ver aos veciños da Estrada o valor do voto e da participación electoral. O Comité das Sociedades Gallegas de Instrucción decide iniciar unha propaganda educativa en Galiza, que comezaría con esta campaña sobre o voto. De tal xeito que nomea unha comisión para que elabore unha circular para enviar a Galiza e que trate sobre a estirpación do caciquismo e a explicación do voto.[37]Tarefa que desenvolve Bernardo Mato, a través dun estudo sobre o voto. Publicado máis tarde no Emigrado. Ten como obxectivo concienciar aos veciños estradenses sobre a relevancia de manterse firmes e ser consecuentes no exercicio do seu dereito.[38]

Nun momento convulso, como xa dixemos, nos que fraudes electorais e prácticas caciquís anulaban os intentos agrarios por facer virar a situación. Paralelamente o movemento agrario vaise radicalizando en toda Galiza. E a esixencia de redención foral da paso a de abolición. Esta materialízase no Congreso Agrario de Tui celebrado no mes de agosto. Nel tómase a decisión de “declarar abolidos todos os foros, subforos, rentas, laudemios, etc y por lo tanto abstenerse de su pago”. E “pedir la autonomía regional y municipal, abogando por la creación del municipio

[37] En Eco de Galicia, 1922
[38] Análise detallado do artigo no apartado 5.3.

parroquial".[39]Deste Congreso deriva a creación da Confederación Agraria de Galicia, presidida por Basilio Álvarez. O abolicionismo, polo tanto, xera un novo impulso mobilizador antiforal. Dita Confederación tivo un notable exito nas folgas e boicot levados a cabo contra as acción xudiciais e municipais contra foratarios morosos, aínda que a nivel político non logrou consolidarse antes da Ditadura de Primo de Rivera. (Sayar,)

Pero nese agosto de 1922 a través do artigo que citamos do xornal El Emigrado titulado "Agrarismo gallego" observamos como as aspiracións agrarias concentraban os seus esforzos nestas tentativas federativas. No mesmo artigo o autor laiase da desorganización na que estivo envolta o agrarismo estradense durante os últimos anos e lanza unha mensaxe de optimismo: a posibilidade de reorganización a través dos novos directivos da federación agraria. A federación agraria estivo presidida en 1922 por Antonio Fernández e logo por Erundino Berguerio. En 1923 foi José Campos o que pasou a ocupar a presidencia da Federación.[40] Bernardo Mato, polo tanto, inicia unha nova aventura agraria, sendo membro da directiva da Federación Agraria, máis concretamente secretario da mesma (Varela, 1923). Como expresa o artigo anónimo ao que vimos facendo referencia, os novos cargos deberán lidiar cunha federación nun "estado lastimoso". O articulista é claro: a federación debe abandonar as antigas disputas que desembocaron en negociar co cacique A ou B, e camiñar xuntos á fin coas demais federacións agrarias da zona. Bernardo e os demais compañeiros teñen un reto claro: o movemento agrario estradense debe deixar atrás os localismos, ser contundentemente anticaciquil, non entrando no xogo daqueles que "trataban de servirse de ellos a guisa de escaleras para su soñado encumbramiento"

Nese mesmo ano convulso de 1922 novos intentos por agrupar as forzas políticas do distrito desembocan na fundación do Partido Progresista Anticaciquil. Bernardo Mato, presidente do Partido, forma parte da Mesa Executiva xunto a José Varela Puente (secretario) e José Campos Vázquez (secretario)[41]. Tamén serán identificados como fundadores do mesmo Erundino Bergueiro e Antonio Fernández, (Núñez Seixas, 1998: 228) que conformarán un importante bando na vida política da vila meses máis tarde. Este partido de "clara imitación da iniciativa dos emigrados" (Núñez Seixas, 1998:227) parece tomar o relevo como suxeito político aos propios emigrados que ata o momento foran decisivos na conformación política da Estrada a través das sociedades de instrución e recentemente a través do Comité Progresista

[39] En EE, 31-08-1922, Nº65, P.1 "Agrarismo Gallego". Atender a relación de Bernardo con estes. Mapa anexo 17)
[40] En "La Estrada" de Pedro Varela de 1923, pax. 78.
[41] En EE, 31-12-1922, Nº77, p.2 "Partido Político"

Anticaciquil. Son polo tanto esa nova horda de políticos galegos, moitos deles emigrados retornados que deciden dar un paso máis aló, e constituír a Galiza como protagonista do seu propio espertar. Parecía que a unanimidade na acción ía tecéndose na Estrada a través, doutra volta, do apoio conxunto dos agrarios e dos emigrados á candidatura de Pérez Viondi en oposición ao Marqués de Riestra nas eleccións a cortes de abril de 1923. Pero entra entón en escena un novo candidato: Emilio García Negreira, membro do Partido Reformista. O apoio dalgúns dos emigrados retornados a este e non a Pérez Viondi abriu de novo a confrontación no seo dos agrarios. Bernardo Mato será un deses "disidentes" que serán atacados duramente dende o sector que apoia a Viondi, considerados mesmo traidores. Dende as páxinas do Emigrado o Comité Progresista Anticaciquil reafirma o seu apoio a Viondi e alude a que o apoio a Negreira só supón facerlle o xogo a Riestra, xa que quitaríalle votos a Viondi e polo tanto oportunidades de ser un opositor con posibilidades ante Riestra. [42]Finalmente García Negreira retira a súa candidatura pero aínda así as eleccións gáñaas Riestra.

Pero, ¿por que se produce o apoio a García Negreira? Será interesante tentar abordar esta cuestión, para non só comprender a coxuntura do momento senón na procura de esbozar os perfís políticos dos que se ven envoltos nela. Bernardo Mato, José Brea, Erundino Bergueiro e Antonio Fernández [43] son algúns dos membros destacados desta bando pro- García Negreira. Nomes que nos son xa ben coñecidos e que, cremos, forman parte da vida privada tamén de Bernardo, coma grandes amizades. Como podemos comprobar están entre eles boa parte do cadro dirixente do Partido Progresista Anticaciquil. Para comprender as súas razóns non temos máis que acudir á carta de defensa de Bernardo Mato, publicado en El Emigrado o 5 de maio. Bernardo argumenta a súa postura e desmonta as críticas que caían sobre el nun ton contundente e serio. En primeiro lugar:

-O seu apoio nos anos anteriores a Pérez Viondi debíase a que non había outro candidato "cuyas ideas y posición políticas estuviesen en consonancia con las mías"

-Mato sempre se amosou interesado en que Pérez Viondi se afiliase a algún partido, e sempre foi claro nos seus posicionamentos na esquerda.

-Ante un candidato do partido reformador, que se declara anticaciquil rotundo, oposto á Guerra de Marrocos e con relacións persoais en todas as ramas políticas incluídas o Goberno (o que faría que as súas actas puidesen ser máis respetadas) Bernardo Mato apoia a este último.

- E ve isto como "el deber de ciudadanía más grande de mi vida".

[42] En EE, 16-04-1923, p.2

[43] En EE, 16-04-1922, Nº77 "Otra vez el señor García" e Núñez Seixas, 1998: 228

Mediante a súa carta Mato desmonta as críticas que tentan achegarse á esfera persoal e que sosteñen que os disidentes actuaron abusando da súa posición. Bernardo Mato realiza unha defensa audaz e aleccionante, desmontando as críticas persoais xa polo mero feito de selas. E engade tamén que renunciou, tanto el como Erundino e Antonio ao seu posto como delegado na Estrada do Comité Anticaciquil de Cuba para poder "recabar nuestra libertad de acción" xa en outubro do ano anterior.

A cuestión clave dende o noso punto de vista é a seguinte: esta acción deste grupo de emigrados retornados constitúe a visibilización da súa condición política. Máis alá de que tampouco fose moito mellor o candidato, as motivacións para apoialo serán as que nos interesen. Naquel momento o movemento agrario e en xeral todo aquel oposto á Restauración constituía aínda unha conglomeración de moi diferentes sensibilidades facendo gala dun rexeneracionismo algo ambiguo, interclasista aínda, case mesmo poderíamos afirmar apolítico en moitos temas.

Ante isto, Mato, Bergueiro e os demais deron un paso, que para nós, os visibiliza xa como agrarios de esquerdas (Bernardo Mato é claro e utiliza xa esa palabra).Pensamos, que será esta corrente de pensamento político a que evolucionará ata a Segunda República da man de ideas socialistas e comunistas. Neste momento concreto da un paso, un paso que o afasta do estancamento do agrarismo apoiando aínda candidaturas conservadoras. O cal amosa que guían aínda as súas accións nun cortopracismo e anticaciquismo pouco meditado.Bernardo Mato indícanos no seu texto unha reflexión máis acaída. Que ía confrontalos máis abertamente cos que directa ou indirectamente seguían a protexer o mesmo rexime.

Mato acaba o seu escrito expresando " De cuanto se dijo de mi, rectificará el tiempo que es testigo más fiel que los hombres". Atenderemos pois ao paso do tempo, para comprobar que teñen de certas as nosas hipóteses...

5.2. O labor educativo á volta da emigración

A educación era, para Mato, o instrumento indispensable para lograr un mundo máis xusto, onde a igualdade configurara a base da xustiza. Son numerosos os actos no ambiente educativo nos que participa ao seu regreso da Habana, e no que é xa sinalado como un "infatigable loitador pola instrución", "distinguido conferenciante " etc (en El Emigrado).Aproveita todas as ocasións para tentar concienciar a pais, mestres e veciños da relevancia que ten para o futuro a educación dos nenos e nenas. Somos testemuñas destes intentos a través das descricións destas situacións que realiza o xornal El Emigrado.

Acode pois aos certames escolares, que como falamos, organizaban as sociedades de instrución, como é o caso da festa escolar de Tabeirós, [44] o certame escolar dos Pereiriños, [45] a Festa do Árbol en Guimarey [46]....

As festas do árbol, nadas tamén da iniciativa das sociedades de instrución créanse coa intención de concienciar aos veciños sobre a situación dos bosques galegos e a necesidade da súa conservación. Mato incide no seu discurso na relevancia de respectar e coidar a natureza e transmitirlle esa idea aos nenos. Como tamén incide na relevancia do esforzo e do traballo. Unha idea recorrente tamén no seu ideario. Nestes primeiros anos da súa andaina educativa, a través destes discursos, sinala xa a necesidade de educar a muller. Nun momento no que incluso as máis progresistas escolas de americanos primaban a educación dos varóns. Nesta primeira ocasión na que somos partícipes da preocupación de Mato pola educación feminina a defensa é algo tradicional incidindo no seu papel de nai que influirá coa súa educación na dos seus propios fillos. O seu interese pola situación da muller na sociedade evolucionará co tempo chegando a construír un discurso feminista durante a II República.

Tamén acude nestes anos ás conferencias escolares realizadas en Vinseiro. Nestas conferencias Mato preside a mesa. Este feito volve incidir na tese da súa relevancia intelectual na Estrada á súa volta de Cuba.

Os eloxios son constantes na prensa e soen ir seguidos do adxectivo "culto".Deste xeito con motivo destas conferencias[47] o corresponsal escribe:

> *"Dificilísimo, por no decir imposible, resultaría la tarea de seguir al cultísimo conferenciante Sr. Mato , en su hermosisíma disertación. Unas veces su cálido verbo parecía recitar un truzo poético; otras tenía su voz, modulaciones de sonata y notas de castizo sabor clásico, ora elevándose al tono profético, ya adquiriendo de súbito los tintes enérgios y viriles de protesta y acusación."*

Pódese comprender a presenza desas sensacións en quen o escoitara atendendo ao estilo narrativo profundo e apaixoado que emprega Mato nesta conferencia. Foi publicada en El Emigrado durante varios números. Analizaremos aquí analizamos como escrito fundamental para entender o pensamento deste mestre.

E dicimos mestre pois xa no ano 1923 temos novas do seu nomeamento como mestre interino na escola de Pereira, en Forcarey. Onde estará ata o ano 1924, cando outra aventura educativa levarao de volta a Estrada.

---

[44] En EE, 30-09-1922, Nº 68 e Diario de Vigo, 04-10-1922.
[45] En EE, 16-07-1923, Nº97, "Impresiones de una fiesta, El certamen de los Pereiriños"
[46] En EE, 31-01-1923, Nº80, pax. 1 "La Fiesta del Arbol en Guimarey"
[47] En EE, 31-01-1923, Nº80

5.3. Camiño da utopía. Análise do seu pensamento político

Na disertación titulada "El bienestar como resultado de una buena educación" atopamos o ideario político de Bernardo Mato Castro. E dese mesmo xeito algunhas das ideas fundamentais que no período estudado maduraban nas diferentes correntes políticas en Galiza.[48] Mato comeza a súa charla, denunciando o atraso de Galicia. Na súa narración conxúgase esa sensación de apocalipse e miseria da terra cunha exaltación das fermosuras dos que choran. Describe os cantos galegos que son xemidos, rodeando o seu relato dun halo de nostalxia e amor, dende o arrolo da nai no berce aos cantares dos labregos mentres traballan. Unha idealización dos costumes populares que nos remite claramente á que fai o pensamento rexionalista, e da que bebe o nacionalista.

No seu relato, con esa exaltación de Galiza e mediante a denominación desta como "país" vai evidenciando os rasgos galeguistas do seu discurso. Pero o obxectivo final desta primeira parte non é a exaltación da terra senón incidir nun feito clave: para combater o atraso económico, social e político no que se encontra Galiza precísase que cada un tome conciencia da súa responsabilidade e do seu poder potencial como pobo para lograr unha educación en todos estes ámbitos (político, económico e moral). Unha educación que se debería realizar da man da acción do Municipio como ente político fundamental. Unha educación que, á súa vez, suporía un voto libre. E así na liberdade fundamental da educación, do municipio e do voto a utopía política de Bernardo Mato achegaríase a súa realización.

O instrumento de transformación: a educación

Debe realizarse unha educación técnica e experimental para que o traballador realice dunha forma máis efectiva e cómoda o seu traballo, gañando en calidade de vida individual e colectiva (e rematando polo tanto co atraso económico). Debe realizarse tamén unha educación no eido social, incidindo na relevancia da formación de persoas responsables e con valores nobres. Afastados da maldade e o egoísmo imperante no seu tempo. E para a "completa emancipación", como lle chama Mato, é vital a educación política que formaría cidadáns coñecedores do seus dereitos e deberes que "en vez de prestarse a servir a la tiranía como hacen esos desgraciados ignorantes cuya incultura anula su propia dignidad, sean sostén de la libertad y de la justicia"

A sociedade que vén

[48] A esta conferencia e a terminoloxía empregada nel se refire Núñez Seixas (1998) cando analiza a evolución do nacionalismo entre os agrarios estradenses (páx.237)

A organización política e social anhelada por Mato sería pois resultado do confluír de varios elementos:

-Por un lado a educación nos tres planos fundamentais que vimos de explicar.

-Educación sería a vez resultado dun Municipio modelo "que con sus escuelas prácticas, diurnas para los niños y nocturnas para los adultos, con sus Granjas agrícolas, con sus cooperativas y con sus Cajas de retiro para la inutilidad y la ancianidad, transformaría en pocos años a Galicia".

-E polo último a preeminencia do voto libre (resultado da educación) e que tería á súa vez como resultado o municipio e as organizacións políticas precisas.

Polo tanto o municipio estaría a medio camiño entre instrumento de transformación e resultado da transformación. E desta formulación complexa facémonos conscientes da propia complexidade de poñerlle remedio a situación. As correntes políticas e sociais nas que se movía Mato pretendían transformar a sociedade, loitar contra o caciquismo e instaurar un novo rexime político nunha carreira de fondo a través da educación do pobo. Pero esa educación precisaba á súa vez, dun estado que o proporcionase.

> *"A la organización social perfecta se ha de llegar por la voluntad de los hombres (...) Y la expresión de esta voluntad no puede aparecer sino mediante la emisión del voto, ¡el voto!, único principio de las sociedades democráticas".*

Así, xunto a educación, o voto sería o instrumento fundamental de transformación social e político.

Universalismo e federalismo en Bernardo Mato

O propio Mato denomina como utopía ao seu proxecto político ideal. Unha utopía da que podemos extraer cal é o seu modelo de estrutura política. Describe cales deberan ser as bases fundamentais da sociedade.

En primeiro lugar estaría a familia, en segundo a parroquia, en terceiro o municipio e en cuarto a rexión. Definida como a agrupación de municipios de necesidades, intereses e inclusive carácter étnico igual. Mato, polo tanto inclínase polo rexionalismo, un rexionalismo que se atopa bastante próximo ao nacionalismo. Dese xeito aínda que só emprega o termo nación natural en alusión ao termo que empregan os "modernos nacionalistas" a descrición que fai dela identifícase moi próxima esta: intereses, necesidades e costumes comúns e que deben ser xestionados por eles mesmos. O seguinte nivel conformaríao o federalismo e apunta a un sistema federal "en que los representantes de las Regiones o naciones naturales velasen por el interés común a todas ellas, sin usurpar los derechos que a cada una perteneciesen". Na que a fronteira natural sería aquela "onde conclúa o home". Polo

tanto a utopía de Bernardo Mato baseábase na existencia dunha federación mundial, de pobos libres. Unha utopía que está a medio camiño entre o internacionalismo socialista "obreros del mundo uníos" e un universalismo quizais aínda algo occidentalocéntrico (perspectiva do momento, atendamos á existencia da Sociedade de Nacións).

Núñez Seixas analiza brevemente o galeguismo presente nos agrarios estradenses recorrendo á conferencia de Mato que vimos de analizar. Para el a perspectiva de Bernardo Mato, así como do galeguismo que vai evolucionando nestes anos na Estrada, amosa aínda sinais de certa confusión conceptual. (Núñez, 1998:237). Para nós, tralo análise pormenorizado da conferencia e dun gran número de artigos podemos constatar que Mato evoluciona co tempo. Nesta conferencia, cremos, admite a existencia da nación galega, aínda que se sitúa nunha posición cauta ao falar do mesmo.O voto dun pobo educado será o camiño para alcanzar a prosperidade e a felicidade, en Galiza. Para alcanzar unha utopía, realizable...

> *"Pareceráos utópico, irrealizable, este sueño dorado, pero será factible el día en que no más que la mayoría de los seres humanos aprecie íntegramente el valor de sus cerechos y deberes."*

Capítulo 6: UN TERRIBLE GOLPE: PRIMO DE RIVERA NO PODER (1923-1930)

6.1. Contexto xeral

A inestabilidade do desprestixiado réxime da Restauración desemboca no golpe de estado de Primo de Rivera en setembro de 1923. O golpe será apoiado tanto popularmente como polas elites intelectuais e as correntes políticas opostas ao antigo rexime da Restauración. Envolto nun halo de rexeneracionismo político preciso e urxente a ditadura busca o desartellamento do caciquismo e rematar coa Guerra de Marrocos. Por outra banda maniféstase favorable a autonomía rexionalista facendo plausible a creación dunha Mancomunidade Galega. É baixo esta condición como aceptan ocupar postos nas Deputacións galegas recoñecidos galeguistas como Vicente Risco ou Losada Diéguez.

O apoio xeneralízase nos primeiros meses da Ditadura, no caso da Estrada tamén dende a Federación Agraria e do Centro de Emigrados, onde os seus propios membros como Otero Abelleira pasan a ocupar postos no concello. A ditadura combate ferreamente o caciquismo, o que segundo Villares (2004) logra desfacer as redes clientelares dos vellos partidos e obsesiónase pola xestión, acrecentando a burocracia (como describe Risco en " O porco de pé"). Remata coa Guerra de

Marrocos e afronta o problema foral. No ámbito local atende reivindicacións históricas como a instalación da Granxa e a estación telegráfica. Pero serán as promesas incumpridas ás que vaian afastando cada vez máis aos apoios iniciais da estrutura do novo réxime. Deste xeito os nacionalistas dimiten dos seus postos directivos ao non crearse un Goberno Autónomo.

Será a mediados de 1924 cando El Emigrado comece o seu progresivo rexeitamento á Ditadura dende as súas páxinas. Os emigrados divídense en dous bandos, os que continúan apoiando ao rexime e aqueles que se postulan en contra o que vai perfilando os bandos que xorden en 1930 e que os posiciona durante a República (Núñez, 1998).

A ditadura traerá consigo a coartación da liberdade de expresión. O que se fará sentir nas páxinas do Emigrado, onde García Barros comeza a empregar o seu seudónimo Ken Keirades e Bernardo Mato firma artigos que non deixan ver nitidamente a súa posición ante o conflito.[49]Aínda que será xa nos albores da República cando poderemos ser conscientes da postura de Mato. Claramente situado no bando combativo de García Barros.

6.2. O mestre

Bernardo Mato nestes primeiros anos da Ditadura mantén silencio na escrita. Non encontramos ningunha referencia a escritos seus (firmados co seu nome) ata o ano 1927. Do que si sabemos é no tocante a súa vida profesional: xa en 1923 exercía de mestre interino en Pereira (Forcarei)[50] ata marzo de 1924 cando é admitida a súa renuncia para dito posto.[51]Dous meses máis tarde Mato é nomeado interino para a escola da parroquia de Somoza (no concello da Estrada e próxima a súa parroquia natal). Onde entendemos que se atopa ata o ano 1927. Pero neste ano 1924 outra aventura pedagóxica desenvólvese na vida de Bernardo Mato. Encontrámola entre as páxinas do xornal El Emigrado nun discreto anuncio que da a nova do que constituirá un importante adianto no devir educativo do concello: a próxima apertura dun Plantel de Enseñanza. Organizado “bajo los auspicios del Centro de Emigrados” anúnciase a impartición de Primera Enseñanza, Grados Medio y Superior seguindo o plan oficial completo e cun sistema cíclico. Tamén se cursará Enseñanza Comercial en dous cursos con Cálculos Mercantiles, Correspondencia, Fórmulas, facturas, etc e Mecanografía, aranceles de aduana, Derecho mercantil, Dibujo, Geografía Comercial,

[49] Bernardo moi posiblemente tamén empregase pseudónimos, tanto nesta etapa como con posterioridade, pero, ao descoñecer os posibles nomes que puido adoptar, neste traballo non podemos atender a esta cuestión, só tela en conta.
[50] En El Progreso, 03-01-1923,
[51] En Diario de Vigo, 04-03-1923..

Álgebra, Tederúa de Libros, Partida Doble, etc. O Plantel de Enseñanza tamén avisa da preparación para maxisterio e bacharelato. Precupábase tamén polo aloxamento dos alumnos das aldeas e incorpora clases nocturnas para obreiros.

Firma Manuel García Barros como secretario e Bernardo Mato Castro como director.O colexio abre en outubro de 1924.[52]Polo tanto Mato bifurca a súa labor educativa, e aínda que sempre conformará unha prioridade a primeira ensinanza, aposta pola ensinanza superior nas vilas, achegando a educación aos veciños, que poderían deste xeito ver incrementada a súa calidade de vida. Sen necesidade de emigrar, coma tivera que facer el anos antes. Como vemos o Colexio Cervantes obedece ás características básicas da educación que promulgaban os emigrados, e con razón está financiado polo mesmo Centro de Emigrados: clases para adultos, ensinanzas superiores e técnicas...

Mato Castro será o encargado do Colexio ata xullo de 1926 cando lle traspasa ao mesmo a José Couceiro Taboada.[53]Unha decisión que pode estar relacionada coa súa presentación ás oposicións a escolas de nenos nese mesmo ano no Rectorado de Santiago de Compostela. Apróbaas en marzo dese mesmo ano e opta a praza definitiva no distrito de Santiago en xuño de 1927[54]. O seu desexo aínda tardará en cumprirse e en outubro de 1927 terá que ocupar o seu posto de mestre na escola de Guilfrey, en Becerreá (Lugo),[55] a súa estancia nunha aldea remota da provincia lucense espertará en el interesantes reflexións.

Bernardo Mato chega a Guilfrey montado nun burro, conto que chega ao oídos dos seus netos moitos anos despois. A súa muller Avelina narrou esta aventura de Mato, unha das poucas cousas que compartiu del, quizais pola inocencia do relato, quizais porque significou a súa primeira despedida despois de casar.

6.3. Xaneiro de 1927: a familia de Bernardo Mato

Mato comeza unha vida nova ao lado de Avelina Sanmartín ese xaneiro de 1927, coa necesidade de ter unha fonte de ingresos mentres espera pola súa praza de mestre ofrece os seus servizos como contable (anuncio no xornal El Emigrado). Unha forma efectiva de manterse economicamente, agora que ía formar unha familia.

---

[52] En EE, 24-03-1924 nº120 , e cambios no anuncio en 16-04-1924 nº123, 31-08-1924 nº132, 30-09-1924 nº134 e 16-10-1924 nº136.

[53] En El noticiero gallego, 11-07-1926.

[54] En El progreso 18-06-1927 , en El pueblo gallego 18-06-1927 e en El noticiero gallego 25-06-1927 nº 1638

[55] En El pueblo gallego 11-10-1927 e en El correo de Galicia 11-12-1927 nº1142

Bernardo Mato Castro e Avelina Sanmartín Fernández casan o 10 de xaneiro na parroquia de Vinseiro. Avelina[56] era a máis pequena de seis irmáns, nace en 1902 na parroquia de Vinseiro e estuda nun colexio de monxas, o que lle daría, sen dúbida, certo nivel educativo. Dende que casa comeza con traballos de modista como forma de gañar un diñeiro extra para a familia. Neste ano 1927 poderíamos falar do inicio dunha nova etapa para Mato. Xa non só no eido persoal, senón no profesional, identificando un novo período de ardua labor como escritor.

6.4. O escritor

Segundo os datos dos que dispoñemos polo momento Mato comezou o seu traballo como colaborador na prensa no ano 1921 dende Cuba e para o periódico El Emigrado. A estes primeiros artigos sucederon os que publica a súa volta, en 1922 e 1923 incidindo na importancia do voto e a través da longa conferencia "El bienestar como resultado de una buena educación" que analizamos anteriormente.Pero é neste longo período de ditadura (entre 1923 e 1930) de onde proceden a meirande parte dos artigos que temos recuperado. Falamos de dezasete escritos e tendo presente a existencia doutros non recuperados.[57]Conforman estes un interesante abano temático que nos guiarán, como xa o fixera a Conferencia de Vinseiro, pola análise e evolución do seu pensamento. El pueblo gallego, El Eco de Galicia e por suposto El Emigrado serán os xornais nos que desenvolva a súa faceta como escritor, unha faceta que estará amplamente relacionada coa súa labor profesional fundamental: a educación. Así, Mato Castro distínguese polo seu estilo culto pero tamén pedagóxico. Configurando cada un dos seus artigos unha lección para o que le, unha lección práctica. Todos e cada un dos seus escritos acaban desembocando, dunha forma máis ou menos indirecta na relevancia da educación. Esa será, sen dúbida, a sinal de identidade dos seus escritos. Dende recetas concretas para alcanzar unha educación de calidade no rural ata os seus *Ciringallos*, sección que crea no xornal El Emigrado e que o levará a escribir os seus primeiros artigos en galego.

Capítulo 7: FIN DA DITADURA. UNHA NOVA OPORTUNIDADE (1930-1931)

Durante o ocaso da ditadura a vida de Bernardo Mato estabilízase definitivamente. O 2 de febreiro de 1928 nace o seu primeiro fillo José Bernardo en

[56] Ver árbore xenealóxica de Avelina Sanmartín en anexo 1.2.

[57] A través de referencias na prensa sobre artigos de Bernardo que non foron aínda recuperados por non estar tampouco nos principais arquivos e bibliotecas os números dos xornais precisos.

Vinseiro.[58] Ese mesmo ano obtén a praza definitiva de mestre en Teo,[59] na provincia de Coruña, a poucos quilómetros da súa benquerida Estrada, pero tamén máis preto de Santiago, cidade coa que a partir daquela terá un vínculo moi especial.[60]E así segue crecendo a súa familia, nace David Cesar en xuño de 1929, tamén en Vinseiro.[61]E nese decisivo ano 1930 nace Otilia Manuela,[62] no mes de novembro, xa en Teo, a onde se muda a familia a vivir no que serán, recordados por José Bernardo, os anos máis felices da súa infancia. Ano decisivo xa dende o seu comezo, cando en xaneiro Primo de Rivera dimite e iníciase un período frenético e apaixoante que abrirá as portas á Segunda República.

> *"La dictadura, como nos enseña la Historia en ley de encumbrimientos de fuerza, se desplomó por su propio peso. Todo se vino al suelo con el ruído de una hecatombe para las víctimas, sus sostenedores. Amenaza hacerse añicos aquel terrible y aristocrático palacio que la moda levantó en dos años y adornaron en cinco los fariseos de la democracia"*[63]

Mato Castro describe así aquela ditadura que silenciou as voces críticas e domou moitas outras.

E as cousas tornaban, segundo os anhelos de Mato, ben diferentes ao que ocorrera en 1923. "Dende 1929 a oposición estudantil foi máis forte, e as organizacións republicanas que representaban a "nova política" comezaron a consolidarse." (Villares, 2004:338). Nunha ditadura que desfixera as redes clientelares pero xogara co máis relevante para aqueles homes: a liberdade.

E é que "a ditadura abriu as portas da política a novas xeracións que perante a identificación entre ditadura e monarquía, apostaron pola república para lograr un réxime democrático" (Villares, 2004:338). Como foi o caso de García Barros, e moitos outros que levaban loitando ao lado de Mato Castro durante longos anos. O nacionalismo, baixo a tese de Villar Ponte, suscrita polos nacionalistas do Emigrado, sostén a necesidade de converxer con outros grupos progresistas para alcanzar a democracia. Nace así finalmente a ORGA en 1929. Tamén activa na Estrada con García Barros e Otero Abelleira á cabeza. E as vellas redes clientelares, incapaces de recompoñerse coa suficiente velocidade ven como os republicanos van avanzando inexorablemente. O pacto de Lestrove de 1930 aglutina ao republicanismo galego nas fins últimas de acadar a república e a autonomía para Galiza mediante a fundación da FRG (Federación Republicana Galega), que loitaría por ese programa republicano-

[58] Data exacta en libro de familia, Ver anexo 11.
[59] En EE 07-08-1928.
[60] Referencia a petición de autorización de trasladarse dende Becerreá. En El regional, 18-02-1928
[61] Data exacta en libro de familia, Ver anexos 11.
[62] Ídem e en EE 26-11-1930
[63] En EE, 16-02-1930 "Despertemos de aquel sueño". Bernardo Mato.

autonomista (Garrido, 1995). Na Estrada créase o Centro Republicano. Traballan activamente nel persoeiros como Otero Abelleira, Perfecto Porto e García Barros. O seu obxectivo era a coordinación da loita pola república no concello da Estrada. Recadando fondos para o FRG. El Emigrado actuará como portavoz do republicanismo e denominarase a partir de entón " periódico galeguista", da man directriz ideolóxica de Antón Villar Ponte. (Garrido, 1995). Deste xeito todo o que viñamos sostendo sobre o impulso do galeguismo no grupo El Emigrado visibilízase así no seu nome. Unha galeguización que tamén como sinalamos tiña influenciado notablemente a Bernardo Mato, cos seus artigos en galego e as reivindicacións cada vez máis ferventes a prol da emancipación e rexurdir da terra galega.

Estas manifestacións que se van achegando cada vez máis ao nacionalismo en Bernardo Mato estará moi visible no artigo que realiza en agosto de 1930[64]. En dito artigo amósase ilusionado ante a organización na Estrada dun acto galeguista similar a un acontecido días antes en Vigo. Debemos ter en conta que nese ano os mitins nacionalistas despregábanse por toda Galiza. O artigo é unha chamada a continuar por ese camiño, propoñendo temas para debater nese acto (como a emigración ou o valor do voto), a creación dunha comisión permanente para a organización de máis actos como estes, etc. Amósase abertamente defensor da "liberación política y administrativa de los gallegos", polo tanto da autonomía.

Ademais desta idea, que como acabamos de explicar era a base do proxecto común nado no Pacto de Lestrove, Mato da un paso máis, achegándose aos postulados nacionalistas cando sostén que deben defenderse os intereses galegos "tan amenazados a diario por los intereses de otras regiones".

O ano 1930 componse dun conglomerado de estratexias que se tecen ante a perspectiva do fin da ditadura. Nese ano de estratexias, entrelazadas e complexas de analizar encóntrase Bernardo Mato, encóntrase a Orga e o FRG, confluíndo o republicanismo e o galeguismo. E na Estrada... :"tuvo lugar uno de esos actos públicos que en vísperas de la revolución parecían multiplicarse en Galicia, corriendo cual un reguero de pólvora, de pueblo en pueblo y de aldea en aldea" (Garrido, 1995:137). Na vila estradense, o 8 de decembro de 1930 prodúcese unha máis das accións para acadar a mobilización precisa para un cambio de rexime. Organizado polo Centro Republicano da Estrada tomaron a palabra personalidades tan relevantes do republicanismo galego e representantes das súas diferentes correntes como Carnero Valenzuela, Romero Peláex, Poza Juncal, Peña Novo e Antón Villar Ponte. García Barros realiza unha crónica do mesmo para o xornal El emigrado e para "Galicia" de

[64] En El pueblo Gallego, 31-08-1930 "Un acto de afirmación gallega". Bernardo Mato.

Bos Aires[65] no que somos testemuñas dun feito crucial: O presentador de tan relevante mitin republicano é Bernardo Mato: "Hace una hermosa profesión de fe republicana y presenta galanamente a los oradores". Bernardo Mato é o encargado de dirixir un acto no que se da cita o republicanismo galego, un acto de vital importancia na historia da zona, como momento esclarecedor do impulso republicano que se materializaría nas eleccións de abril de 1931. Para o investigador da Estrada Xoan Carlos Garrido esta situación da conta da relevancia política de Bernardo na vila natal. El representaba, sen dúbidas, o republicanismo na Estrada.

> *"Un estradense será o encargado de facer os honores e representar e condensar todos os anos de combate local contra a incultura e de divulgación da escola como instrumento de emancipación e non como estupefaciente adoutrinador" (Garrido, 2008: 9).*

Bernardo Mato coa preocupación sempre presente dun retroceso que voltase entorpecer o paso de desenvolvemento:

> *"¿no tienen ya que temer los sembradores de ideas de democracia, de aquél lápiz rojo dispuesto a tachar todo lo que pretendiese abrir de par en par las puertas del pecho del hombre?"*[66]

Mato, preocupado pero optimista mira cara adiante, mira cara un amencer cheo de soños e esperanzas doutro estado, doutra Galiza, e en definitiva doutro mundo. Faino dende a tribuna, adozando os oídos dos que o escoitan aquel 8 de decembro. Faino dende as páxinas co olor aínda a tinta fresca dos seu querido El Emigrado...

> *"Alta la frente, miremos al porvenir sin recelos, y miremos siempre más allá, más allá, que más allá está la perfección, y agucemos nuestra memoria para recordar bien lo de más atrás"*[67]

[65] En EE, 16-12-1930 nº358 "Un acto de afirmación republicana" e Galicia, 01-02-1931 nº 192 "El gran mitin republicano de La Estrada".
[66] En EE, 16-02-1930, "Despertemos de aquel sueño"
[67] Idem

Capítulo 8: A SEGUNDA REPÚBLICA: AQUEL FERMOSO SOÑO

8.1. A Segunda República: o reto da utopía

> *"El día 14 de abril es la fecha de un comienzo glorioso para el pueblo español, que, en un arranque de virilidad consciente, supo dar al traste con el estorbo secular de nuestro progreso: la monarquía.".*[68]

O día 14 de abril de 1931 proclamáse a República tras o triunfo das candidaturas republicanas nas grandes cidades durante as eleccións municipais do 12 de abril. Na Estrada e en todo Galiza sucédense as celebracións populares. "Fronte ao sistema clientelar e caciquil da época da monarquía, a República abriu novas canles para a participación na vida pública, co obxectivo de establecer por primeira vez en España a democracia política aplicada a unha sociedade de masas" (Villares, 2004 :338).

Aquela xeración de mozos que anhelaban e reivindicaban unha democracia dende a realidade dunha monarquía caduca e caciquil achéganse a súa maduración política durante aquel sistema soñado. Deste xeito será a República un laboratorio de ideas que foron desembocando nas diferentes correntes políticas. Co paso dos anos republicanos fóronse debuxando os contornos das diferentes ideoloxías. Dende aquel ambiguo e confuso movemento anticaciquil, pásase a identificación co socialismo, co nacionalismo, co anarquismo...

No eido político en Galiza seguindo a tese de Villares (2004) podemos establecer a clasificación das diferentes correntes políticas en torno a tres variables: o republicanismo ou o monarquismo, dereita ou esquerda e distinción segundo a posición en torno ao carácter diferencial de Galiza. Aínda así comporta sempre unha tarefa complicada tratar de analizar as diferentes correntes políticas e ideolóxicas que conflúen neste período. Estas estaban aínda nun período de maduración, no que as escisións, as alianzas en frontes comúns, etc dotan de maior complexidade á situación. Será pois relevante ter que unha clasificación delimitada das ideoloxías fai moi dificultosa a tarefa xa que como as propias correntes e partidos, os seus membros redefínense coa súa propia evolución. E deste xeito termos tales como "nacionalista" "republicano" ou "socialista" empregados para definir a uns e a outros constituirá máis un erro metodolóxico que unha axuda na nosa análise.

A República tivo no seu período de duración catro gobernos. Un provisional durante 1931, e un segundo, inaugural que dura ata novembro de 1933, o goberno de

[68] En EE, 24-04-1933. "La República. Renovando los votos." Bernardo Mato

Azaña. Será durante estes primeiros anos cando se realicen as maiores innovacións e intentos de transformación social, das relacións produtivas, etc. Durante o chamado "Bienio Negro" co triunfo nas eleccións do CEDA e o Partido Radical (novembro 1933) producirase un retroceso nestes avances sociais, así como unha maior conflictividade social. E por último o pequeno período de vida política do Fronte Popular (dende febreiro de 1936) o cal constituía un novo paso para alcanzar moitas das reivindicacións no eido social que tiveran madurando durante os anos anteriores. Este período caracterízase en Galiza por ser aquel no que o Estatuto daba os seus derradeiros pasos antes da súa aprobación definitiva, tras os esforzos dunha meirande parte das forzas políticas galegas e o respaldo dunha maioría asoballadora no plebiscito do mesmo.

"El imperio de la libertad" como así lle chama Bernardo Mato á República pouco tempo despois da súa proclamación acometía importantes reformas na orde social que tentaban acabar cos privilexios económicos e sociais da vella oligarquía a favor dunha maioría social empobrecida.

A posición privilexiada da Igrexa, a inferiorización da muller, a falta de dereitos das nacións que formaban o estado, a situación do campesiñado... Todas e máis eran cuestións que saían á primeira plana da vida pública, cunhas reformas que alcanzaban todas as esferas.

Mato Castro era consciente de que este proceso de reequilibrio da sociedade tería que facerlle fronte ao perigo daqueles que verían ameazada a súa posición privilexiada. A estratexia axeitada iría da man da consolidación dunha masa popular concienciada na importancia da república e que a defendese dos máis que posibles ataques.

Por iso a acción educativa tornábase fundamental para Bernardo Mato como garante dos logros que ía acadando a xove república, acadando así unha ter unha masa popular realmente consciente dos seus dereitos e madura nas súas posicións. Culta e polo tanto defensora do seu poder democrático.

Unha forza popular o suficientemente forte como para evitar unha resposta retrógada da que Bernardo Mato era xa consciente nos primeiros días de vida da República.

De tal xeito o campo educativo configurouse como obxecto fundamental da acción republicana. Da man das misións pedagóxicas e das amplas reformas educativas procurábase a consolidación do sistema como xamais antes se fixera na historia de España, a través da formación dun pobo libre e culto.

8.2. O seu labor educativo: as Misións Pedagóxicas

Xa no primeiro mes de vida da República víase preciso que a relevancia desta debía propagarse "hay que llevarla a todas las aldeas y procurar un defensor de ella en cada ciudadano y en el pecho de cada niño un altar"[69], comenta Bernardo Mato nun artigo menos dun mes despois da proclamación da República.

No mes de maio de 1931 estipúlase a creación das misións pedagóxicas co obxectivo de elevar o nivel cultural sobre todo no mundo rural.

Para Mato Castro o mestre debía ter neste proceso un papel fundamental:

> *"En todos los municipios debiera formarse un grupo de conferencias, sin que de él faltara un solo Maestro, y seguidamente a evangelizar por esos mundos para que que el reinado de la justicia no se escape.(...). Al niño en la escuela y a los otros en mismo templo o fuera de él hay que educarles de modo tal que la República sea consustancial con su vivir."*[70]

As misións pedagóxicas iníciansе en Galiza no ano 1932.

Mato Castro será Presidente do Consejo Local de Primeras Enseñanzas de Teo, que no mes de maio reorganiza as misións pedagóxicas no concello, a raíz do decreto do 29 de maio de 1931. É nomeado no artigo de Miguel Paz sobre a represión no concello de Teo como "un dos membros máis activos e militantes das Misións Pedagóxicas coas que trataba de achegar a cultura e a educación básica ao pobo. Destaca a súa conferencia de 1932 celebrada na parroquia de Calo: *"La Revolución Francesa, fundamento de las libertades modernas"* o "*La escuela y la obra de la Paz".*"[71](Paz, 2012:11) A través da prensa da época tamén temos constancia da súa participación noutras conferencias culturais organizadas polo propio Consello Local. O 8 de maio do 32 en Cacheiras (Teo) iníciase un ciclo de conferencias culturais dos mestres do término municipal coa intervención do propio Mato Castro con "La democracia a través de la historia"[72], o 15 do mesmo mes a súa conferencia titúlase "La República y el porvenir de la historia"[73] e o 10 de xullo volve participar neste ciclo de conferencias con "La Religión a través de los pueblos".[74] No ano seguinte tamén encontramos referencias á súa participación nas conferencias pedagóxicas en Teo, o día 7 de maio, coa conferencia "La inactividad como vicio de nuestra raza"[75]

É pois para Mato Castro deber inexorable do mestre a educación do pobo. Realiza este deber a través non só da organización das accións (como presidente do

---

[69] En EE, 07-05-1931, "…y las mujeres no fueron deshonradas". Bernardo Mato.
[70] Ídem
[71] Tradución propia.
[72] En El pueblo Gallego, 18-05-1932
[73] En El pueblo gallego, 24-05-1932
[74] En El pueblo gallego, 16-07-1932
[75] En El pueblo gallego, 18-05-1933

Consello Local encargado de realizar as misións pedagóxicas) senón como membro activo desa labor pedagóxica.

> *"Nós somos os hombres que nas mans temos os espritos que mañá han de loitar de man tenta por espallar pol-a nosa terra o espritu do traballo agarimado pol-a cencia e adoado e adozado pol-a libertá que conqueriros os homes de hoxe. Somos, pois, os feitores do porvir, e s´este é mol e dorido, nós solos, ninguén se non nós, teremos a culpa."*[76]

Son os mestres os feitores do porvir, aqueles que deben "levar o lume das cousas novas a todos os ventos, para facer fuxir da xente na vellés do esprito o gorgullo que lle fura o miolo".[77]Bernardo Mato levou o seu lume, lume de cambio e dignidade, pola terra adiante, e acometeu esa labor con agarimo e perseverancia na súa escola en Teo, onde hoxe, velliños curvados que un día foron nenos, aínda recordan a aquel mestre que lles fixo mirar o mundo coa curiosidade inesgotable da cultura.

8.3. A escola de Teo, o seu templo de Minerva

Tralo terrible abandono da educación por parte do estado durante as décadas anteriores, a construción de escolas continuaba constituíndo unha prioridade á hora de acometer unha transformación na educación no período republicano. Continuando así co labor dos emigrados na construción e mantemento de escolas.Unha educación que se promulgaba na Constitución de 1931 como gratuíta e obrigatoria, laica e co obxectivo prioritario de facilitar a educación para todos. Para iso, antes de nada, debía asegurarse que todos os pobos tiveran as escolas precisas. En 1931 o novo goberno pon en marcha o Plan Quinquenal co que pretendía crear máis de 27.000 escolas. Finalmente constrúense 7000 o primeiro ano, 2580 o segundo, 4000 en 1933, máis de 1000 en 1934 , 1200 en 1935 e 5300 en 1936. Pasouse de 36.680 mestres en 1931 a 51.593 en 1935. (Porto, 2008). Entre estas miles de novas escolas atópase a casa-escola de Teo. Onde viven Bernardo Mato e a súa familia ata o ano 36. A escola de Teo constituíu o modelo a seguir, gabada pola Inspección Extraordinaria que visita o centro no ano 1934. A Inspección acudira á escola de Teo en relación coa creación da propia escola e anota no Caderno de visitas oficiais que conserva a familia:

> *"D. Bernardo Mato Castro lleva con diligencia ejemplar los diversos registros administrativos, cumple con entusiasmo el cometido profesional al mismo confiado entregándose animosamente al perfeccionamiento de la Escuela, al*

[76] En EE, 16-09-1931, Nº385, pax.1 "Nol-os Mestres". Bernardo Mato
[77] Ídem

acrecentamiento de la cultura popular y a la más dilatada difusión de los valores educativos."

Unha escola exemplar corroborada polas fontes orais: alumnos de Mato Castro e o seu propio fillo. Á ensinanza xeral sumábase a de formación profesional. Dotando da aprendizaxe de oficios aos nenos mediante por exemplo técnicas agrícolas nun terreo adxunto. Algo moi preciso para Mato que vía na sociedade galega un déficit de coñecementos na economía agrícola así como unha interpretación errónea da economía industrial.[78] Tamén realizaba formación física no xardín e impartía clases nocturnas aos adultos de Teo. Ao que se sumaba as excursións ao campo, co obxectivo de conseguir unha educación práctica, método de ensinanza preciso e afastado das técnicas memorísticas anticuadas. Así un material pedagóxico axeitado constituíase como primordial para esa educación que atraese aos alumnos. Por iso un dos seus obxectivos era poder dotar a súa escola deses materiais, mediante a peticións ás administracións (que ocorre por exemplo nesa mesma visita da Inspección) e tamén seguindo outros cauces como demostran as cartas recibidas da Asociación de residentes de Teo en Bos Aires que contribuían no ano 1934 e 35 á dotación de material para a escola.[79]Era pois a escola de Teo un lugar idílico, que non esqueceron os alumnos de Mato décadas despois e que compartiron connosco. Un lugar idílico tamén para súa familia. Xa ao completo en 1933 cando nace a súa filla Petronila. Un lugar que queda grabado na memoria de José Bernardo como tamén quedaron sempre as viaxes co seu pai a Santiago. A onde ía dúas veces ao mes. Unha para recibir a paga e outra para acudir a conferencias e círculos políticos. Bernardo Mato acomodaba ao seu filliño nunha cadeira, para que non cansase, mentres, quizais fraguaba algunha das súas experiencias políticas e sindicais máis importantes. Don Bernardo, como lle chamaban todos no lugar, levaba ao seu fillo con el a todas partes, respondendo sempre a todos os por qués do seu neno. Explicándolle o significado das cousas que descubría.[80]

8.4. O seu labor sindical: a Asociación de Traballadores da Ensinanza

Para Mato Castro a ensinanza era o campo de experiencia e sabiduría. A súa biblioteca, aínda hoxe conservada, da testemuña do seu interese por coñecer e aplicar os métodos pedagóxicos máis avanzados.

Despois da análise que temos feito sobre o seu posicionamento pedagóxico-político non nos pode sorprender o descubrimento de que en setembro de 1934

[78] En EE, 24-03-1931, "Las nuevas construcciones escolares". Bernardo Mato.
[79] En anexo 12.
[80] Testemuñas do fillo maior de Bernardo Mato.

ocupaba a presidencia da Asociación de Traballadores da Ensinanza de Santiago de Compostela.[81] Mato Castro era un firme defensor da unión na acción dos profesionais, en especial no maxisterio, xa que:

> *"Tenemos en nuestras manos el porvenir de la Humanidad, y saldrá ella según la hagamos: ni más ni menos. ¿Qué educador puede vivir asentado sobre una tranquilidad perfecta ante el espectro de tamaña responsabilidad?*
>
> *Pero, ¿como salvarla? No es ciertamente en el aislamiento profesional. Los hombres ha de unirse según los fines de su actividad para que la armonía y la riqueza del conjunto producido satisfaga plenamente a las necesidades humanas."*[82]

Así xa en 1928 incidíase nas reivindicacións básicas do profesorado durante unha asemblea en Santiago. As reivindicacións desta asemblea foron recollidas por Bernardo Mato nun artigo no xornal El Pueblo Gallego[83]: federación das asociacións de mestres (outra vez a unión), aumento de soldo para a dignificación da profesión, supresión o descentralización das oposicións, creación da facultade de pedagoxía en todas as universidades... Moitas destas reivindicacións cristalizaron en medidas durante a República, seguindo ese espectro renovador que viñamos sinalando. Así o aumento dos soldos, a supresión das oposicións e organización de cursillos de selección profesional, foron algunhas das medidas levadas a cabo. Pero a República tamén supuxo, co seu afán participativo e de grande riqueza organizativa, a base da revitalización do movemento asociacionista do maxisterio .Bernardo Mato é pois presidente da Asociación de Santiago de Compostela. Asociación que está integrada durante a II República na FETE-UXT. Aínda así nela participaban persoeiros de moi diferentes afinidades políticas, como anarquistas, comunistas, etc. Participa como presidente da mesma nunha xornada de propaganda a prol dunha "Federación Gallega de Trabajadores de la Enseñanza" que a UGT quería constituír a partir das distintas Asociaciones de Trabajadores de la Enseñanza locais existentes e xa afiliadas á central socialista. A xuntanza tivo lugar en setembro de 1934 en Vigo e Mato interviu en representación da Asociación de Trabajadores de la Enseñanza (UGT) de Santiago. (Probados, 1988: 1007)O sindicalismo do maxisterio en Galiza nutríase principalmente da FETE e do ATEO en Ourense.A ligazón indivisible entre a defensa do republicanismo e a acción educativa despréndese de todos e cada un dos seus escritos.Como estamos vendo Mato Castro era político en todas as súas facetas. A visión futura e a necesaria concienciación da poboación formaban parte fundamental da súa vida en todos os seus ámbitos, como estamos vendo.

---

[81] En el pueblo gallego 13-09-1934 e El país, 24-08-1934
[82] En EE, 16-05-1929 "El magisterio". Bernardo Mato
[83] En El pueblo gallego 28-03-1928

8.5. O seu labor político: Unión Socialista Gallega

O sistema de partidos da Segunda República, co noso especial foco de atención en Galiza pode definirse coma un sistema en constante cambio.

Comeza cun amplo número de organizacións no eido republicano e unha desorganización na dereita monárquica, esgazada en múltiples partidos.

Este sistema evolucionará ao abeiro das dinámicas do propio sistema político e da súa historia. As escisións, as agrupacións de diferentes partidos unidos por un obxectivo común, as disolucións doutros, serán procesos habituais que farán cambiar a propia estrutura de partidos nos 5 anos de vida da República.

Así en Galiza non se chegará a contar cun sistema de partidos propio aínda que se producen intentos de achegamento. A través da ORGA, o Partido Galeguista e outros partidos de menor implantación e consistencia. Entre eles estará Unión Socialista Gallega. A participación de Bernardo Mato na directiva deste partido será a súa única vinculación clara no eido político que puideramos constatar.[84] Polo contra no ámbito educativo a súa loita desenvolveuse moi visiblemente durante todo o período republicano. E debe comprenderse atendendo ao seu ideario, no que a educación era a base de todo o demais.

O sistema de partidos

Por un lado teríamos as forzas da dereita que trala desorganización inicial e o pouco apoio recibido agrúpanse principalmente na Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA) a partir de marzo de 1933. E que co apoio do Partido Radical gobernarán durante o chamado Bienio Negro (novembro 1933-febreiro 1936). Por outro lado estarían os monárquicos que se agruparán en torno a Calvo Sotelo en Renovación Española. O cal contará con influencias totalitaristas e corporativas do fascismo italiano. (Valcárcel, 1991). Tamén debemos ter en conta a presenza dos carlistas e da Falanxe Española que a partir do golpe do 36 terá un protagonismo maiúsculo como parte fundamental da represión informal. No eido republicano as organizacións son, como dixemos, moi numerosas e cambiarán considerablemente co tempo. Por un lado teríamos ao xa citado Partido Radical, que pactará coa CEDA en 1933 algo que acabou por desprestixialos, desaparecendo finalmente. Por outro lado, no republicanismo de esquerdas teríamos a ORGA. A Organización Regional Gallega Autónoma, nacía xa en outubro de 1929 coa base republicanista de Casares Quiroga e nacionalista de Antón Villar Ponte. Foi unha organización de grande relevancia na instauración da República, impulsando o Pacto de Lestrove e a Creación da FRG

[84] Existen informacións que apuntan a vinculación de Bernardo con outros partidos. Vinculacións que polo de agora non puidemos constatar a través de ningunha fonte histórica.

(Federación Republicana Gallega). Pasa a denominarse Partido Republicano Galego. Máis tarde dende o Partido Galeguista pasará a cuestionarse o seu verdadeiro interese de autonomía para Galiza. Aínda que con grande implantación na provincia de Coruña e Pontevedra, pasa a integrarse fundamentalmente na Izquierda Republicana de Azaña. O cal será en parte motivo de debate ideolóxico interno para militantes como García Barros, con clara vontade nacionalista. Por outra banda teríamos o Partido Republicano Radical Socialista que en 1933 escíndese entre os que se integran en Izquierda republicana (aqueles favorables a coalición con socialistas) e os que forman Unión Republicana (en 1934). E de vital interese para a nosa pescuda serán tres organizacións: o Partido Galeguista, o Partido Socialista Obrero Español e Izquierda Republicana. A cabalo entre eles situaríamos a Unión Socialista Gallega, partido do que forma parte Bernardo Mato.

Unión Socialista Gallega

O PSOE concentra en Galiza os seus votantes nas provincias de Pontevedra e Coruña. Manteñen unha relación directa co mundo sindical e agrario seguindo as tendencias de implantación comarcal. Ligado ao partido están os sindicatos UGT e FNTT (para os traballadores da terra) con 26.000 afiliados no ano 31. O PSOE constituía, segundo Valcárcel (1991) a única forza republicana que contaba entre os seus dirixentes e deputados con campesiños, canteiros, carpinteiros e líderes agrarios. Como dixemos Bernardo Mato era en 1934 presidente da Asociación de Traballadores da Ensinanza (da UGT). Este dato podería situalo en parcelas cercanas ao PSOE. Pero o dato co que contamos e que corrobora a súa militancia política sitúao en Unión Socialista Gallega.Este partido nace dunha escisión do PSOE en 1932 baixo o liderato de Xoan Xesús González. As causas desta escisión aparecen meridianamente claras. O escenario político en Galiza durante a Segunda República vertébrase en torno á loita pola autonomía. Deste xeito republicanos e galeguistas sitúanse a favor da autonomía e a súa actividade política irá ligada indivisiblemente aos actos e accións a prol da mesma. No campo oposto estará a dereita e tamén o PSOE. Xa no seu Congreso en Monforte en 1931 sitúanse maioritariamante opostos á autonomía.Este feito confórmase como decisivo para a creación de Unión Socialista Gallega. Este partido conformará unha síntese única neste tempo entre socialismo e nacionalismo. Tentativo dun partido socialista de obedencia galega. Debemos ter en conta que dende decembro de 1931 o nacionalismo galego aglutinarase no Partido Galeguista. Neste partido agruparánse moi diferentes tendencias, dende dereitistas a marxistas. Para o Partido Galeguista o primordial era alcanzar a autonomía, e polo tanto precisábase a unión no nacionalismo. A creación dun sistema de partidos diferencial

galego era un tema que debería esperar. Por iso nun primeiro momento a creación da USG é tomado polo PG con certas reticencias. Aínda así a posición do PG irá mudando co tempo, non podendo obviar a relevancia de que o sector socialista-marxista, tan reacio a unha posición nacionalista, acadáraa a través da USG. Este partido nace baixo o liderato de Xoan Xesús González, un avogado de Santiago con ampla experiencia na actividade política e intelectual e que xa era antes da República militante socialista e fora presidente da Agrupación Socialista de Santiago. Pero xa en abril de 1931 aparece tamén ao fronte da Agrupación Nazonalista de Santiago, que logo intégrase no PG aínda que Xoan Xesús non. Polo tanto como analiza Marcos Seixo (2008) para Xoán Xesús socialismo e nacionalismo son dous conceptos que non se poden entender disociados. Como dixemos a decisión do PSOE de non apoiar a cuestión autonomista no Congreso de Monforte en 1931 será o detonante para que Xoán Xesús cree o "Seminario de Estudios Socialistas" en maio de 1932. Este seminario contaba coa colaboración de Ángel Valcárcel e nun principio Manuel Moure. Así como o dun círculo de persoas pertenentes a algúns dos comités parroquiais constituídos por aquelas datas en Enfesta, Cuntis e Teo, entre outros. (Picallo, 2008). A presenza de persoas de Teo xa nos da unha pista sobre a posible vinculación de Bernardo Mato. Presenza que se constata pola aparición de como asinante do manifesto fundacional da USG en agosto de 1932.[85] A USG nace pois,rexeitando o secular uniformismo do socialismo español, ancorado nunha actitude centralista (en opinión de González Probados) (Picallo, 2008:120). E declarando na autonomía a súa razón de ser: "la autonomía es para USG una cuestión previa y fundamental"[86].Así declárase nacionalista e socialista mediante a seguinte afirmación:

> *"Galicia es una nacionalidad ibérica, con derecho, por lo menos, a ser autónoma. Con derecho a ser libre. Con derecho a usar su idioma"*

Para, alcanzada a autonomía, " poder lanzarse a la lucha por una Galicia de tipo nuevo, organizada con arreglo a las bases científicas del socialismo moderno"[87].Seguindo esta mesma orde nos obxectivos da USG Xavier Castro (1985) postula a priorización dos obxectivos de tipo nacionalista fronte aos de tipo social na USG. Dende o PSOE percibirase á USG como un competidor na captación de labregos mentres, pola contra, as relacións co PG son cada vez máis próximas. En canto a súa actividade política a USG levará a cabo unha intensa acción nas campañas de mitins pro estatuto (algúns deles realizados xunto ao PG). (Castro,

[85] Na presna en El pueblo gallego 11-08-1932, en La Voz de Galicia 04-08-1932 e manifesto íntegro publicado no número de agosto do 32 de "A Nosa Terra". E no estudo doutoral de Alfonso Bozzo (1976:216)

[86] En El pueblo gallego 11-08-1932

[87] Idem

1985). A súa implantación territorial delimitase principalmente á bisbarra de Santiago. Castro (1985) describe a súa estrutura como endeble, sinal inequívoco da súa natureza aínda de"xérmolo de partido". Nas eleccións de novembro de 1933 non logra coalicións, e os seus candidatos preséntanse como independentes para que un posible fracaso non os afectase. Aínda así o desastre electoral desemboca na decisión de deixar en letargo a USG. Dándolle unha invernía temporal ata que a climatoloxía política fose idónea (Picallo, 2008).

En opinión de X.C. Garrido a USG constituía un proxecto político adiantado ao seu tempo: baseado naquela idea de conciliar marxismo e nacionalismo. Unhas ideas presentes nos seus fundadores, en diferente estado de maduración.No caso do noso protagonista, Bernardo Mato, este tiña xa materializado nestes anos ambas ideas nos seus escritos dunha formas máis ou menos nítida. Así falando dos adiantos da República mantiña unha idea nada afastada da teoría socialista:

> *"Innumerables son ya las leyes que la República ha dictado con tendencia a desesclavizarnos o a posibilitar la realización total de esa misma idea, socializando los medios de existencia mediante una serie de cambios experimentales que nuestra ley básica prevé como necesarios o posibles en la evolución de nuestras ciencias sociales*"[88]

O nacionalismo ía tamén manifestándose timidamente en Mato Castro, dende aquel o seu primeiro artigo en galego no ano 1929, a través da súa vella idea da federación mundial partindo da liberdade da terra galega e a través, sen dúbida, daquela bandeira que adoptou en 1932 representante simbólica da USG e que era a fusión da comunista e da galega.

A USG, segundo a análise de Beramendi e Núñez Seixas, estruturaba as bases programáticas do partido a partir da idea de nación, afastándose do internacionalismo xa que, segundo Xoán Xesús, os obreiros abofé que teñen patria.(Picallo, 2008:121).

Foron pois, Xoán Xesús González e Bernardo Mato (entre outros) os precursores do nacionalismo marxista en Galiza. Na liña desta reflexión temos as ideas de Seixo, Beramendi e Núñez Seixas: "Esta orixinal organización pode ser analizada como precursora do Partido Socialista Galego que nace na clandestinidade das tebras do franquismo a comezos dos anos 60" (Seixo, 2008:159) "Achámonos perante o primeiro gromo real dun galeguismo socialista, tanto no ideolóxico como no organizativo" (Beramendi e Núñez Seixas, 1995:120).

Tras a derrota electoral e o triunfo das dereitas a USG, como xa dixemos, decide desaparecer. As súas bases intérnanse no Partido de Izquierda Republicana.

[88] En EE, 24-04-1933, "La República". Bernardo Mato

Nado nese período e que aglutinaba a diferentes partidos no intento por recuperar forza despois da vitoria dereitista.Nela intégranse os membros da USG. Xoan Xesús González preside a agrupación da IR de Santiago de Compostela. Constituíndo un momento máis moderado na súa evolución ideolóxica, abandonando parte do seu radicalismo nacionalista. (Xa que o IR era un partido estatal. En 1935 tras certas desavinzas dentro do IR, Xoan Xesús é expulsado e crea xunto a vellos compañeiros tamén escindidos "Vanguardia de Izquierda Republicana Gallega". Nun novo pulo de reorganización do nacionalismo socialista. (Seixo, 2008).Esta organización non entra dentro do Fronte Popular debido ao veto de IR por ser un grupo escindido do mesmo.Descoñecemos onde se sitúa Bernardo Mato tras a disolución da USG, sabemos despois da súa militancia na Asociación de Trabajadores de la Enseñanza (UXT) e tamén da súa activa participación de apoio á Fronte Popular. A Fronte Popular constitúe a coalición de partidos de esquerdas que conflúen xuntos as eleccións de febreiro de 1936 co obxectivo de deixar atrás un Bienio de retrocesos no eido da transformación social. Bernardo Mato participa como apoderado da Fronte Popular nas eleccións. Este feito xunto coa súa afiliación ao sindicato de mestres formará parte dos delitos dos que se lle acuse no expediente de depuración de 1941. Anos despois do seu asasinato.

Capítulo 9: MORTE

A República remata, bruscamente, tralo golpe de estado encabezado por varios xenerais do Exército en Marrocos e que da paso a unha cruenta guerra civil. En Galiza, a guerra dura só uns poucos días. O que tarda o bando sublevado en tomar todas as cidades galegas. Chega entón a outra guerra, a dos mortos nas cunetas, a das mulleres rapadas e violadas, a dos mestres torturados...

A historia de Bernardo Mato non foi unha excepción. A súa fin cristalízase ante os nosos ollos como exemplo paradigmático da represión exercida dende o bando golpista tras aquel 17 de xullo de 1936.

Dende o noso punto de vista resulta unha ardua tarefa a comprensión e análise completa do que foi e supuxo a represión que seguiu á sublevación militar. A complexidade das súas dinámicas, a necesidade (cremos) de seguir investigando entre unha inmensidade de documentación (aínda hoxe en día difícil de conseguir), a fraxilidade das fontes orais (poucas testemuñas quedan xa do vivido naqueles anos, e algunhas son aínda as que prefiren non falar), son algúns dos factores que explican a nosa mesura á hora de facer unha análise sistemática da represión. Polo tanto, mantendo a cautela do que, para nós, aínda deben ser análises preliminares,

comezamos. Neste o primeiro capítulo que dedicamos a esta temática tentaremos aproximarnos a represión exercida durante os primeiros momentos nun sentido global, achegándonos logo ao caso particular de morte de Bernardo Mato. Será no seguinte e último capítulo deste traballo onde enfoquemos o noso estudo cara a represión a nivel familiar e social e o seu efecto na memoria individual e, tamén, colectiva.

9.1.A limpeza política: o asasinato

Deste xeito denomina Rafael Cruz (2007) á represión exercida polo bando rebelde. Os asasinatos, as malleiras e as violacións non obedecían a unha "tolemia colectiva" ou a simple vinganza. Máis ben constituían "unha dinámica de homoxeneización política da poboación dun territorio por medio do uso da forza ou a intimidación contra persoas pertencentes a grupos identificados como inimigos políticos"[89] (Cruz, 2007:4). A limpeza política segundo o autor obedece á coincidencia de diferentes circunstancias que a fan ver como precisa, entre elas a non conquista inmediata de Madrid polos insurrectos e a incerteza sobre a correlación de forzas. Era pois unha acción preventiva. A guerra pasaba á retagarda. Pero, ¿como pasaba?¿Cal era o método a seguir nesa represión, nos asasinatos de miles de persoas,?¿Quen eran os executores e quen as vítimas? Vexamos o caso de Bernardo Mato, exemplo da represión informal ou paramilitar. A represión do primeiro momento, deses primeiros meses. Unha represión da que non existen documentos, da que non hai nin un selo que a demostre. A esta primeira sucedeu a represión institucionalizada, amparada na lei franquista, lexitimada por unha lexislación feita a medida para seguir a garantir a limpeza política que anteriormente iniciaran "falanxistas", que iniciaran delincuentes comúns, "señores da guerra", convertidos máis tardeen cabezas de turco... Bernardo Mato realizara nos momentos anteriores ao estalido da guerra unha intensa actividade política[90], comprometido coa Fronte Popular[91] amosábase entusiasmado polas posibilidades que ofrecía o seu triunfo pero tamén preocupado pola situación de tensión que se vivía no país. Así, cando o fillo saca inocentemente unha das bandeiras republicanas que tiña gardadas para os actos,, Mato ordenoulle que non volvera amosalas. A madrugada do 18 de xullo Avelina, Bernardo e o seu fillo maior, José Bernardo, non poden durmir. Escoitan nitidamente tiros, en dirección a Santiago. A mañá seguinte Mato vai realizar varias visitas a algúns amigos seus.

[89] Tradución nosa.

[90] Reconstrucción dos feitos a través das testemuñas de José Bernardo Mato (fillo de Bernardo) que se basean no seu propio recordo e no relato que lle fixo décadas máis tarde Manuela de la Fuente (muller do irmán de Bernardo, José María). E pola outra banda das investigacións realizadas por X.C. Garrido (centrada na execución do crime).

[91] No expediente de depuración do maxisterio de Bernardo que analizaremos, unha das acusacións é ser interventor durante as eleccións de febrero da Fronte Popular.

Pola tarde dous camións cuns cincuenta milicianos (campesiños e obreiros mal armados) detéñense fronte a casa-escola. Falan sobre a grave situación, en xeral. Un dos milicianos, de porte intelectual, con gafas graduadas en unha pistola no cinto acompaña a Bernardo Mato ao piso de arriba mentres os demais esperan abaixo. Mantemos a hipótese[92] de que este grupo de milicianos é o famoso Terzo de Calo. Xoán Xesús González, (escritor e activista político amigo de Bernardo, como xa tratamos en capítulos anteriores) vai a Teo en busca de homes para defender Santiagotralo golpe de estado. Ante a marcha da maioría dos efectivos a defender Coruña, Santiago quedará baixo a defensa deste terzo, o Terzo de Calo. Polo tanto esta visita, aproximadamente o día 18, correspóndese co momento no que Xoán Xesús vai recrutar os homes que defenderían Santiago ata o día 22, cando o Terzo de Calo realiza a última acción de resistencia tentando asaltar un tren con armamento. A acción sae mal e son detidos. Xoán Xesús, pola súa banda, foxe, pero é preso tempo despois e fusilado (tras un xuízo) en setembro do 36. Pero volvamos a ese día 18 de xullo cando moi posiblemente Xoán Xesús se reúna con Bernardo no seu despacho. Non sabemos do que falan exactamente. Posiblemente Xoán Xesús lle advertise da gravidade da situación. Outra teoría, na que Mato tería un papel máis activo na resistencia, apuntaría a que Xoán Xesús fose velo, cos milicianos esperando na porta, para recibir indicacións ou consellos sobre que plan seguir. Xoán Xesús e Bernardo abandonan o despacho e toman algo antes de despedirse. Os camións parten dirección Santiago. Bernardo e Avelina falan de novo sen presenza dos fillos onde deciden que facer. Esa mesma noite ou a mañá seguinte Matomarcha, dille ao fillo que ten que ir a Santiago. En realidade parece ser que se oculta un tempo na casa duns amigos. Tamén marcha Avelina, un día despois de que o fixera Mato, deixando aos seus fillos con Araceli (a rapaza que a axudaba coas tarefas do fogar) e refuxiándose tamén na casa duns amigos.

Durante a ausencia de Avelina e Bernardo varios homes vestidos de paisanos pero que se identifican con policías chegan a escola preguntando por eles. Araceli minte, sostendo a versión de que foran a Santiago facer unhas xestións e que tardarían días en regresar. A visita dos homes repítese, durante días. Días tamén máis tarde Araceli vai buscar a Avelina, que regresa xunto aos seus fillos en compañía dos amigos cos que estivera.

A sorte de Bernardo foi diferente, refuxiado na casa dos amigos de Teo opta por marchar tralo coñecemento de terse producido varias detencións de compañeiros mestres e profesores de universidade. Decide ir ata a casa do seu pai (na parroquia de

[92] Compartida polo biógrafo de Xoan Xesús González, Marcos Seixo, e por X.C. Garrido.

Vinseiro, no concello da Estrada). Pensando que alí podería refuxiarse por máis tempo esperando a que calmase a situación. Partiu cun amigo seu, decidindo facelo sen ir polos camiños, para non ser visto. Tenta cruzar o río Ulla en barca, para non pasar pola ponte de Teo, pero aí é onde é interceptado por un grupo de falanxistas. Sométeno a un duro interrogatorio. Tortúrano buscando información sobre outros escondidos. Non sabemos canto tempo estivo detido. Sóltano, xunto co seu amigo a beira dun camiño, en Cora,[93] ferido xa de morte. O amigo, con feridas menos graves condúceo a unha casa achegada. Dende alí transportan a Mato á casa do pai. Persoas que non quixeron identificarse. O irmán de Bernardoe a súa muller buscan a Manuel de Carbón, o médico, que só pode certificar o grave estado no que se encontra, con fracturas por todo o corpo e derrames internos aos que non sobrevivirá.

Mato contaralle todo á muller do seu irmán, que á súa vez contarallo a José Bernardo corenta anos despois. Mato esvaecese pouco a pouco, entre fortes dores que combatía con morfina, ata quedar inconsciente e morrer o 4 de setembro de 1936.

"Os falanxistas" saíran aquela noite do cuartelillo de Tabeirós, ben preto do seu Vinseiro natal. Coma dixemos non hai documentos, non hai selos oficiais, non hai detención, a represión de Mato silenciouse mediante a certificación da súa morte como "enfermidade cerebral".A familia preguntouse polas presións que habería detrás desa decisión. A "enfermidade cerebral" de Mato cubríalle as costas a un xerarca local, a aqueles implicados na súa malleira. A investigación realizada por X.C.Garrido apunta a un home José Filloy Esans, de Vinseiro que prestaba os servizos con frecuencia no "Cuartelillo" da Falanxe de Tabeirós. E por riba del, das súas mans executoras a outro home, Manuel Castro Pena, Xefe Provincial da Falanxe e tamén veciño da Estrada.Manuel Castro Pena era o que daba as ordes de eliminación dos suxeitos elixidos. Meses antes tíñase reunido con Primo de Rivera, co obxectivo de planificar o golpe en Galiza. Castro Pena foi o que ordenou o arresto ou secuestro de Bernardo. Como xa dixemos esta pequena fornada de falanxistas foi deposta meses máis tarde[94], pola necesidade de lexitimar ás novas autoridades. Unha forma de eliminar as relacións con esa represión informal, protagonista dos primeiros días, executora de Bernardo Mato Castro.

Para Dionisio Ridruejo entre outros analistas a represión franquista foi dende os seus primeiros momentos unha represión planificada, dirixida e premeditada. Para Rafael Cruz, pola contra, esta primeira obedecía máis as accións autónomas dos señores da guerra con poder nun territorio delimitado no que se asentaron as bandas de paramilitares que gozaron en xeral de autonomía para matar. (Cruz, 2007) Despois

[93] Parroquia da Estrada limítrofe con Teo, ver mapa en anexo 2.
[94] Estudo das causas do Arquivo militar de Ferrol.

deste estudo preliminar e moi restrinxido pola dificultade de encontrar probas e de atopar fontes orais aínda vivas, mostrámonos máis favorables a teoría de Ridruejo. Ben é certo que a represión obedecía quizais a certa improvisación, e ao rápido transcorrer dos acontecementos, e sobre todo a axentes represivos moi variados, dende autoridades militares e militantes falanxistas a simples veciños.

Pero deberiámonos preguntarnos, ¿ata que punto é autónoma esta limpeza política cando ten uns claros núcleos de accións, de onde parten a maioría dos axentes represores: os "cuartelillos" da Falanxe, dirixidos á súa vez por un xefe provincial que viña de ter planificado o golpe con Primo de Rivera?

9.2. A depuración do Maxisterio

O maxisterio, como vimos sinalando, constituía un eido que debía ser controlado polas novas autoridades para manter a súa nova orde. Un eido de transformación social en mans dos seguidos da nova pedagoxía, daquela nova educación que creaba cidadáns e que apostaba por unha instrución de calidade para o conxunto da poboación.

> *"Al producirse el actual movimiento del Ejército, secundado felizmente por la Nación, ha podido observarse que las actividades políticas y sociales de buen número de Maestros, su falta de respeto a la moral cristiana y su comportamiento profesional de los mismos en las Escuelas , han sido factores que contribuyeron con punible eficacia a fomentar el estado caótico y anárquico del país".*[95]

En setembro de 1936 o gobernador civil de Pontevedra argumentaba así a suspensión provisional de mestres da provincia na resolución que facía pública. Ás suspensións nos primeiros meses tralo golpe sucederon diferentes ordes para organizar o novo curso escolar e depurar aos mestres considerados perigosos pola súa conduta "político-social" e a súa "educación moral".A regulación da depuración prodúcese co Decreto 66 do 08-11-1936 que vertebra os principios inspiradores da depuración e é xa asinado polo Xeneral Francisco Franco. Concrétase a creación de comisións que levarán a cabo a depuración de todo o persoal docente segundo a súa natureza. Establécese unha Comisión Provincial para o maxisterio. Terá unha realización moi burocratizada e que se exemplifica no expediente de depuración de Bernardo Mato Castro que se inicia no mes de decembro de 1936.[96]A Comisión reclamaba informes sobre a conduta profesional, social e particular, así como actuacións políticas do persoal ao párroco, alcalde, comandante do posto da Garda Civil e pai de familia exemplar do municipio correspondente. As posibles

[95] Extraído de Porto (2008)
[96] Expediente de Depuración parcialmente plasmado en anexo 13

consecuencias eran: a confirmación no cargo, o traslado de destino, a separación definitiva e a suspensión temporal. Debemos sinalar que durante estes ano (ata o 39) sucédense ordes que van completando estas características. Como dixemos o expediente de Bernardo iníciase en decembro do 36, no que a Comisión depuradora da Coruña solicita os devanditos informes. O primeiro que ocorre é a resposta das autoridades locais informando da morte de Bernardo Mato. Aínda así a Comisión insiste na petición dos informes pormenorizados xa que se ditará o resultado como se este estivese aínda vivo. Os informes do párroco, do alcalde e do Comandante de Teo apuntan a súa conduta exemplar en todos os campos excepto o político. A súa conduta política establece os cargos definitivos: a afiliación a ATE e ser apoderado do Fronte Popular nas eleccións de febreiro do 36. Polo que a 12-07-1940 establécese a separación do Maxisterio de Bernardo seguindo a lei do 07-12-1936. A isto engádese a confirmación da súa "separación definitiva a efectos administrativos" firmado o 23 de abril de 1941 seguindo a Lei de Responsabilidades Políticas de febreiro do 39 que refunda a depuración. Bernardo Mato é así separado definitivamente do maxisterio no 40, catro anos despois de morrer. Unha importante "perversión" que non foi unha excepción. Foron moitos os casos de mestres fusilados ou paseados que máis tarde foron suspendidos ou apartados da súa profesión. Unha ironía que obedece ao interese do réxime por continuar coa súa limpeza política, que non só consistía en eliminar aos considerados "inimigos políticos" senón realizar unha represión a nivel familiar e social, co significado tanto económico (eliminando a posibilidade de pensións para os familiares) como psicolóxica. Foron executados en vida e axuizados despois de mortos. Demostrando a inmortalidade da triunfal Revolución Nacional-Sindicalista.

Capítulo 10: UNHA LONGA NOITE DE PEDRA

10.1.A vida despois daquela morte

Morre Mato Castro aquel 4 de setembro de 1936. José Bernardo, o fillo maior, recorda a dor daqueles momentos, e relátaos con detalle, ata sendo quen de lembrar cales eran os pensamentos, as preocupacións, as angustias que lle pasaban pola cabeza.Despois da morte de Mato, Avelina queda viuva e con catro fillos.Apartado xa do maxisterio con carácter preventivo en agosto, e confirmado isto anos máis tarde coa resolución do expediente de depuración de Bernardo (que tratamos), a familia queda sen casa e sen pensión de viuvedade.Daquela vida estable e feliz en Teo, orfos, co pranto aínda na gorxa sobreviven coa axuda da familia.Durante anos aquela situación incómoda e angustiante que comezara aquel mes da agonía do seu pai,mantense no tempo. Pucho e David, os nenos máis vellos viven co irmán de

Avelina, na taberna do Moucho (Vinseiro) e Avelina e as súas dúas pequenas fillas acomódanse na casa da nai.Para Pucho aquela situación recordáballe non só que o seu pai non ía volver senón que constituía co paso do tempo e da conciencia pola súa parte do que acontecera como unha especie de condena. Pucho, o fillo máis vello, o fillo que recorda nitidamente non só a Bernardo no seu leito de morte (o que tamén recordarán o resto dos fillos) senón tamén o pai en vida, enchendo de soños de futuro que nunca se cumprirían o seu presente.Na taberna o ambiente non era agradable para el, o irmán de Avelina amosaría certa simpatía polos falanxistas da parroquia, que ían tomar as chiquitas nun reservado da taberna. Pucho será consciente desa situación nuns días nos que mesmo na escola o rumor sobre quen eran os asasinos do seu pai revoloteaba o ambiente.A separación da familia durou uns anos, ata que terminou a construción da casa do Moucho, a onde se mudaría Avelina cos fillos e onde viviría ela ata a súa morte en 1988.O silencio sobre Bernardo fíxose norma na familia, Avelina, os irmáns e o pai de Bernardo decidiron gardar silencio sobre o que lle ocorrera, e a versión que dende ese momento en diante permanecería sería a da morte natural de Bernardo a causa dunha enfermidade cerebral.

10.2. A vida dos seus fillos

A vida dos fillos de Mato Castro foi moi diferente a como el a tivera planeado. Cunha educación na capital de Galiza... Avelina sacou adiante aos seus catro fillos traballando duramente como modista. O fillo máis vello, Pucho, marchou aos 14 anos a Madrid e logo emigrou a lugares como Cádiz e Montevideo. David emigra tamén, a Montevideo onde forma unha familia e monta un taller. Regresan anos máis tarde e viven en Cereixo ata a súa morte no ano 1996.A terceira filla de Bernardo e Avelina, Otilia Manuela, ao deixar a escola convértese en aprendiz de modista nunha aldea próxima. Tamén emigra, reclamada polo seu irmán David. Casa alí co seu mozo de aldea e forma unha familia en Montevideo. Vivirá alí ata a súa morte no ano 93.

E por último aquela pequena rapaciña de tres anos que quedara orfa sen case ter recordo algún do seu pai, Petronila Avelina tamén aprende o oficio de modista. E queda na casa do Moucho, formando alí a súa familia xunto ao seu marido e a súa nai Avelina.

Como dixemos o silencio aséntase. Só Pucho, afastado daquela aldea que tan malos recordos que lle dera, recordaba e podía intuír cal fora o destino real do seu pai. Así, corenta anos despois, regresa a Estrada e investiga aquilo que o acompañara toda a vida, a morte do pai. Fala coa cuñada de Bernardo, a muller do seu irmán José María, que aínda vivía, e cóntalle a verdade. Algunhas das partes que reconstruímos

no apartado anterior. Despois de ter esta confirmación fala con Avelina, esta ao fin cede e dille a Pucho que é certo máis pídelle que non lles conte nada aos seus irmáns. Pucho aínda así cóntallelo, e deste xeito recordan ou confirma a tráxica morte do seu pai. Como vimos contando descubrimentos posteriores de diferentes investigadores, e xa a mediados da primeira década dos anos 2000 fan vislumbrar á familia a importancia de Bernardo como mestre, e tamén como activista político.

10.3. Bernardo nos seus fillos: recordos e influencias[97]

Pucho recordaba non só aspectos da vida de Bernardo, como a súa participación na política senón que era xa dende neno e en certa medida, consciente de quen mataran ao seu pai. A morte de Bernardo, en palabras de Pucho marcoulle a vida e o convencemento de loitar pola reivindicación das inxustizas sociais.E así foi, durante toda a súa vida Pucho constituíu un espírito loitador e reivindicativo, activo alí a onde ía. Últimamente ligado ao sindicato Comisións Obreiras. De clara convicción comunista, o papel do seu pai estivo sempre presente na súa vida. E compartiuno con nós, rompendo a súa fachada de dureza e firmeza, descubrindose coma o tenro neno que ía da man de Bernardo. Coma o doce neno que descubriu demasiado pronto, as brutalidades máis horribles que pode facer o ser humano. Pucho marcha de Vinseiro con 14 anos. Será, para nós de vital relevancia comprender o que ocorre na casa do Moucho, que ocorre con Nila, Otilia e David. Con moito máis vagos recordos sobre o seu pai, pero que o levarán na súa memoria durante toda a súa vida.

David e Otilia xa tiñan falecido cando realizamos este traballo.

Nila cóntanos o total descoñecemento no que viviu ata hai ben pouco. Ela, con tres anos, só garda a imaxe difusa do pai na cama cunha venda na cabeza. É todo o que ten del. Eles, di, coma nenos, curiosos, sen pai, pregúntanlle por el, pero ela sempre responde o mesmo, a morte natural, e fala del moi poucas veces, a maioría contando anécdotas.. *"Moitas veces chegábamos da escola e miña nai estaba fregando, cos ollos aínda chorosos, os nenos non son tontos, e saben o que pasa. Ela choraba moito, e nós non preguntábamos para non poñela máis triste".*

A vida pasou, ao lado de Avelina, que non quitou ata a súa morte o negro do loito pola morte do seu home. Poucos días antes de morrer Nila recorda que a chamou, xa estaba na cama. Pero Nila realizaba nese momento un arranxo de costura e pediulle que esperase a que rematase. Cando chegou, Avelina xa non recordaba o que lle quería contar. En Nila quedou, cunha magoa fonda unha pregunta no aire, que

[97] O estudo dos fillos de Bernardo Mato realízase a través das súas testemuñas directas. No caso dos xa falecidos: indagaremos grazas á testemuña dos fillos e doutros familiares. Para acceder ás entrevistas contáctese coa autora.

continúa agora, presente nela. Pode que Avelina, antes de morrer, decidira compartir coa súa filla aquela tristura e o recordo afastado e vivo aínda,de seguro, de Bernardo.

10.4. A represión franquista, silencio ou esquecemento

Despois de tratar a represión de Bernardo, no capítulo anterior, unha represión destinada a limpeza política, a eliminar aos considerados "inimigos políticos" atenderemos agora á represión a longo prazo, a exercida sobre a familia, e en definitiva, sobre a sociedade.

> *"Fillos e netos que non coñecen o sufrimento imposto polo franquismo nos seus devanceiros serán a norma e non a excepción"* (Cabana, 2006:40).

Esta terrible norma cúmprese polo tanto no caso da familia de Bernardo. Sobre a que se exerceron diferentes tipos de represión. A represión franquista enténdese como aquela que "se exerce sobre todos os aspectos da vida, buscando anular tanto ao individuo como ao seu entorno, destruíndo as súas formas de relación social e eliminado todas as súas posibilidades de desenvolvemento ou perpetuación empregou diferentes medios de coacción, represión física, psicolóxica, económica, cultural co obxectivo de neutralizar e eliminar a disidencia política-de forma premeditada e sistemática, a través dun sistema mixto de represión formal e informal" (Paz, 2012).

No caso da familia estudada a represión atendeu a diferentes modalidades, empregando á clasificación de Xulio Prada (Cabana, 2006): En primeiro lugar a represión informal ou paralegal exercida directamente sobre Bernardo e que vimos de estudar. Nas semanas inmediatas ao golpe as malleiras e os paseos foron a forma habitual de represión. Os golpes e morte á causa destes de Bernardo constitúen este tipo de represión. Invisible na burocracia do réxime, que logo si pasou a ser unha represión institucionalizada a través da Lei de Responsabilidades civís de febreiro de 1939. Esta represión institucionalizada tamén foi exercida sobre a famila, ao acometer a depuración de Bernardo (aínda que xa falecido). A causa da súa morte omítese nos papeis do expediente de depuración, coma se fose simplemente a boa sorte que apartou dos "camiños do señor" ao mestre republicano. Un mestre que aínda morto, merecía ser depurado. Esa depuración xa non se exercerá sobre el. Unha represión económica e administrativa tendente a inferiorizar e castigar aos individuos. Pero esta traspasouse á familia, sen posibilidade de ter pensión por viudedade ou orfandade. É pois unha forma de sinalar aos que xa non poderían ser considerados dignos pola sociedade. O terceiro tipo de represión, a represión social que tiña como obxectivo xa a aceptación do réxime e que se tentaba a través da imposición dos seus valores e simboloxía a través da Igrexa, dos medios de comunicación e do sistema educativo é relevante para entender os procesos que levarán ao silencio a Avelina. Os seus fillos

na escola franquista, o cura e a man en alto, en cada momento da súa vida. Un cuarto tipo de represión fai referencia á psicolóxica: que moldeaba as propias ideas en función das reaccións inducidas polas outras modalidades represivas. Que podía facer se non calar despois de ver asasinado ao seu marido? Que podía facer Avelina senón negar o asasinato do marido ante o medo a que lles pasase algo parecido a ela ou aos fillos? O medo que sufriu Avelina fixo que ela mesma tentara ser unha especie de "cordón sanitario" para os seus fillos. (Cabana, 2006). Algo que non sempre se lograba, converténdose máis ben, ese mesmo cordón nunha correa transmisora do medo. É pois a represión franquista segundo Dionisio Ridruego (Canaba, 2006) unha purga de adversarios intencionalmente exhaustiva, non só con miras á seguranza do momento senón destinada a retirar no futuro todo atranco probable, todo rebrote de forzas... O obxectivo era por unha banda eliminar aos disidentes e por outra someter ao resto da poboación. Mediante unha represión que era en último caso didáctica e aleccionadora. Exercida sobre as persoas como Bernardo, significadas políticamente, a mensaxe era clara: abandonar e negativizar para sempre a acción política e colectiva. Facíamos referencia ao silencio de Avelina como consecuencia dos diferentes tipos de represión. Esta será, pois, unha cuestión primordial: o silencio. O silencio constituiu un elemento fundamenal para comprender a conformación da memoria colectiva. Unha memoria colectiva, que, segundo palabras de Ana Cabana, continúa, aínda hoxe, tolleita. Unha memoria tolleita sobre a que se asentou o rexime franquista. Silencios, silencios como os de Avelina e tantos e tantos coma ela. Cabana fala de dous niveis de silenciamento da memoria dos represaliados. Un a nivel individual, no que o propio suxeito autoreprímese e négase como victima. Ata chegar a esquecer el mesmo o que lle ocorreu, asimilando o seu propio esquecemento. Estes negan, aínda hoxe, o que ocorreu e sinala Ana Cabana "non menten, simplemente decidiron non lembrar ou silenciar a súa memoria". Por outro lado estaría a memoria da represión que quedaría só no nivel familiar. Caso ao que non todas as familias chegan sendo, como dixemos, habitual o caso no que propia familia descoñece o que lles ocorreu aos seus devanceiros. Cremos ver en Avelina unha unión dos dous tipos de silenciamentos da represión. E polo tanto dúas das modalidades da memoria da represión. En primeiro lugar e indudablemente Avelina reprime a memoria do acontecido a nivel familiar, negando o asasinato do seu marido incluso décadas despois, xa en democracia, cando o fillo ten que presionala para que admita a verdade, e aínda así pídelle que non lle conte nada aos demais irmáns. E esa represión tan feroz e persistente a nivel familiar, pensamos, ten que ter a súa orixe nunha represión a nivel individual. E só precisa dun sinxelo exercicio de imaxinación para comprendelo. Imaxinemos a Avelina, muller dun home coma Bernardo,

recoñecido e laureado. Que morre, dunha forma dramática e violenta. El dille, no seu leito de morte, que queime, que queime todo aquilo que os poida por en perigo.

Imaxinamos a Avelina, fronte as laparadas de libros, cartas e diarios, ardendo. Imaxinamos a Avelina, a quen homes dos que posiblemente coñece nomes e apelidos asasinaron ao seu marido, imaxinamos a Avelina chorando a súa morte e tremendo pola vida dos seus fillos mentres se destrúen, se queima ante os seus ollos todo aquilo polo que loitou Bernardo, polo que loitou ela mesma, ao seu lado. E si, poida que ela mesma, pode incluso que o propio Bernardo antes de morrer, no afán por protexer aos seus, decidise, decidisen calar, calar para poder sobrevivir. Esa autorepresión profundamente anclada é intensa, é duradeira. O corpo, habituado ao silencio non pode falar, é mudo, ten mutilada a súa lingua xa, para sempre.

Estes silenciamentos, estes silencios inducidos coa ferocidade do sangue serán a ferramenta fundamental do réxime para moldear a nova memoria colectiva. A través dos silencios e dun mecanismo de substitución de recordos, a memoria colectiva como creación social segundo o pasado constitúe unha forma de reconstrucción colectiva reordenase, apagando os elementos non desexados das memorias individuais e seleccionado os momentos a exaltar (Cabana, 2006). Son pois os propios silencios, a arma política para abafar a memoria. A memoria da cultura política colectiva.Así poderíamos dicir que a través da represión individual dos recordos, dos asasinatos pero tamén do silencio no relato das vidas dos que morreron a memoria colectiva queda tolleita. Orfa do recordo de persoeiros como Bernardo, de movementos sociais como o agrarismo.

Queremos incidir no feito de como a través da represión individual, adozada por esa enchente de simboloxía e propaganda que durou corenta anos, conformouse unha memoria colectiva que como ben sinala Halbachs (Cabana, 2006) é sempre anti-histórica, simplificando a complexidade do lembrado. Sendo só o resultado da acción do presente sobre o pasado e non ao revés.Neste caso a acción dun presente dictatorial que debe borrar da historia os movementos de acción colectiva, como o agrarismo. Pois o seu recordo poderían facer que a poboación pensase que a través da mobilización aínda se podía loitar por transformar a situación. A acción popular non existe, só se subsitúe polo sindicalismo vertical do réxime. Non existe a acción no rural, que pasa a entenderse como un mundo apolítico, característica que se da como natural da clase campesiña. É pois relevante sinalar a diferenza fundamental entre historia e memoria. E tamén a de silencio e esquecemento. E ambalas dúas diferenzas amosaránse vitais ante o relato que agora debemos iniciar.

A modo pois de conclusión: a violencia exercida sobre aqueles que demostraran ser activistas políticos e sociais causou unha represión xa non só nestes

senón en toda a sociedade. Que ocasionou o silencio tanto da barbarie represiva (por medo a que se repetise) como da acción colectiva (causante desa represión). A memoria social quedou xa que logo tolleita, mutilada dela aqueles elementos que recordasen o horror. Avelina calou, calou e non dixo xamais nin que Bernardo fora asasinado, nin que el fora aquel home político e reivindicativo que coñecimos nestas páxinas. E xunto a súa memoria, silenciada, formouse tamén unha memoria colectiva coartada dese recordo.

Queremos agora, tendo clara esta realidade, facer un exercicio que nos levará a unha visión máis optimista e en todo caso, que ve unha posible subsanación desta situación. E é que Avelina e tantos coma ela, fixeron de cordón sanitario para as xeracións seguintes, do horror, da morte e do medo. Pero tamén, pensamos, Avelina tivo outro papel, un papel afastado do silencio e do esquecemento, envolto nun proceso denominado da memoria de ida e volta como o denomina Dakhlia.

"Circunválase a memoria, pásase baixo o silencio o que remite a unha forma reservada, quizais de latencia, que fai sentir toda a insuficiencia ou a impropiedade do termo "esquecemento", porque presupón demasiado rápido a perda, ou a falla, alí onde pode concibirse a espera" (Cabana, 2006: 41)

Ante a teorización do esquecemento como consecuencia da represión aquí queremos poñer en alza outra visión. Quizais máis optimista, que se basea nas lembranzas e reflexións dos netos de Bernardo. Velo a través deles constitúe un exercicio fundamental de trasvase xeneracional. No que o silencio non supón en ningún caso esquecemento.

10.5. "AS LEMBRANZAS DO MEU AVÓ" .[98]

Silencios

"Falábase pouco de Bernardo, por non dicir nada; sempre nos dixeron que morrera de morte natural, (…) A verdade que agora co paso do tempo doume conta que había moitos silencios sobre él, a avoa non nos contaba nada, polo menos que eu recorde. Se lle preguntábamos por él, a resposta era sempre a mesma, escueta e que enfermara."

Filla (1) de Petronila Mato

"Mentres viviu miña avoa o tema do meu avó era como un tema tabú. Ela non quería, nunca quixo afondar na ferida da súa morte, nunca quixo contarnos a verdade e morreu sen compartila con nós."

Filla (2) de Petronila Mato.

[98] Testemuñas das netas que viviron con Avelina dende que naceron ata que casaron (nos anos 80) pouco antes da súa morte. E testemuñas do fillo de Otilia Mato. Naceu e vive en Montevideo.

A avoa Avelina

"Hoxe, tantos anos despois, 25 trala morte da miña avoa Avelina, e sabendo o que agora si sei do meu avó, podo comprender mellor os coñecementos que eran pouco habituais nunha muller labrega que vivía do cultivo da terra e da crianza de animais domésticos, como tantas outras daqueles tempos. Así por exemplo descubrín, cando xa eu era estudante en Compostela, que ela sabía ben quen fora Castelao, sabía da súa fama, dos seus debuxos…, e dos seus comentarios desprendíase facilmente que coñecía a importancia que tivera. Supoño que a súa alegría trala morte de Franco e o feito de que nas primeiras eleccións votara o PSOE, tería que ver tamén co que aprendera e vivira ao lado do meu avó Bernardo, o home intelixente e culto co que casara e co que compartiu dez anos da súa vida."

Filla (2) de Petronila

"Mi abuela, a ella la viví como una continuación de la lucha de mi abuelo pero con otros silencios. Una vez estando mi madre en la escuela, recibió como castigo un golpe con una regla de madera de canto en la cabeza, eso le provocó un mareo y un vómito como respuesta y protesta. La vergüenza y el miedo hizo que no contara en casa, pero al pasarle el peine mi abuela, el chichón delator le arrancó un grito y la confesión. Mi abuela se presentó ante la maestra y le increpó su actitud, prohibiéndole tajantemente ese tipo de trato bastante común en la época."

Fillo de Otilia

"Tamén lembro cando quixo a avoa que lle pagaran a pensión por viuda de mestre, escribinlle unha carta ao "defensor do pobo", e a pobre levouse un chasco co governo de Felipe González, cando lle denegaron a paga por no ter o avó os anos suficientes. Non entendía que agora ca democracia, non tivera dereito a pensión de viudedade."

Filla (1) de Petronila

As fillas de Bernardo

"Aun me parece oír a mi madre contarme historias de aquel abuelo maestro, tan presente en sus recuerdos hasta el día de su muerte, ella lo recordaba en la cama con su cabeza vendada, debido a un culatazo que le propinaran los falangistas, agonizando varios días y muriendo con poca o nula atención médica. Más adelante mi tío Pucho corroboró esta versión y se sorprendió de que ella recordara esos detalles."

Fillo de Otilia

"Ela (refírese a Petronila) tenme contado moitas veces as innumerables ocasións en que de pequena choraba polo pai perdido, polo pai nunca coñecido (só tiña tres anos cando morreu e non podía lembralo sequera). Ela, vítima inocente das mortes inxustas das guerras, pero tamén

do silencio que nace do medo, do silencio que durante case toda a súa vida lle negou o coñecemento do pai."

Filla (2) de Petronila.

Otilia

"De fondo siempre la admiración y el cariño de mi madre hacia un padre al cual casi no conoció, pero que dejo una huella tan fuerte que la llevó transmitir todo ese sentimiento a sus hijos, el orgullo de llamarme como mi abuelo siempre presente en mi niñez. Mi madre se opuso a la costumbre de llamar su hijo con el nombre de su padre, discusión familiar mediante y pasé de ser un casi seguro Ángel a un segurísimo Bernardo.

Detrás de esto su rebeldía al machismo imperante en la sociedad, un día dejó de firmar como Otilia Mato de Rodríguez para ser Otilia Mato Sanmartín."

"Ella siempre fue una entusiasta seguidora de los movimientos de izquierda de Uruguay, pero nunca votó, ante mi interrogante de porque en tantos años no había tramitado la ciudadanía uruguaya, me dijo "…me pedían el permiso de mi esposo para sacar la ciudadanía, y yo no tengo que pedirle permiso a nadie"

Fillo de Otilia

Feminismo e militancia de esquerda. Otilia ensinoulle a Bernardo, o seu fillo, o concepto de solidaridade. Otilia, afastada do ambiente abafante do mundo rural franquista exerceu como suxeito político activo a outra beira do mar, como décadas antes fixera o seu pai.

Nila

Petronila, que viviu entre as catro paredes estreitas da ditadura franquista converteuse nunha muller totalmente diferentes ás outras da súa xeración.

Algo que sempre sorprendeu aos seus netos, habituados a escoitar da voz dos vellos, vellos tamén prexuízos. Valores extremadamente tradicionais envoltos aínda nas reminiscencias do que fixera a ditadura por eles.

Así, aínda que "na casa nunca se falou de política ata a democracia, a avoa non recordo que falara, non sei si era pra non recordar tempos tristes" (Marisol).

En Nila creceu un espíritu progresista e afastado da terquedade da xeración que se educou na ditadura.

O orgullo dos netos do mestre

"Historias sobre mi abuelo fueron enriqueciendo mi infancia y rodeándolo de aura heroica y misteriosa a la vez."

Fillo de Otilia

“Sempre lamentei enormemente non telo coñecido. Sentíame moi orgullosa del, gustábame pensar que fora un mestre moi querido” Charo Valcárcel

“Lémbrome que eu a todo aquel que me escoitara lle contaba que a meu avó o matara “franco”, e que fora mestre, sentíame orgullosa del.”
Filla (1) de Petronila

Algúns apuntes

A figura de Avelina xa non é só un cúmulo de silencios. Avelina amósase nos recordos dos netos como unha muller loitadora e culta. Que se negaba a pagarlle con ovos ao cura. E Avelina recolle o testigo de Bernardo, e é ela a educadora duns fillos cultos e críticos. Uns fillos que autodidactas, nutridos de coñecementos a través dunha vella librería. A librería do seu pai. Esta librería, aínda en pé, simboliza a forza viva da educación, simboliza a loita silenciosa contra a represión e o rexime En silencio, lendo...tal e como tivera desexado o mestre Bernardo...

Entre as páxinas da memoria…

“Gústame pensar que algo do seu legado permaneceu en nós, permaneceu en miña nai e os seus irmáns que conservaban os seus libros que conformaron unha pequena biblioteca da que se nutriron durante a súa infancia e mocidade. Miña nai animábanos a ler algúns deses libros a miña irmá e mais a min, libros que ela mesma lera xa, mesmo máis dunha vez.”
Filla (2) de Petronila

“Los libros, los libros del abuelo, los libros de su infancia. De la Tierra a la Luna de Julio Verne, la marcó, siempre me hablaba de él, se que lo buscó para comprármelo, pero no recuerdo haberlo tenido.”
Fillo de Otilia

“*Lémbrome de cando estábamos enfermas miña irmán e eu, de ler o libro “CORAZÓN”, Dentro do cal atopábamos entre outros contos “ De los Apeninos a los Andes”, era xa unha tradición. Outro libro de inventos que ollabamos con curiosidade, o diccionario de inglés que me serviu para os meus inicios de inglés, e tantos e tantos que non parábamos de investigar.”*
Filla (1) de Petronila

“Quizais eses libros que de nenas mirabamos con curiosidade, sobre todo aqueles que tiñan debuxos que acompañaban as historias, pero tamén aqueloutros de luxosas encadernacións

que aínda que non podiamos entender de que trataban exercían unha atracción especial sobre nós, quizais eses libros que a min me gustaba coller, tocar e imaxinar todo o que debera saber o meu avó, eses libros que tantas veces tivemos nas nosas mans, libros que guiadas pola nosa nai lemos como lera ela, (…)

Quizais eses libros, que estiveron na miña vida desde que teño recordos, substituíron o silencio da miña avoa e dunha sociedade amedrentada, e quizais a través do tacto suave das súas vellas tapas gastadas e atacadas pola couza puidemos acariñar as mans amadas do avó perdido."

Filla (2) de Petronila

10.6. A modo de conclusión

Avelina e Bernardo, simbolizados nitidamente na librería da familia, actúan pois como transmisores de todo aquilo que o réxime quixera ter suprimido para sempre. Os netos, a través deste exercicio de recuperación da súa memoria persoal foron quen de fiar o seu pasado. E a memoria, non memoria de represión nin memoria reprimida, senón memoria de loita e visión crítica faise visible en todas esas vivencias e reflexións, amosándonos que os silencios non significan esquecemento. Avelina e os seus fillos tiveron sempre presentes a Bernardo. Mantiveron sempre unha actitude crítica e activa a través da vella librería, dos libros de Bernardo, do amor transmitido.

E así con este pequeno traballo, reconstruímos unha parte da identidade colectiva perdida. Reescribindo a historia con maiúsculas...A historia da represión coa morte de Bernardo. A historia da acción colectiva coa súa vida. Unha historia, unha pequena gran historia que nos fala de educación, sempre.

"A historia oral está chamada a ser a ferramenta que permita recuperar unha memoria e unha identidade que aínda hoxe está anegada e desdebuxada pola longa duración da ditadura franquista. A posta en valor das testemuñas da represión e das vítimas directas desta, o seu recoñecemento, influirá nun presente, que aínda é futuro, como chave configuradora da identidade colectiva, ao posibilitar unha reconstrucción da memoria dende outros presupostos, sen esquecementos forzados e sen silencios obrigados" (Cabana, 2006: 42).

"Reescribir a nosa historia colectiva e tomar conciencia dela só pode facerse dende as súas bases, pobo a pobo e barrio a barrio, partindo dunha análise microhistórica que nos axude a aprehender a nosa historia e a sacar conclusións." (Paz, 2012: 1)

CONCLUSIÓNS

Nestas derradeiras liñas tentaremos condensar as respostas a aquelas preguntas que abrían a nosa investigación. Unhas respostas que se converten en novas preguntas... Pecharemos pois a nosa investigación cunha reflexión, froito de todas esas lecciónes que nos amosou esta historia de mestres...

1.No concreto

Comecemos polo concreto, polas reflexións que acaen ao escenario estudado.

1.1.A emigración e as ideas

Debemos indagar, en primeiro termo, sobre a emigración, aquela emigración galega e o seu influxo no momento de mobilización social e política do primeiro terzo do século XX. Somos conscientes da relevancia que tivo a viaxe transoceánica para moitos galegos, que viron modificadas as súas perspectivas mentais coa emigración, aprendendo a organizarse e a loitar polos seus dereitos. Pero tamén atendemos durante o traballo a aqueles estímulos mobilizadores que viñan deste lado do mar, chegando a activar en moitos casos a propia acción dos emigrados. Polo tanto, seguindo a argumentación e análise de Cabo (2001) debemos entender tanto o brote do agrarismo como o da mobilización de emigrados en América como un proceso que atendeu á estrutura de oportunidades políticas vixente na época e que os favorecía. Déronse, pois todas as condicións para que esta dobre mobilización se producise. E ambas beberon a unha da outra. Dende o noso punto de vista, e tamén atendendo a análise de Núñez Seixas. Un punto de vista que fomos construíndo mentres realizabamos o traballo e atendiamos as dinámicas vitais de Bernardo. O seu labor como emigrante e retornado axudounos a entender o proceso. Así pois quédanos moi escasa a formulación que atende a bondade ou maldade da emigración. Pensamos que é unha cuestión demasiado complexa e que se basea nun “ e se fora” que se nos antolla demasiado afastado. Bernardo vía a emigración como un prexuízo. E si, tamén a nosa opinión, hoxe en día, é que a emigración é o reflexo dunha sociedade que non funciona, dunha economía en quebra. Pero, e isto é o relevante: unha vez se produce, os efectos da emigración non se poden encadrar sen máis na desmobilización política debido a que esta funcione como válvula de escape. A realidade é máis complexa... Xa que a esa formulación escaparíaselle o punto relevante da idealización que realiza o emigrado en destino da súa terra, que o fai ser quizais máis crítico e activo que os que quedaron na casa.

Atendendo a complexidade da análise dos procesos históricos acae outra reflexión, ou conclusión. E non é o emigrado, logo agrario e logo republicano?

Non podemos entender os procesos en compartimentos estancos. Non podemos conceptualizar o influxo dos emigrados por un lado e o influxo do agrarismo polo outro. A iniciativa dos emigrados evoluciona cos retornados. Os cales relevan aos anteriores como suxeito político. Ata a República, cando é o estado o que toma o papel protagónico no rol de transformación social que nos anos anteriores levaran a cabo os emigrados.Por iso a certa invisibilidade destes a partir dos anos trinta non se debe a que desaparezan senón a que evolucionan as súas formas. A semente da emigración está aí, en persoas como Bernardo, que evolucionan e actúan xa na terra. Pensamos que é relevante ter en conta o dinamismo dos procesos históricos. As ideoloxías, e as persoas con elas, evolucionan. E un exemplo sería, polo tanto, tentar tipificar a Bernardo cun só adxectivo: ¿Que foi? ¿Republicano? ¿Socialista? ¿Sindicalista? ¿Agrario? Neste período convulso as mentes evolucionaban e cambiaban ao paso dos feitos que se sucedían. Os emigrados deixaron de ser protagonistas cando o estado se ocupou da transformación social, os republicanos pasaron a ser nacionalistas cando foron conscientes da necesidade da autonomía rexional.... E un sen fin de dinámicas, pensamentos, soños e ideas que conflúen, se mesturan e interrelacionan no período estudado. Polo tanto o feito fundamental que debemos salientar sería a interinfluenza de ideas que se activaron debido a presenza de galegos noutras terras. Unhas dinámicas que tiveron as súas consecuencias tanto nos emigrados como nos que quedaron. Tanto na sociedade galega como naquelas que foron destino dos galegos. Aqueles indianos que dividiron a súa acción, participando nunha e noutra sociedade.

1.2. A situación actual

Coma expoñiamos ao comezo do traballo figurábasenos relevante preguntarnos acerca da situación na actualidade. Afastada daquel proceso mobilizador e de cambio que se producía na época estudada. ¿Que ocorre hoxe? ¿Por qué non se produce un fenómeno de contestación social como aquel? Obviamente non dispoñemos agora dunha resposta a unha pregunta tan complexa. Pero quizais si dispoñamos de máis ferramentas para poder comprender a sociedade pasada, e polo tanto, e a súa vez, tamén a presente. A poboación actual, letrada e culta en aparencia, tivo e ten unha educación orfa, que non aspira ao que o movemento pedagóxico doutra hora tentou: facer cidadáns conscientes. Así, aínda que o noso nivel de vida mellorou, a corrupción política nunca marchou, as inxustizas e a desprotección dun pobo adormecido e ignorante continúan. Por outra banda o clima político, quizais, non favoreza... Un clima diferente ao dunha Restauración que se palpaba como un sistema político claramente reformable. Críase nunha democracia que aínda non existía por

motivos moi evidentes: o caciquismo e falta de educación. Quizais isto foi o que mudou hoxe: xa non hai esperanzas de que a democracia poida mellorar, porque non se cansan de repetirnos que estamos en democracia. A democracia perdeu o seu significado, desvirtuada na realidade.

1.3. Sobre Bernardo Mato

A nosa investigación amosounos hipóteses, evidencias e conclusións xerais, do momento histórico estudado. Pero tanto o momento histórico, como os procesos sociais e políticos que estudamos non os eliximos estritamente nós. Foron aqueles que, a través da investigación da figura de Mato Castro, o noso obxecto de estudo principal, foron aparecendo ante nós, foron tornándosenos en visibles e case palpables. Cremos pois conveniente atender as reflexións máis concretas da nosa investigación, aquelas referidas a Bernardo Mato Castro. Foi un innovador pedagóxico non polos seus escritos, máis alá diso, porque era un mestre convencido de que a educación era a ferramenta para liberar ao pobo da súa escravitude. Porque a través dela se deberían forxar uns cidadáns que puideran arrebatar da man dos poderosos o devir das súas propias vidas e da dos seus fillos.Bernardo Mato fixo a máis útil das reivindicacións políticas, porque non se limitaba a denunciar as inxustizas, senón que loitaba porque cambiaran. E ese cambio non viría da man dun ou outro líder político, senón que viría do conxunto da poboación. Unha poboación ilustrada e culta que puidera facer fronte a súa situación. Por iso o seu activismo ía a raíz do problema. Quitar da man dos poderosos a elección de quen poderían afrontar e cambiar o seu destino. Avogaba así pola máis grande das necesidades, pola máis grande das aspiracións realmente democráticas: que todos puideramos liberarnos das nosas cadeas, a ignorancia.Bernardo era consciente de que é a educación a maior ferramenta para que un sistema perdure. A educación como adoutrinador, e a falta de educación o máis hábil adoutrinador dun sistema apodrecido.E isto, dende o noso punto de vista, pasou antes e pasa agora, como dixemos. Nun pobo que deixa que lle arrebaten esa educación que xente como Bernardo Mato loitou para que existise. Unha educación pública e de calidade. Que construíra cidadáns, persoas libres, e non sumisos vasalos dos que ostentan e corrompen o poder.

1.4.Sobre a represión

Debe ter cabida entre as nosas conclusións unha reflexión acerca do poder e da configuración da represión. Como tratamos extensamente nos derradeiros capítulos deste traballo a represión no caso concreto daquela exercida polo réxime franquista, desenvolveuse tanto no curto coma no longo prazo. Un represión informal, a das

malleiras e os paseos, unha represión institucionalizada, a dos fusilamentos e os cárceres que configurou un proceso de limpeza política. E polo outro lado unha represión a longo prazo, de bandeiras, himnos e pulpitos, de mans en alto e historias gloriosas sobre unha España vitoriosa, que se materializou nunha memoria colectiva mutilada dos recordos do pasado máis achegado. O debate sobre a súa consecuencia: silencio ou esquecemento exemplificouse no noso estudo, a través do caso da familia de Bernardo Mato.A represión tivo como consecuencia uns fillos que, en xeral, morren sen saber o papel dos seus pais na súa propia vida e no rumbo da sociedade.

O gran propósito de Mato, non puido ser posible a grandes miras, nesa educación que fixera cidadáns. Pero si tivo eco nos seus fillos autodidactas que non deixaron que as dificultades os apartasen das verbas. Ao comezo preguntabamonos: ¿Que sobreviviu a el? A resposta: a condición de fillos cultos nunha época de fame, miseria e ignorancia. E os fillos de Bernardo, e mesmo os seus netos herdaron del, quizais sen ser plenamente consciente diso, uns valores atemporais: democráticos, sociais e políticos. A importancia e o amor pola educación e pola cultura.E a imaxe dun Bernardo mestre non puido aplacarse co ruído dos fusís. O pai mestre, o avó mestre. Así foi recordado.

A desmemoria colectiva sufrida tralo longo franquismo, aquela longa noite de pedra, non puido co máis importante: o amor. (Empregamos este termo, afastado quizais da estrita análise sociolóxica, pero que cremos, preciso para comprender as diferentes dinámicas socias. Debater sobre este sería un asunto relevante pero que queda fóra da extensión deste traballo).

Un amor traspasado a través da tristura e do horror da guerra. Un amor que levou consigo os valores e as esperanzas dunha sociedade mellor, que fillos e netos asimilaron na súa vida, e nas decisións que nela tiveron que tomar.

2. Reflexión final. Ideas: no espazo e no tempo

Unha idea, unha convición foi a que fixo posible que este traballo se realizase. O convencemento de que se debía investigar sobre unha realidade afastada, pero ao mesmo tempo aínda moi achegada. Unha realidade silenciada pero que permanece aínda no recordo de moitos. Que configura o noso presente. E tentámolo, a través da investigación sobre a figura de Bernardo Mato Castro, exemplo a súa desa historia que debe ser estudada e analizada, cos nosos instrumentos e os nosos coñecementos. Dende a nosa reflexión, dende a nosa perspectiva. E máis alá das conclusións que foron esvarando entre as liñas do noso traballo e que acabamos de relatar, outra

reflexión ascende, máis alá do contexto estudado, máis alá de Bernardo e da súa historia. A nosa derradeira consideración ten un suxeito claro: as ideas.

Dende as ideas que viaxaban cos emigrados, cos xornais, en barcos e en cartas de Cuba a Galiza e de Galiza a Cuba. Dende aqueloutras ideas que se querían ensinar nas escolas. A través das ideas que quixeron transformar un país e que o chamaron República. E daqueloutras, reprimidas, en corpos mortos de homes sen nome. Ás ideas que pasaron ás xeración futuras atravesando a férrea dureza da pedra, nos libros e nas caricias...

Todas estas ideas foron as nosas compañeiras, ao longo de toda a investigación. Un compañeiro tímido, silandeiro, que deixaba o protagonismo nos homes e nos feitos. Pero agora, aquí, nesta derradeira reflexión as ideas confíguransenos como o esquelete fundamental do noso traballo. Seguirlle os pasos, atender as súas viaxes polo mundo, a súa mestizaxe, convértese na ensinanza da nosa investigación. As ideas nas súas dinámicas de transmisión a través do espazo e do tempo.As ideas viaxan no espazo coma o ben que transporta a persoa dunha sociedade a outra. Así a emigración supón un proceso específico e fundamental de contacto entre sociedades. A emigración proporciona así a unha sociedade a máis relevante remesa: as ideas. E se transforman as sociedades, atendendo a este contacto. Pero tamén se transforman as propias ideas, viaxando de suxeito en suxeito, variando de cultura, de perspectivas, en definitiva de formas de entender o mundo. Evolucionando segundo o contexto e as expectativas e soños de quen as portan.

As ideas viaxan no tempo, entre xeracións.Topando con muros, como as represións, pero tamén con vehículos de conservación. Ideas que viaxan a través do tempo, dos silencios, da nostalxia pasada, do temor ou da vinganza, evolucionando, variando, ou pervivindo.

Hoxe, máis que nunca, atendemos ao proceso de transmisión de ideas a través do espazo, de milleiros de quilómetros en cuestións de segundos. Movementos sociais que beben uns dos outros, imitando estratexias, compartindo reivindicacións. Unha protesta nun país pode ser a chave que abra a porta a un proceso de mobilización social noutro.

Hoxe, máis que nunca, as ideas recollidas e transmitidas a través dos movementos sociais, en oposición a aquelas espalladas dende os mecanismos de poder, poden ser clave nun futuro non moi afastado.

Hoxe, máis que nunca, atendemos ás continuas viaxes das ideas.

BIBLIOGRAFÍA

Arca, Olimpio (2000). *Certame Escolar dos Pereiriños. Precedentes, memoria e actualidade.* Colectivo Pereiriños

Beevor, Antony (2005). *La guerra civil española*. Crítica.

Beramendi, Xusto G. (1991). La aparición del galleguismo, provincialismo, rexurdimento, regionalismo. En R. Villares e A. Mato (eds).*Historia de Galicia. La época contemporánea* (pp.821-836). Vigo: Faro de Vigo, S.A.

Beramendi, Xusto G. e Núñez Seixas, Xosé Manuel (1995). *O nacionalismo galego.* Vigo: A nosa Terra.

Beramendi, Xusto G. (2007). *De provincia a nación.* Vigo: Xerais.

Bozzo,Alfonso(1976). *Los partidos políticos y la autonomía de Galicia (1931-1936).* Madrid: Akal Editor.

Cabana, Ana (2006). A memoria tolleita. As pegadas da represión franquista na memoria rural galega. *Revista Galega de Cultura. (170).* Editorial Galaxia.

Cabo, Miguel (1998). *O agrarismo.* Vigo: Edicións A Nosa Terra

Cabo, Miguel(2001). Os americanos e o movemento agrarista (1900-1936). *Estudios Migratorios* .Nº11-12. 169-192. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Campoy, Comba (coord.). *O nacionalismo galego nos seus programas políticos. O século XX.* Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre.

Cardesín Díaz, José María e Lago Peñas, Pedro (1992). Repensando el caciquismo: espacio político y agenda social en la Galicia de la Restauración. *Revista Historia y Crítica*. nº3. pp 191-226. Santiago de Compostela.

Castro, Xavier (1985). *O galleguismo na encrucillada republicana. Vol.II.* Ourense: Deputación provincial de Ourense

Cruz, Rafael (2007). Olor a pólvora y patria. La limpieza política rebelde en el inicio de la guerra de 1936. *Hispania Nova.Revista de Historia Contemporánea,* nº 7.

Cuesta Bustillo(1998). Memoria e historia. Un estado de la cuestión. *Ayer,*nº 32.

Cuesta Bustillo (2007). “Las capas de la memoria”. Contemporaneidad, sucesión y transmisión generacionales en España (1931-2006). *Hispania Nova. Revista de Historia Contemporánea.* nº7.

Fernández, Antonio (2011). *Historia universal: Historia contemporánea*. Vicens Vives.

García, Rosa (2012). *Interacciones entre capitalismo y representación política. Mirar Cuba bajo el prisma de una crisis (1925-1935).* Tesis doutoral. Non publicada. USC. Santiago de Compostela.

Garrido, Xoán Carlos (2008).*A derradeira lección do mestre.* Santiago de Compostela: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Garrido, Xoán Carlos (1995). *Manuel García Barros. Loitando sempre.* Lugo: Edicións Fouce.

González Probados, Manuel (1988). *Crise económica, movemento obreiro e socialismo na Galiza prepublicana (1931-1936).* Tesis doutoral. USC. Santiago de Compostela

Herves, Enrique (1991). El movimiento agrarista. En R. Villares e A. Mato (eds).*Historia de Galicia. La época contemporánea* (pp.857-876). Vigo: Faro de Vigo, S.A.

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel (2004). A" Escuela Americana" do Val Miñor: modernización e reforma pedagóxica na Galicia do primeiro terecio do s. XX.

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel (2006). *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico. Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos.* A Coruña: Ediciós do Castro.

Molina Luque, J. Fidel (2001): Quintas y servicio militar: aspectos sociológicos y antropológicos de la conscripción (Lleida, 1870-1960). Tese. Universidade de Lleida.

Núñez Seixas, Xosé Manuel (1998). *Emigrantes, caciques e indianos o Influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*. Vigo: Edicións Xerais.

Paz Cabo, Miguel (2012). La represión franquista en Teo. Ponencia de I Congreso de víctimas del franquismo. Madrid.

Peña Saavedra, Vicente (1999). *Los inmigrantes transoceánicos como agentes de modernización educativa en el norte peninsular* (pp. 213-246). Ministerio de Educación y Cultura.

Peña Saavedra, Vicente (2002). As escolas que viñeron de alén mar (Galicia, ss. XVII-XXI): algunhas réplicas dende terras lusas. *Revista da Faculdade de Letras. Historia*, (3), 245-262.

Picallo, Heitor (2008). *Xohán Xesús González: un precursor do soberanismo galego.* Bertamiráns: Edicións Laiovento.

Plummer, Ken(1989). Los documentos personales. *Introducción a los problemas y la bibliografía del método humanista. Madrid: Siglo XXI*.

Porto Ucha, Anxo Serafín (2008). *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo. Primeiras accións represivas e estudo por concellos no sur da provincia (1936-1942).* Ponteareas: Edicións Alén Miño.

Seixo,Marcos (2008). *A loita permanente de Xoán Xesús González.* A nosa Terra.

Soutelo Vázquez, Raúl (2009). “A emigración galega entre 1900 e 1931: causas, características, actores e consecuencias”. En X.M. Malheiro (coord.)*Emigración e educación.* Actas do Congreso centenario Escola de Proval de Gondomar. Consello da Cultura Galega.Vigo.

Wolf, E. R., Benedict, B., Mitchell, J. C., Loudon, J., Mayer, A. C., Frankenberg, R., & López, J. A. (1999). *Antropología social de las sociedades complejas*. Madrid: Alianza Editorial.

Valcárcel, Manuel (1991). Galicia en la IIª República: El estatuto de Galicia. En R. Villares e A. Mato (eds).*Historia de Galicia. La época contemporánea* (pp.933-952). Vigo: Faro de Vigo, S.A.

Varela, Pedro (1923). *La Estrada.* Santiago de Compostela: El Eco de Santiago.

Vázquez González, Alexandre (2008). Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América ea Europa”. En *XM Cid Fernández, XC Domínguez Alberte y R. Soutelo Vázquez (coords.), Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións*, 17-48.

Villares, Ramón (2004). *Historia de Galicia* (Vol. 6). Editorial Galaxia.

BLOGS
Autoestrada: http://www.blogoteca.com/autoestrada/

DOCUMENTAIS
A derradeira lección do mestre (2007) Fundación Bautista Álvarez. Asociación Socio-pedagóxica galega.

FONTES CONSULTADAS
Rexistro civil do concello da Estrada
Arquivo do Arzobispado de Santiago de Compostela
Arquivo Xeral da Administración. Alcalá de Henares
Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela
“El emigrado” (1922-1936)
Galiciana Digital: Biblioteca de Galicia
http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion

PRENSA

El Emigrado
El Estradense
El pueblo gallego
El ideal gallego
El Eco de Galicia
Diario de Vigo
Diario de Pontevedra
El Noticiero Gallego
El Correo de Galicia
El Regional
El País (Pontevedra)

ANEXOS

1.Xenealoxía

1.1. Árbore xenealóxica de Bernardo Mato Castro



Elaboración propia.Fonte: Rexistro civil da Estrada e Arquivo do Arzobispado de Santiago de Compostela

1.2. Árbore xenealóxica Avelina Sanmartin Fernández



Elaboración propia. Fonte: Rexistro Civil da Estrada e Arquivo de Arzobispado de Santiago de Compostela

1.3. Árbore xenealóxico familia Mato Sanmartin



Elaboración propia.
Fonte: Libro de familia.

2. Mapas atendeno á Estrada

2.1.Mapa do Concello da Estrada: división parroquial



Sinalados os lugares máis relevantes na vida de Bernardo.

2.2. Mapa densidade de sociedades de instrución por concello.



Fonte: "Emigrantes, caciques e indianos".Núñez Seixas (1998). En vermello o concello da Estrada.

3.Cronoloxía Comparada: Mundo, España, Galiza, Estrada e Bernardo

Anos	**Mundo**	**España**	**Galicia**[99]	**Estrada**	**Bernardo**[100]
1868	Guerra dos 10 años en Cuba	**SEXENIO DEMOCRÁTICO** -Sublevación Cuba			
1869		-Constitución de 1870 -Prim xefe de goberno			
1870	Unificación italiana				
1871	-Comuna de París -Unificación alemana	Reinado de Amadeo Saboya	Fundación da Sociedade de Beneficiencia de Naturales de Galicia de La Habana		
1873		**I REPÚBLICA** -Amadeo renuncia ao trono -Presidentes: Figueras, Pi y Margall, Salmerón e Castelar			
1874		-Xullo: insurrección cantonal -Golpe de estado Pavía			
1875		**RÉXIME DA RESTAURACIÓN**[101] **Reinado de Afonso XII** **-Cánovas (75-81)** -Manifesto de Sandhurst -Supresión foros			
1876		**-Constitución** -Fin Guerra Carlista	-Nace "O tío Marcos da Portela"	-16/11: nace Manuel García Barros	
1878		-Fin guerra Cuba -28/12: Lei electoral (censitario)			
1879		-Fundación PSOE	-Centros Galegos de Montevideo e Habana		
1880		-Fundación do Partido de Sagasta	-"Aires da miña terra" de Curros		
1881		**Sagasta (81-84)**			Nace José Brea (D)
1884					Nace irmá: María Mato(D)
1885	Conferencia de Berlín	**Rexencia de Mª Cristina** **-Sagasta (85-90)** -Morre Afonso XII -Pacto do Pardo			
1886			-Nace o REXIONALISMO (discurso M. Murguía) -"Queixumes da miña terra" Pondal		
1887		**Lei de asociacións (dereito á asociación)**			-Nace Bernardo(D)
1888		UXT			
1889		**Cánovas (90-92)**	-"El regionalismo" de Brañas		-Nace Eleuterio Mato(D)
1890		**-26/06:Lei electoral (universal masculino-25% poboac.)**			
1891		Unió Catalanista	-Asociación rexionalista galega. Murguía. -Arancel proteccionista prexudicial para Galicia		
1892		-**Sagasta (92-95)**			Nace Jose María Mato(D)
1895		**-Cánovas (95-97)** -PNV -Grito de aire: guerra de Cuba			Nace Manuel Mato(D)

[99] Faltan as datas das eleccións provinciais

[100] As fontes de onde sae a información: (X): prensa. (D): Documentos (recuperados da familia ou localizados en diferentes arquivos)

[101] Nova organización administrativa e xudicial que desenvolve o Estado liberal. Novos espazos que non se corresponden cos espazos identitarios. No 36 constiuídas as Deputacións e concellos.

1897		-Asasinato Cánovas -Autonomía Cuba	-Liga Gallega (Murguía)		
1898	España perde Cuba e Filipinas	**Sagasta (98-99)** -Tratado de París (venta das illas)		-Fúndase Sociedade Agraria (1ªno concello)	
1899		**-Silvela (99-00)** **-Sagasta (00-02)** -CRISE Os rexeneracionistas (X.Costa)			
1902	Nace a República de Cuba	**Reinado de Afonso XIII** -xorden novos partidos políticos, sindicatos -Solidaritat Catalana			-Nace Avelina Sanmartín (futura compañeira de Bernardo) (D)
1903				Implantación masiva do agrarismo	
1904				Control local Nine-Ulloa (04-06)	
1905	Domingo vermello en Rusia: I Revolución	-Bos resultados PSOE			
1906		**-Lei de sindicatos agrícolas**	-Fúndase Real Academia Galega (Murguía) (financiada colectividade na Habana)	-Loita polo poder local entre Gumersindo Otero e Miguel Nine -15/12: nace El Estradense -Fundación Sociedade de Instrucción Unión de Rubín (1º na Estrada)	
1907		**21/04:eleccións xerais Maura (07-09)** **-08/08:Lei electoral (unv. Masc. 27%pob) (art. 29)** **-Lei de Emigración** -Fundación Partido Republicano Radical (Lerroux)	-Solidaridade Galega (Manifesto Solidario) -Cántase o himno galego por 1ª vez, na Habana	-Novo fronte loita Losada Diéguez e Torres Agrelo (opostos a Ulloa)	-Sae na listaxe de sorteo de Quintos en febreiro.
1908			-Asembleas Agrarias de Monforte	-Soc. Agrícola de Teis: piden redención foros -Dec.: Federación Sindical Agraria do Concello da Estrada -García Barros e T. Agrelo súmanse a Solidaridad Gallega -Nace Club Estradense -Sociedad Estradense de Instrucción de Cuba -Centro Estradense en Bos Aires -30/08: morre Ciorraga (facción Otero) entra en escea **Pérez Viondi**	-Reemplazo de 1908: chaman a filas a Bernardo Mato. Declarado prófugo (pago multa en 1915) (D)
1909		**-Monet (09-10)** -Semana tráxica de Barcelona: folga xeral, execución ilegal Ferrer i Guardia -Cae Maura	-Éxito Solidaridade nas municipais de Coruña	-Fin do "Estradense"	
1910		**08/05:eleccions xer. Canalejas (10-12)** - Lei de Mancomunidades (fortalecemento exército en Marrocos) -Lei do Candado -Le de recrutamento (supresión de quintas)	-Nace na Habana o Comité Representativo das Sociedades Gallegas de Instrucción	-Sociedades Agrarias da Estrada adhírense ao Directorio de Teis	
1911	Guerra de Marrocos (Guerra del Rif 1911-1927)			-Chinto Crespo na Estrada. Propaganda agraria con Torres e García Barros.	

1912			-Desaparece Solidaridad Gallega -Fúndase Acción Gallega de Basilio Álvarez	-Reorganización do agrarismo con Basilio. Mitin 20/10 -Confrontación directa con Riestra -El Eco de la Estrada	
1913			-Abril: Basilio Álvarez visita as sociedades gallegas en Cuba en busca de mobilización	-9/08: Federación Agrícola de Estrada, Forcarey y Cerdeda.	**HABANA** -Abril: Bernardo recibe postal de José Brea falando de Basilio Álvarez á Habana (D) -Bernardo realiza na Habana estudos no **Instituto de Segunda Ensinanza do Habana** (curso 1912-1913) (D) -Outub: B. Recibe postal de Jose María Mato (D)
1914	**I GUERRA MUNDIAL** (28/07)	**08/03:eleccións xer.**			-01/05: Accións petroleiras Panuco-Mahuaves. México. (D)
1915		Boom económico	-Estudios Gallegos	CERCO Á VILA: -16/05: presión popular -Nov. Agrarios no poder municipal -Nace "Hijos del Ayuntamiento de la Estrada"	**ESTRADA** -27/06: pago multa por prófugo de Bernardo presentado voluntariamente ante a Comisión de Recrutamento (D) -Cursa 1º e 2º curso de Maxisteiro
1916		**09/04:eleccións xer.** Tensión social, folgas organizadas por UXT e CNT	-"Nacionalismo gallego" de Antón Villar Ponte. -18/05: Irmandade da Fala en Coruña -Publicación xornal "A nosa Terra"	-xan. Nova directiva da Federación de Sociedades Agrarias -Ruptura no agrarismo(na Federación) : represión dos disidentes (MGB)	-16/11: Bernardo nomeado **carteiro de Vinseiro** (D)
1917	REVOLUCIÓN RUSA	-Prenden a Largo Caballero e Besteiro -13/08: Folga xeral. Dura represión	-Irmandades da Fala		
1918	Fin GM (11/11)	**-24/02:eleccións xer.**	-Irmandades defínese nacionalista -17-18/11:Asemblea Nazonalista de Lugo. Manifesto	-A Federación únese a Asemblea de Monforte -Creación Irmandade da Fala na Estrada (García Barros).	-30/11: certifícase a Bernardo como carteiro de Vinseiro. (D)
1919	Tratado de Versalles Constitución de Weimar	**-01/06: eleccións xer.**			-Foto de Bernardo coa familia en Vinseiro (D)
1920	-Fúndase a Sociedade de Nacións -Crack bancario Cuba	**-19/12:eleccións xer.**	-"Teoría do nacionalismo" de Risco -Revista Nós	-15/09: nace El Emigrado -Pérez Viondi denuncia irregularidades nas eleccións	-Foto de Bernardo en Pernaviva (Vinseiro) con Jesús Matalobos e José María. (D) -31/08.. José Brea comisión de festas do Sindicato Agrícola de Pardemarín (X)
1921	-Desenvolvemento de movementos obreiros e estudiantís en Cuba	-Desastre do Annual-guerra de Marrocos -Escisión do PCE do PSOE -Ilegalización CNT -Asasinato presidente Dato -Asasinato Seguí		-Pérez Viondi preséntase como candidato anticaciquil (Federación Agraria, Centro de Emigrados, sociedades de América) -Agrarismo dividido: estancado -Intervención dos emigrados para mobilización.	**HABANA** -09/03: artigo dende Cuba destinada aos agrarios da Estrada. Apoio emigrados. Firman: Albino Matalobos, B. Mato e José Arca. (X) -16/05: Bernardo Mato na Comisión Organizadora de suscripción para escola e local social do Sindicato Agrícola "**Unión de Vinseiro y Cereijo"** (X) -30/06: Bernardo e Manuel Puente delegados da Sociedad de Instrucción **"Hijos de Tabeirós"** para a **Federación de Sociedades Gallegas de Instrucción**. (X) -31/12: 1º artigo recuperado de Bernardo (dende Cuba). "A los hijos de la Estrada"[102]
1922	Mussolini toma o poder		-Escisión nas Irmandades -Radicalización do mov agrarista: de redención a abolición dos foros	-Fracaso nas eleccións. Fraude. -Mitin na Habana: Erundino Bergueiro (Hijos de Tabeirós) -Creación do Comité progresista anticaciquil en Cuba (Maximino	-31/01: carta dos emigrados a favor da escola de Tabeirós. Entre eles Bernardo. (X) -16/02: Bernardo na lista de socios **"Hijos de la Estrada"** en Cuba. (x) -16/03: Bernardo **directivo de "Hijos de Tabeirós"** (delegado ao Comité) (x)

[102] Nesta cronoloxía só faremos referencia a algúns artigos. Para consultar listaxe completo dos artigos recuperados na Taboa Biográfica completa de Bernardo.

				Matalobos): proponse campaña de sensibilización popular na Estrada (importancia do voto): voto a favor de Pérez Viondi -Decembro: creación Partido Progresista Anticaciquil (Mato, Bergueiro e Fernández)	-27/03 e datas sen identificar: cartas de recomendación e certificacións do traballo de Bernardo como tenedor de libros e corresponsal en empresas da Habana durante 3 anos. Tejidos J. Menendez y CIA, The National City Bank (D) -Fotos datadas de 1922 con J.M. Mato, Jesús e Albino Matalobos (D) **ESTRADA** -24/05: Bernardo chega a Estrada. Comida de benvida (x) -05/05: autorización de artigo de Bernardo "El voto" para distribuirse , polo Comité de Sociedades Gallegas de Instrucción. (x) -31/05: Bernardo acude a unha xuntanza na escola de nenas de Tabeirós. "Hijos de Tabeirós" (x) -13/06: Discurso a favor da educación das nenas na festa de San Antonio (x) -24/06: Bernardo axuda a Carlos Cajide nas labores de director **Comité Progresista Anticaciquil da Estrada** (x) -07/08: Publícase artigo "El voto" (x) -31/08: Bernardo novo directivo da **Federación Agraria.** **-24/10: Dimite do seu cargo de Delegado do Comité da Habana (tamén Antonio Fernández, Erundino Bergueiro)** -Dec.: **Bernardo socio mérito de "Hijos de Tabeirós"** (x) (D) -17/12: **Fundación do Partido Progresista Anticaciquil.** Presidente Bernardo Mato.
1923	Fundación Unión Soviética	**29/04:eleccións xer.** **-13/09:golpe de estado** **DITADURA DE PRIMO DE RIVERA** **-Directorio militar**	-28 Irmandades -Fundación Academia Galega e Seminario de Estudios Gallegos	-García Barros adoita un posicionamento nacionalista -Maio: Fed. Agraria aproba o programa das ING. -Apoio a García Negreira como candidato dalgúns acusados de disidentes (Mato, Brea, Campos, Bergueiro e Fernández)	**FORCAREY** -31/01: Bernardo **nomeado interino** na escola de Pereira en Forcarey -Presenza durante este ano en festas e certames (discursos) (x) -24/02: artigo "El bienestar..." (x) -16/04: Bernardo **apoia publicamente a García Negreira** (x) -
1924				-El Emigrado cambia a postura cara a ditadura	-04/03: Bernardo renuncia ao posto de mestre interino (x) **SOMOZA** 11/05: Bernardo nomeado interino da escola de **Somoza (** Estrada) 1/10: abre **o Colexio Cervantes**. Director Bernardo (x)
1925		**Goberno civil**		-03- Perfíalnse bandos dentro dos emigrados	-25/03: Bernardo na listaxe **de opositores** aprobados (x)
1926					-11/07: Bernardo traspasa a dirección do Colexio Cervantes (x)
1927	Stalin sobe ao poder	Asemblea Nacional			-Neste ano recopilamos 3 artigos da súa autoría. (x) -07/01: Bernardo anúnciase no xornal para actividades profesionais -10/01: **Bernardo e Avelina casan.** -11/10: Bernardo praza en Becerreá (Lugo) **BECERREÁ (LUGO)**
1928					-Ano moi activo nos xornais. (El Emigrado) -02/02: Nace o seu **fillo José Bernardo** (D) -31/07: morre a súa nai (x) -07/08: nomeado Mestre de Teo **TEO**
1929	Crack de Wall Street	-Dimisión Calvo Sotelo	- Outub: Fúndase ORGA (Casares e Villar Ponte)		-16/06: nace o seu **fillo David César** (D) -30/09: activo no Sindicato "**Unión de**

			-Nace Part. Rep-Radical Soc.		**Vinseiro..."**Comisión Camiños Veciñais, de festas escolares (no ano seguinte) -30/09: **Bernardo escribe o seu primeiro artigo en galego** (recuperado) (x) -Ano activo na prensa e ofrece varios discursos (x)
1930		-27/01: dimite Primo de Rivera -xefe do goberno Berenguer -Pacto de San Sebastián:comité revolucionario (Alcalá Zamora) -Sublevación de Jaca (fusilados)	-"Arredor de sí" Otero Pedrayo -26/03: Pacto de Lestrove: "unión do republicanismo galego" (impulsores ORGA): Federación Republicana Gallega acude a Pacto S.Seb.	-Creación "Centro Republicano" -El Emigrado pasa a denominarse "periódico galeguista" -08/12: mitin republicano na Estrada. Bernardo presenta.	-Moi activo en El Emigrado. (x) -16/02: artigo Bernardo aludindo a ditadura (x) -16/06: felicitación Bernardo visita inspección (x) -31/08: **Artigo Bernardo con amplo sentido galeguista.** (x) 26/11: nace a **súa filla Otilia** Manuela (x) (D) -08/12: **Mitin republicano na Estrada. Bernardo é o presentador**.
1931		-14/02: Berenguer dimite -12/04: eleccións municipais -14/04: proclamación da II República	-	-Set. Escisión do Centro Republicano : **Partido Republicano Radical** e **FRG-ORGA** (García Barros)	
1931		**II REPÚBLICA** **-Bienio de esquerdas** -Presidido por Zamora -Presidido por Azaña (outubro) -Constitución	Eleccións constituintes: Maioría rep. Galega: ORGA PSOE obtén representación (8 dip) -Nadal: Partido Galeguista	-Seminario de Estudios Gallegos na Estrada (Bouza Brey)	-07/05: Artigo Bernardo en **defensa da República** (x)
1932		-Aprobación Estatut de Catalunya -Setembro: Lei de Reforma Agraria -Sanjurjada	-Inicio das Misións Pedagóxicas en Galicia -Aprobada en concellos un proxecto de estatuto -Maio: Disólvese a Federación Rep. ORGA pasa a ser PRG -Agosto. Ante a postura antiautonomista do PSOE nace Unión Socialista Gallega	-O Centro Republicano organízase como Partido Republicano Galego. Na Estrada Otero Abelleira, tamén GB. -Escisión a nivel provincial dentro do Partido: Acción Republicana (GB co grupo Estradense tamén) -Comités Pro-estatuto	-20/04: Festas da República en Teo. Bernardo discurso (x) -08/05: Bernardo participa no ciclo de **conferencias culturais en Cacheiras** (durante 3 meses) (x) -11/08: **Bernardo forma parte de Unión Socialista Gallega** (X)
1933	Hitler nomeado canciller	**-Bienio radical-cedista** - Marzo: crease CEDA -Novembro: gañan eleccións CEDA e Partido Radical	-"Nós, os inadaptados" de Risco -PSOE: opónse á autonomía -Eleccións xerais candidatura de esquerda republicana (PSOE non) -1ª fuerza electoral galega: Partido Radical -Disolución Partido Rep-Rad-Soc.:parte integrarase en Izquierda Rep -Disólvese USG	-Izquierda Republicana colabora co PG -Agost. Mitíns de Acción Rep.	-02/01: nace a súa **filla Petronila** (x) (D) -24/04: artigo fiminista de Bernardo (x) -07/05: novo ciclo de **conferencias pedagóxicas.** Participa Bernardo.
1934		-Rev. De Outubro -Companys proclama o estado catalán dentro da República -Marzo: Escisión do Partido Radical pola súa colaboración coa dereita no goberno: Partido Radical Demoócrata	-3/04: Fúndase Izquierda Republicana: intégrase ORGA, antg.militantes radical-soc e de Acción Rep. Tamén militantes USG -Fúndase Unión Rep (restos radical-socialismo galego e escindidos do partido radical)		-16/03: Inspección Extraordinaria a Bernardo (D) -24/08: Referencia a Bernardo como presidente de **Trabajadores de la Enseñanza de Vigo** denominándoo anarquista. -15-16/09: Bernardo nun mitin da A.T.E. en Vigo como **presidente de los T.E. de Santiago** -20/10: contacto de Bernardo co Centro de Residentes de Teo en Bos Aires. Material escolar. Tamén ano seguinte.
1935			-Basilio Álvarez abandona o Partido Radical -Falange española en Vilagarcía -Agost: Xoán Xesús crea Vanguardia de Izquierda Republicana		

1936		-Portela Valladares crea Partido de Centro Democrático -Febreiro: Fronte Popular gaña eleccións -Azaña presidente e Casares forma goberno -12/07. Castillo asasinado -18/07: comeza a guerra civil	-Nas eleccións Izquierda Rep. Leva 11 dos 26 deputados de Fronte Pop., PG 3. -28 /06: plebiscito estatutario. 74% do censo -15/07: Castelao presenta o estatuto ao presidente da Rep.	27/01: Bloque Popular de Esquerdas 18/07: Xesús Ponte organiza dende o concello grupos con armas	
1936		19/08: Orde para a organización do novo curso escolar: comezo depuracións	-19-20/07 aprox: concéntranse no Obradoiro grupos para defender a legalidade rep	-20/07: Xoán Xesús e Terzo de Calo desfilan por Santiago -22/07: remata a resistencia en Santiago. Terzo de Calo fuxido -21/08: Xoán Xesús preso -12/09:execución Xoán Xesús	- Xoán Xesús reúnese con Bernardo na súa casa. Fora espera o Terzo de Calo (non sabemos que día exactamente, pero o 20 ou antes) -Bernardo fuxido uns días -25/07 aprox: Bernardo aparece na casa dos pais ferido de morte -04/09: Bernardo morre (D)
1937					

4. Taboa biográfica de Bernardo Mato Castro: toda a información coñecida

Coa fin de salientar certos feitos se suliñarán seguindo a lenda que se explica na primeira táboa.

Por outra banda a procendencia das fontes segue as abreviaturas especificadas na segunda táboa.

LENDA

LENDA	
AZUL	Datos vida privada
VERDE	Datos sobre a presenza en organizacións
ROSA	Artigos xornalísticos
AMARELO	Actividades sociais ou políticas

Abreviatura	FONTE
EE	Xornal El emigrado
EST	Xornal El Estradense
PG	Xornal El Pueblo Gallego
EG	Xornal El Eco de Galicia
EI	Xornal El Ideal Gallego
DV	Xornal Diario de Vigo
EP	Xornal El Progreso
DP	Xornal Diario de Pontevedra
NG	Xonral El Noticiero Gallego
CG	Xornal El Correo de Galicia
R	Xornal El Regional
D	Fonte documento oficial ou orixinal
O	Fonte Oral

ANO	DATA	FONTE	FEITOS	LUGAR
1887	*03/05*	*D*	Nacemento de Bernardo Mato Castro	ESTRADA
1889	*06/09*	*D*	Nacemento Eleuterio	
1892	*04/02*	*D*	Nacemento Jose María	
1895	*28/03*	*D*	Nacemento Manuel	
1902	*09/02*	*D*	Nacemento Avelina Sanmartín	
1907	*23/02*	*EST*	Bernardo nas listaxes do sorteo de Quintos	HABANA
1908		*D*	Reemplazo de 1908 no que chamarían a Bernardo	
1913	*08/04*	*D*	Carta de José Brea para Habana nomea xa a Basilio Álvarez como relevante. Xa influencias do mundo agrarista.	
	23/05 *14/06* *11/06*	*D*	Calificacións Instituto Segunda Enseñanza de la Habana: materias Gramática e Literatura Castellanas, Historia Universal e Geografía Universal	
	Oct.	*D*	Carta do seu irmán José María Mato	
1914	*01/05*	*D*	Accións Petrolera Panuco-Mahuaves. México	
1915	*27/06*	*D*	Pago da multa por prófugo de reemplazo de 1908	ESTRADA
		D	1º e 2º Curso de Maxisterio (1915-1916)	
1916	*16/11*	*D*	Nomeado carteiro de Vinseiro. Título	
1918	*30/11*	*D*	Certificación soldo carteiro que lle corresponde dende setembro de 1918	
	16/03	*EE*	Bernardo Mato un dos organizadores da primeira festa escolar celebrada polo Sindicato Agrícola "Unión de Vinseiro y Cereijo"	
		D	Remata Maxisterio.	
1919		*D*	Foto coa familia	
1920		*D*	Fotos Bernardo Pernaviva con Jesús Matalobos, José María e dúas descoñecidas	
1921	*09/03*	*EE*	Artigo desde Cuba.Anticaciquil. Firmado: Albino Matalobos, B.Mato Castro e José Arca	HABANA
	16/05	*EE*	**SINDICATO AGRÍCOLA "UNIÓN DE VINSEIRO Y CEREIJO".** B.Mato firma como Comisión Organizadora de suscripción de residentes en Cuba para casa escuela e local social destas parroquias.	

	30/06	*EE*	Delegados **Sociedad de Instrucción "Hijos de Tabeirós"** para a **Federación de Sociedades Gallegas de Intrucción**: Bernardo e Manuel Puente Villar	
	07/07	*EE*	No Certame escolar do Sindicato Pardemarín. "entrega de estuches de los señores Mato Castro y Arca Castro"	
	31/12	*EE*	"A los hijos de la Estrada".Artigo de Bernardo sobre as sociedades da Habana e as escolas para A Estrada. Recomendacións.	
1922		*EG*	Bernardo na reunión na Habana pola suspensión do Emigrado.Tamén fala Arca e Matalobos.	
		D	Certificación: traballo durante tres anos e está exercendo actualmente. Tenedor libros e corresponsal. Importadores de Tejidos J. Menendez y CIA.	
		D	Fotos de Bernardo na Habana con Jose María, Jesús Matalobos Castro e Albino Matalobos Rodríguez	
	07/01	*EE*	Eleuterio regresa da Habana	
	31/01	*EE*	"A los vecinos de Tabeirós": Carta desde Cuba firmada por moitos, entre eles Bernardo a favor escola de nenas de Tabeirós. Problema cos gobernantes locais.	
	16/02	*EE*	Lista de socios de **"HIJOS DE LA ESTRADA"** en Cuba. Bernardo Mato, José María Mato, Albino Matalobos. Total socios: 345.	
	16/03	*EE e EI*	"**Hijos de Tabeirós"** elixida Junta Directiva, é delegado al Comité Bernardo Mato Castro (tamén noticia en El eco de Galicia)	
	27/03	*D*	Carta recomendación na Habana. The National Bank of New York	
	24/05	*EE*	Bernardo Mato chega a Estrada. Nomes dos que foron a súa comida de benvida.	ESTRADA
	05/05	*E.E. (07-06)*	Junta Reglamentaria do Comité de Sociedades Gallegas de Instrucción. Reimprimir El Voto	
	31/05	*EE*	Bernardo nunha reunión na escola de nenas patrocinada pola Sociedad de "Hijos de Tabeirós" con pais das nenas.	
	13/06	*E.E.(16-06)*	Bernardo nas festas de San Antonio (estrea traxes das nenas da escola de Tabeirós de Cuba) discurso a favor da educación das nenas.	
	24/06	*EE*	Manifesto do **Comité Progresista Anticaciquil do Distrito electoral de La Estrada.** Nomeado Director deste Distrito Carlos Cajide axudado polos Sres. Bernardo Mato, Antonio Fernández e Erudino Bergueiro.	
	07/07	*EE*	Comisión Organizadora General das exposicións escolares financiadas por "Hijos del Ayuntamiento de La Estrada"	
	07/08	*EE*	Publicación artigo Bernardo "El voto".**Comité Federativo de las Sociedades Gallegas de Instrucción constituídas en Cuba.**	
	31/08	*EE*	**Novos directivosda Federación Agraria** entre eles Mato Castro.	
	30/09	*EEe DV (04/10):*	Festas do Certame Escolar de Tabeirós. Discurso Bernardo.	
	24/10	*EE (05/05/1923)*	Bernardo, E. Bergueiro e A. Fernández dimiten do seu cargo no Coomité Progresista Anticaciquil.	
	23/11	*EE (24/11)*	Entrega e remisión dos títulos de Socios de Mérito da Sociedad de Instrucción "Hijos de Tabeirós" no Centro Gallego de La Habana.	
	08/12	*EE(16/12)*	Entrega diploma socio mérito	
	17/12	*EE(31/12)*	Fúndase o **PARTIDO PROGRESISTA ANTICACIQUIL.** Presidente: Bernardo Mato, tamén Erundino Bergueiro e Antonio Fernández.	
1923		*D*	Cargo Tenedor de libros Almacén—NON SABEMOS DATA	
	31/01	*EP*	Bernardo nomeado interino na escola de Pereira en Forcarey. En 4 días a partir do día 1 ten que estar alí.	**FORCAREI**
	07/01	*EE*	.: Sindicato Agrícola "Unión de Vinseiro y Cereijo", Comisión de Vinseiro con Bernardo Mato para facer un regalo aos soldados de Marrocos	
	27/01	*(31/01)*	Conferencia Escolar en Vinseiro	
	21/01	*EE (31/01), EP(23/01), EC (24/01)*	Fiesta del Árbol en Guimarey, Bernardo discurso a favor da natureza. Artigo de MGB)	
	24/02	*EE*	"El bienestar como resultado de una buena educación". Artigo Bernardo ata 16/09.	
	16/04	*EE*	Bernardo Mato con José Brea e Campos de Forcarey con **García Negreira** na súa	

			campaña electoral. Con algo de sorna	
	05/05	*EE*	Bernardo Mato explica o seu apoio a García Negreira e a súa afiliación ao Partido	
	08/07	*EE (16/07)*	Certame dos Pereiriños. Sindicato de Pardemarín. Bernardo discurso.	
	15/07	*EE(16/07)*	Exposición de traballos de Vinseiro. Comesales: Bernardo Mato.	
	04/10	*DP*	Nomeado interino na escola de Pereira en Forcarey Bernardo.	
1924	*04/03*	*DV*	Admitida a renuncia de Bernardo de maestro interino.	
	24/03	*EE*	Anuncio sobre o **Plantel de Enseñanza**. Director Bernardo Mato e Secretario Manuel García Barros. Anuncios en 07/04.	
	16/04	*EE*	Xa avisa de como matricularse no Plantel de Enseñanza. Primera Enseñanza, Grado Medio y Superior, Enseñanza Comercial, Magisterio y Bachillerato.	
	11/05	*NG*	Bernardo Mato nomeado interino para a escola de Somoza (Estrada)	ESTRADA
	31/08	*EE*	Colegio de Enseñanza Superior. Apertura o 1 de Outubro. Director Bernardo Mato	
	30/09	*EE*	Colegio "Cervantes". Calle de Justo Martínez. Tamén en 16/10 con clase nocturnas para obreros.	
1925	*25/03*	*EC e EP(27/03)*	Bernardo no listado de opositores aprobados cunha puntuación de 265. Ao día seguinte sorteo para o exercicio práctico que comezará o 05 de abril.	
1926	*11/07*	*NG*	Bernardo participa haber traspasado a D. José Couceiro Taboado o colexio Cervantes!	
	13/05	*PG*	Bernardo aproba oposición celebradas no Rectorado. Puntuación 305.	
	11/12	*NG*	Listado de opositores aprobados a ingreso en el Magisterio.	
1927	*07/01*	*EE*	Anuncio Bernardo Mato Castro. Maestro Nacional. Perito Contable, Teneduría de libros en general, liquidaciones, balances, etc. Para informes. Ata 07/09	
	10/01	*D, EE(16/01)*	VODA CON AVELINA	
	16/04	*EE*	"Cristo resucitado". Artigo Bernardo. Catolicismo social.	
	18/06	*EP*	Listado de maestros. Bernardo entre eles.	
	25/06	*NG*	Elección del distrito universitario. Petición de Santiago Bernardo	
	11/10	*PG e CG(11/12)*	Bernardo marchó a tomar posesión de su escuela en Becerreá	**BECERREÁ** (LUGO)
	16/10	*EE*	"Impresiones". Artigo Bernardo	
	07/11	*EE*	.:"Orientaciones". Artigo Bernardo.	
	31/12	*EE*	Bernardo pasa o Nadal na Estrada	
1928	*11/01*	*PG*	"El concepto del patriotismo en la escuela moderna" Artigo Bernardo	
	29/01	*PG*	"Realidades de la enseñanza". Artigo Bernardo.	
	16/01	*EE*	Nas Rexoubas García Barros loa a Bernardo polo artigo sobre o patriotismo.	
	02/02	*D*	Nacemento do seu fillo José Bernardo en Vinseiro.	
	18/02	*R*	Bernardo solicita autorización para trasladarse.	
	28/03	*PG*	"Una asamblea de maestros en Santiago". Artigo Bernardo.	
	30/04	*EE*	"Carta abierta sobre La Caridad". Comeza debate con GB.	
	18/04	*PG*	"Aportación de valores a la regeneración de Galicia. Artigo Bernardo	
	16/05	*EE*	"El resugrimiento intelectual". Artigo Bernardo. E contestación de García Barros sobre a caridade.	
	31/07	*EE*	Necrolóxica de Francisca Mancebo. Nai de Bernardo	
	31/07	*R e EE(07/08)*	Bernardo nomeado (provisional) mestre de Teo	TEO
	06/11	*PG*	"El peligro del restroceso" Artigo Bernardo	
1929	*16/03*	*EE*	"La escuela y la aldea". Artigo Bernardo	
	16/05	*EE*	"El magisterio".Artigo B.	
	16/06	*D*	Nacemento do seu fillo David César en Vinseiro	
	03/09	*PG*	Saludan a Bernardo "maestro en Teo"	
	30/09	*EE*	"Ciringallos". Artigo B.	
	30/09	*EE*	Bernardo na Comisión Permanente de Caminos Vecinales do Sindicato Agrícola	

			"Unión de Vinseiro y Cereijo".	
	16/10	*EE*	"Ciringallos". Artigo Bernardo. E Rexoubas de GB en relación.	
	16/11	*EE*	"Retazos". Frases de reflexión e con retranca. E artigo de GB debate caridade.	
	30/11	*EE*	Artigo de J. Rivas sobre a polémica sobre a caridade	
	07/12	*EE*	"Retazos". Frases Bernardo. E en 16/12	
	07/12	*EE*	Bernardo da unha conferencia na inauguración dunha escola, edificio.	
	16/12	*EE*	Crónica da festa de Couso (a anterior) discurso de Bernardo. "Pereza en el orden social".	
1930	*09/01*	*PG*	: "A xuventude de hoxe". Artigo	
	16/01	*EE*	Frases que se repiten durante todo o ano. En Rexoubas, debate caridade, GB. Tamén por J. Rivas e Lamelú.	
	10/02	*EG*	El malestar social" Artigo Bernardo.	
	16/02	*EE*	"¡Despertemos de aquel sueño!". Artigo Bernardo	
	31/05	*EE*	"Disquisiciones". Artigo Bernardo.	
	16/06	*EE*	Felicitación a Bernardo pola visita da Inspección	
	16/07	*EE*	Bernardo parte da Comisión Organizadora na festa escolar da Senra (de Vinseiro y Cereijo).	
	31/08	*EE*	31/08.EE.: Dr Macasa (sindicalista católico) cita a Bernardo nun artigo sobre agrarismo e unión	
	31/08	*EE*	"Un acto de afirmación gallega". Artigo de Bernardo.	
	26/11	*EE(07)e D*	Nacemento da súa filla Otilia Manuela en Teo	
	08/12	*EE(16)*	**Mitin republicano na Estrada. Presentador Bernardo**	
1931	*24/03*	*EE*	"Las nuevas construcciones escolares". Artigo Bernardo.	
	07/05	*EE*	"...Y las mujeres no fueron deshonradas". Artigo Bernardo	
	16/09	*EE*	"Nol-os Mestres". Artigo Bernardo.	
1932	*07/02*	*EE*	Eleuterio Mato volve da Habana.	
	20/04	*PG*	Festas da República en Teo. Discurso Bernardo.	
	30/04	*EE*	"La efectividad de la Constitución". Artigo Bernardo	
	08/05	*PG (18)*	Conferencias Culturales en Cacheiras (Teo). Tema de B.M. "La democracia a través de la historia"	
	15/05	*PG(24)*	2ª conferencia. Tema "La República y el porvenir de la historia"	
	10/07	*PG(16)*	Término das conferencias pedagóxicas con "La Religión a través de los pueblos"	
	11/08	*PG(11)*	Un Manifesto". De Unión Socialista Gallega. Bernardo Mato asinante. Tamén en La Voz de Galicia (04), A Nosa Terra (Agosto)	
1933	*02/01*	*EE(31) e D*	Nacemento da súa filla Petronila Avelina en Teo	
	31/01	*EE*	Manuel Mato suscrición para o **Partido Republicano Gallego** (do Centro Republicano Estradense) e para os gastos pro-Estatuto Gallego.	
	31/03	*EE*	Manuel Mato no Comité Comarcal de propaganda (pro estatuto)	
	24/04	*EE*	"Renovando los votos. La República". Artigo Bernardo.	
	07/05	*PG (18)*	Conferencias pedagóxicas. Tema Bernardo 1ª conf. " La inactividad como vicio de nuestra raza"	
	30/01	*PG*	Saludan na Estrada a Bernardo Mato	
	16/03	*D*	Inspección Extraordinaria a Bernardo na Escola Nacional	
	24/08	*El País*	Bernardo Mato como presidente de **T. de la E. de Vigo (anarquista)**	
	15-16/09	*PG*	Mitin **da Asociación de Trabajadores de la Enseñanza** de Vigo. En varias ciudades da provincia. Bernardo participa como presidente de los T de la E. de Santiago	
	20/10	*D*	Carta do Centro de Residentes de Teo en Bos Aires	
1935	*16/09*	*EE*	Manuel Mato emigra a Nueva York.	
	21/09	*D*	Carta Centro de Residentes de Teo en Bos Aires. Felicitacións. Recibido 16/10	
1936	*18/07*	*O*	Visita de Xoán Xesús, antes de fuxir. Tercio de Calo	
	04/09	*D*	Bernardo Mato Castro morre ás 11 da mañá.	